



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 36

Sesión plenaria
28 de xaneiro de 2025

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Texto lexislativo

1.1. Debate de totalidade do proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital (doc. núm. 15320, 12/PL-000006)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 130f2, do 12.12.2024

Publicación das emendas á totalidade BOPG nº 141, do 17.01.2025

Punto 2. Debate e votación do Ditame da Comisión non permanente de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica, e dos votos particulares (doc. núm. 11141, 12/SCI-000004)

Publicación das normas de funcionamento, BOPG nº 102f3, do 17.10.2024

Publicación do ditame de Comisión, BOPG nº 138, do 14.01.2025

Publicación dos votos particulares ao ditame da Comisión, BOPG nº 138, do 14.01.2025

Punto 3. Comparecencia

3.1 17807 (12/CPP-000029)

Do conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, por petición propia, para explicar as liñas mestras da Consellería na procura de man de obra cualificada para a cobertura de vacantes en sectores estratéxicos en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 143f1, do 23.01.2025

Punto 4. Mocións

4.1 15601 (12/MOC-000040)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago

Sobre as estratexias da Xunta para a fixación da mocidade no medio rural (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 14080, publicada no BOPG núm. 115f2, do 13 de novembro de 2024, e debatida na sesión plenaria do 17 de decembro de 2024.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 135, do 02.01.2025



4.2 15602 (12/MOC-000041)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla**

Sobre o modelo de residencias de atención aos maiores seguido polo Goberno galego (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 3470, publicada no BOPG núm. 24f1, do 15 de maio de 2024, e debatida na sesión plenaria do 17 de decembro de 2024.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 135, do 02.01.2025

4.3 15632 (12/MOC-000042)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Longueira Castro, Silvia**

Sobre o modelo asistencial das residencias de maiores en Galicia (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 5933, publicada no BOPG núm. 43f1, do 26 de xuño de 2024, e debatida na sesión plenaria do 17 de decembro de 2024.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 135, do 02.01.2025

Punto 5. Proposicións non de lei**5.1 12902 (12/PNP-001051)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Abalde Alonso, Julio Ernesto e dous deputados/as máis**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que explique e remita ao Parlamento a proposta de creación da Fundación Pública para o Impulso da Ciencia de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 102f1, do 17.10.2024

5.2 15652 (12/PNP-001324)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Lorenzo Gómez, Rubén e oito deputados/as máis**

Sobre a esixencia dun compromiso á Xunta de Galicia, así como o traslado ao Goberno central, en favor de medidas orientadas á repotenciación dos parques eólicos antigos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 135, do 02.01.2025

5.3 15707 (12/PNP-001328)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis**

Sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de o Parlamento de Galicia apoiar a celebración do Ano Castelao en 2025

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 135, do 02.01.2025

5.4 16278 (12/PNP-001344)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis**

Sobre a demanda ao Goberno galego da garantía dunha xestión pública e directa do Centro de Atención a Persoas con Diversidade Funcional de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 139, do 15.01.2025



5.5 16710 (12/PNP-001375)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Carrera, María Felisa e dezaseis deputados/as máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central respecto da transferencia da AP-9, o novo trazado para a A-52, a seguridade viaria na A-55 e a interlo-cución con todos os concellos afectados

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 139, do 15.01.2025

5.6 17126 (12/PNP-001385)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de garantir unha xestión pública e directa no futuro Centro de Atención a Personais con Discapacidade de Ourense

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 139, do 15.01.2025

Punto 6. Interpelacións**6.1 2130 (12/INT-000147)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis**

Sobre a ampliación dos espazos protexidos dentro da Rede Natura 2000

Publicación da iniciativa, BOPG nº 20f1, do 02.05.2024

6.2 8703 (12/INT-000422)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre a problemática que afecta o sector lácteo e a necesidade de creación dun foro de cola-boración e escoita neste ámbito

Publicación da iniciativa, BOPG nº 69f1, do 22.08.2024

6.3 16261 (12/INT-000681)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Fernández, Secundino e dous deputados/as máis**

Sobre as consecuencias para Galicia do acordo de libre comercio entre Mercosur e a Unión Europea

Publicación da iniciativa, BOPG nº 139, do 15.01.2025

6.4 17098 (12/INT-000698)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis**

Sobre as estratexias que pensa desenvolver o Goberno galego para abordar a situación da atención primaria na sanidade pública galega

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 139, do 15.01.2025



Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

7.1 17834 (12/POPX-000029)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a orientación que lles está a dar o Goberno galego ás súas políticas de loita contra as desigualdades

Publicación da iniciativa, BOPG nº 143f1, do 23.01.2025

7.2 17837 (12/POPX-000030)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a reversión das privatizacións e a reconstrución da Área Sanitaria de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 143f1, do 23.01.2025

Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 15888 (12/POP-002298)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e Ríos Santomé, Paulo

Sobre as previsións que o Goberno galego ten de dotar a comarca do Baixo Miño cun servizo de transporte público de persoas por estrada que cubra as necesidades de mobilidade da cidadanía desta comarca

Publicación da iniciativa, BOPG nº 137f1, do 10.01.2025

8.2 17810 (12/PUP-000070)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre o criterio da Xunta de Galicia respecto da constatación de mortes por fusilamentos e polo trato ás persoas represaliadas producidas na illa de San Simón entre outubro de 1936 e marzo de 1943

Publicación da iniciativa, BOPG nº 143f1, do 23.01.2025

8.3 17830 (12/PUP-000072)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as iniciativas de coñecemento e divulgación que prevé impulsar a Xunta de Galicia logo da declaración da Illa de San Simón como lugar de memoria democrática

Publicación da iniciativa, BOPG nº 143f1, do 23.01.2025

8.4 17080 (12/PUP-000068)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e oito deputados/as máis

Sobre as liñas básicas do Plan integral de actuación para a renovación e impulso dos centros de información ás mulleres, que se porá en marcha neste ano 2025

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140f1, do 16.01.2025



8.5 16708 (12/POP-002566)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis**

Sobre a declaración do proxecto para a instalación dunha planta de biometanización en Coeses, no concello de Lugo, como iniciativa empresarial prioritaria

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 140f1, do 16.01.2025

8.6 16900 (12/PUP-000067)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Martínez, Roberto e oito deputados/as máis**

Sobre os compromisos do Goberno central respecto das bonificacións nas autoestradas estatais de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140f1, do 16.01.2025

8.7 16370 (12/POP-002452)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Espinosa Mangana, María Elena e dous deputados/as máis**

Sobre as accións que pensa impulsar o Goberno galego co obxectivo de rebaixar as listaxes de agarda para consultas no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140f1, do 16.01.2025

8.8 17348 (12/POP-002742)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis**

Sobre os cambios que está a incorporar a Xunta de Galicia co obxectivo de mellorar o programa galego de cribado neonatal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 143f1, do 23.01.2025

8.9 16160 (12/POP-002374)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación da produción marisqueira das rías galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140f1, do 16.01.2025



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

A señora presidenta (Candia López) lembra ás persoas presentes que esta é a primeira sesión do ano e comunica a inasistencia de dona Iria Taibo Corsanego e a súa delegación de voto. (Páx. 11.).

Debate de totalidade do Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital. (Punto primeiro da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica que a este proxecto de lei se presentaron dúas emendas á totalidade de devolución. (Páx. 11.).

Presentación do proxecto de lei: Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso). (Páx. 11.).

Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución: Sra. Longueira Castro (S) (Páx. 14.) e Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 19.).

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes para fixar a súa posición: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 23.) e Sra. Pomar Tojo (P). (Páx. 24.).

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Longueira Castro (S) (Páx. 28.) e Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 30.).

Votación do texto lexislativo

Votación da emenda á totalidade de devolución do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital: rexeitada por 34 votos a favor, 39 votos en contra e 1 abstención. (Páx. 32.).

Votación da emenda á totalidade de devolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital: rexeitada por 34 votos a favor, 39 votos en contra e 1 abstención. (Páx. 32.).

Votación da emenda á totalidade, con texto alternativo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital: rexeitada por 34 votos a favor, 39 en votos contra e 1 abstención. (Páx. 33.).

Debate e votación do Ditame da Comisión non permanente de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica, e dos votos particulares. (Punto segundo da orde do día.)

Presentación do ditame: Sra. presidenta da Comisión de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica (Candia López). (Páx. 33.).



Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se for o caso, defender as emendas mantidas: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 35.), Sra. Espinosa Mangana (S) (Páx. 37.), Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG) (Páx. 40.) e Sr. Rodríguez Martínez (P). (Páx. 45.).

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre as emendas mantidas polos demais grupos: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 49.), Sra. Espinosa Mangana (S) (Páx. 49.), Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG) (Páx. 51.) e Sr. Rodríguez Martínez (P). (Páx. 53.).

Votación do Ditame

Votación do voto particular do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame da Comisión non permanente de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica: *rexeitado por 34 votos a favor, 38 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 56.).

Votación do voto particular do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame da Comisión non permanente de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica: *rexeitado por 34 votos a favor, 38 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 56.).

Votación do voto particular do G. P. Popular de Galicia ao Ditame da Comisión non permanente de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica: *aprobado por 38 votos a favor, 34 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 56.).

A señora presidenta (Candia López) dá paso á votación do Ditame da Comisión non permanente de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica, coa incorporación do voto particular aprobado. (Páx. 57.).

Votación do Ditame da Comisión non permanente de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica coa incorporación do voto particular do G. P. Popular de Galicia: *aprobado por 38 votos a favor, 35 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 57.).

Comparecencia do Sr. conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, por petición propia, para explicar as liñas mestras da Consellería na procura de man de obra cualificada para a cobertura de vacantes en sectores estratéxicos en Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sr. conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (González Vázquez). (Páx. 57.).

Rolda dos grupos parlamentarios: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 64.), Sra. Rodríguez Dacosta (S) (Páx. 65.), Sr. Fernández Alfonso (BNG) (Páx. 68.) e Sra. Pérez López (P). (Páx. 71.).

Réplica do Goberno: Sr. conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (González Vázquez). (Páx. 74.).

A señora presidenta abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 86.) Nesta rolda interveñen (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención) (Páx. 80.), a Sra. Rodríguez Dacosta (S) (Páx. 80.), o Sr. Fernández Alfonso (BNG) (Páx. 82), a Sra. Pérez López (P) (Páx. 84.) e o Sr. conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (González Vázquez). (Pax. 86.).



Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e nove minutos e retómase ás catro e trinta minutos da tarde.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Suárez Fernández, sobre as estratexias da Xunta para a fixación da mocidade no medio rural. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Suárez Fernández (BNG).* (Páx. 89.).

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Ojea Bouzo (M)* (Páx. 91.), *Sra. Longueira Castro (S)* (Páx. 93.) e *Sra. Grueira Fernández (P).* (Páx. 95).

Nova intervención do señor Suárez Fernández (BNG). (Páx. 98.).

Alteración da orde do día

A señora presidenta (Candia López) anuncia a decisión de acumular dúas mocións, que figuran na orde do día como puntos 4.2 e 4.3., para o seu debate conxunto, consonte o disposto nos artigos 151.3 e 162.2 do Regulamento do Parlamento de Galicia. (Páx. 100.).

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández, sobre o modelo de residencias de atención aos maiores seguido polo Goberno galego. (Punto cuarto da orde do día.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro, sobre o modelo asistencial das residencias de maiores en Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención dos grupos autores das mocións: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 100.) e *Sra. Longueira Castro (S).* (Páx. 104.).

Intervención dos grupos parlamentarios: *(O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 107.) e *Sra. Arias Rodríguez (P).* (Páx. 107.).

Nova intervención das señoras Rodil Fernández (BNG) (Páx. 111.) e *Longueira Castro (S).* (Páx. 112.).

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Suárez Fernández, sobre as estratexias da Xunta para a fixación da mocidade no medio rural: *rexeitada por 35 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 113.).

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández, sobre o modelo de residencias de atención aos maiores seguido polo Goberno galego: *rexeitada por 35 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 114.).

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro, sobre o modelo asistencial das residencias de maiores en Galicia: *rexeitada por 35 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 114.).



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Ernesto Abalde Alonso e dous deputados/as máis, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que explique e remita ao Parlamento a proposta de creación da Fundación Pública para o Impulso da Ciencia de Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 114.).

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Abalde Alonso (S). (Páx. 115.).

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. García Comesaña (P). (Páx. 117.).

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 120.) e Sr. Castro García (BNG). (Páx. 121.).

O señor Abalde Alonso (S) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 123.).

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Rubén Lorenzo Gómez e oito deputados/as máis, sobre a existencia dun compromiso á Xunta de Galicia, así como o traslado ao Goberno central, en favor de medidas orientadas á repotenciación dos parques eólicos antigos. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 124.).

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Lorenzo Gómez (P). (Páx. 125.).

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Iglesias Rey (S) (Páx. 127.) e Sr. Golpe Acuña (BNG). (Páx. 130.).

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.). (Páx. 132.).

O señor Lorenzo Gómez (P) intervén para se posicionar respecto das emendas. (Páx. 133.).

Suspéndese a sesión ás sete e doce minutos do serán.



Ábrese a sesión ás dez da mañá.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moi bo día a todas e todos.

Abrimos a sesión. (*Murmurios.*)

Rógolles aos señores e ás señoras deputadas que tomen asento e garden silencio. (*Murmurios.*)

Bo día.

Como saben, a orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 144, fascículo 2, do 24 de xaneiro do ano que hoxe comezamos —esta é a primeira sesión—, polo que non procedo á súa lectura.

Comparto a xustificación de inasistencias ou delegacións de emisión de voto, e, neste caso, a delegación de voto de dona Iria Taibo Corsanego, que xustifica a súa inasistencia e delega a emisión do seu voto para esta sesión plenaria na deputada dona Ana Pontón Mondelo, conforme o disposto no artigo 84.3 e 84.4 do Regulamento da Cámara.

E dito isto, señorías, entramos na orde do día, no punto primeiro.

Debate de totalidade do Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ao proxecto de lei presentáronse dúas emendas á totalidade de devolución polos grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia, documento número 17400, e do Bloque Nacionalista Galego, documento número 17403; e unha emenda á totalidade con proposta de texto alternativo, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, documento 17404.

Para a presentación do proxecto de lei, e por un tempo de quince minutos, ten a palabra o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidenta.

Señorías, como conselleiro da Presidencia, Xustiza e Deportes é unha auténtica honra comparecer nesta Cámara para presentar o Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital. O proxecto de lei chega a esta Cámara logo dun longo proceso iniciado a pasada primavera, cando o texto foi sometido á consulta previa. Falamos —como xa teño dito— dun proceso transparente e participativo que permitiu elaborar un texto que reforza a pluralidade dos medios públicos, como tratarei de expoñer ao longo desta intervención.

Como saben, a Lei de creación da Compañía Radio- Televisión de Galicia data de xullo do ano 1984; unha norma que sucedeu á que está en vigor actualmente, a Lei 9/2011, do 9 de



novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia. O 24 de xullo de 1985 —cando se inaugurou oficialmente a Televisión de Galicia—, tanto un emocionado secretario da Real Academia Galega, Marino Dónega, como outros galeguistas felicitaron un dos impulsores da TVG, Xosé Luis Barreiro —entón, vicepresidente da Xunta, presidida por Gerardo Fernández Albor—. E nesa efusiva felicitación —segundo podemos ver agora nas crónicas—, Dónega díxolle a Barreiro: «Ti acabas de facer máis polo galego que todos nós nos últimos cincuenta anos». E iso é así, a Televisión e a Radio Galega —os medios que integran a Corporación— constitúen importantes ferramentas de difusión e normalización da lingua e da cultura galega. A Televisión e a Radio Galega, antes e agora, contribúen de xeito primordial a potenciar, a complementar, a enriquecer e a divulgar o labor sempre e necesario dos nosos intelectuais e académicos. Hai que recoñecer a evidencia: nos algo máis de corenta anos transcorridos dende a promulgación da primeira lei, os medios públicos de titularidade autonómica contribuíron de maneira absolutamente destacada á normalización da lingua galega, ao reforzamento da nosa identidade como pobo, á promoción da cultura galega e tamén —cómpre recoñecelo— ao desenvolvemento do sector audiovisual de Galicia. Así foi e así seguirá sendo no futuro, a ser posible, aínda con máis forza.

Hoxe os medios que integran a Corporación da Radio e a Televisión de Galicia contan cunha audiencia consolidada superior á media das restantes dos medios públicos de titularidade autonómica, cunhas finanzas saneadas e cunha organización razoablemente eficaz. Pero, como en case todos os ámbitos, nada é inmutable e menos no sector dos medios audiovisuais, inmersos nunha dinámica tan imparabile como acelerada. Hai dúas razóns fundamentais que animan e fan imprescindible modificar a normativa reguladora dos medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade autonómica: a primeira é un novo marco normativo estatal e europeo que xa está en vigor; e a segunda é, por suposto, a profunda transformación dixital na que están inmersos os medios audiovisuais.

Señorías, saben tan ben coma min que a oferta actual da Corporación Radio e Televisión de Galicia nada ten que ver coa Radio Galega e a Televisión Galega de finais do século XX. Hoxe os nosos medios públicos convertéronse nunha plataforma de servizos de comunicación audiovisual, polo que necesitan dun axuste no seu marco normativo. E saben tamén, señorías, que o patrón de consumo mudou radicalmente nos últimos anos, cun protagonismo cada vez maior dos diferentes dispositivos móbiles. É inapelable; situacións novas exixen novos enfoques regulatorios.

Por tanto, este Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital xorde para dar resposta a uns retos e a unhas necesidades existentes. E un deses retos é liderar a transición tecnolóxica, pero manténdose fiel e blindando a súa principal razón de ser: a defensa da identidade de Galicia e a promoción, difusión e impulso da lingua galega, sempre dende a pluralidade que debe caracterizar os medios públicos. Insisto, señorías —e leo textualmente, para disipar calquera xénero de dúbida, o artigo 4 deste proxecto de lei que fai referencia á misión—: «O servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia ten como misión promover, difundir, impulsar a lingua galega e dar a coñecer a identidade cultural e lingüística de Galicia». A defensa e a promoción da nosa lingua e da nosa cultura por parte dos medios públicos autonómicos son e serán innegociables; innegociables porque a nosa lingua é,



probablemente, o noso máis e maior valioso patrimonio inmaterial que cómpre impulsar e protexer a toda costa. Por iso, de acordo con esta lei, os medios públicos autonómicos producirán os seus programas, contidos e servizos en lingua galega, e garantirán a edición e difusión en galego dos seus programas, contidos e servizos de produción allea. E todo isto sen prexuízo da posibilidade de utilizar adicionalmente outras linguas cando así o xustifique a finalidade de dar a coñecer a identidade cultural de Galicia fóra do territorio da comunidade autónoma —subliño: «fóra do territorio de Galicia»— para evitar confusións seguramente interesadas a instancias de parte.

Traemos a esta Cámara, señorías, unha lei que blinda o impulso á produción propia, que garante a participación dos grupos sociais, políticos e sindicais representativos e que articula o protagonismo dos medios públicos na alfabetización mediática, en colaboración co sistema educativo. O obxectivo é axudar a cidadanía e analizar a información de xeito crítico, de maneira que poida recoñecer as noticias falsas e os procesos de desinformación que tan de actualidade están nos nosos días e que resultan perigosos como medio de desestabilización; e tamén a alfabetización mediática para promover o uso responsable da tecnoloxía, cunha referencia expresa ás ferramentas de intelixencia artificial.

Señorías, a Galicia actual conta cun robusto sector audiovisual que aspiramos a consolidar a través desta lei, na medida en que os medios públicos participarán, xunto coas administracións e o sector, nos diferentes programas orientados a impulsar a produción cinematográfica e audiovisual, a ficción e os documentais.

Dicía, señorías, que este é un texto plural, aberto e participativo. Proba diso é que recibiu máis dun cento de alegacións presentadas por organizacións profesionais e tamén por persoas particulares. Un bo número destas alegacións foron incorporadas ao proxecto antes de iniciar a súa tramitación parlamentaria, ao igual que as achegas recibidas en diferentes encontros con entidades profesionais e empresariais do sector. Foron todas contribucións valiosas que agradecemos e procuramos incorporar na medida do posible ao texto que hoxe entra nesta Cámara. Pero é tamén un texto profundamente meditado que, por riba de todo e á diferenza do acontecido en Madrid hai poucas semanas, estimula a busca de consenso por parte das formacións que integramos esta Cámara.

Traemos a esta Cámara, señorías, unha oferta sincera de man tendida para a elección dos órganos de dirección da futura Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, que é, como se denomina a sociedade mercantil pública autonómica que substituirá a actual Corporación Radio e Televisión de Galicia. Ofrecemos, por tanto, consenso para a elección do Consello de Administración, que deberá ser elixido pola maioría cualificada deste Parlamento, cunha maioría de dous terzos nunha primeira votación ou cunha maioría de tres quintos un mes despois, de non prosperar a primeira votación. Consenso que propugnamos para a elección do Consello de Participación Social e Profesional —que é outra das novidades desta lei—; un consello que estará formado por quince integrantes: nove deles serán elixidos polo Parlamento de Galicia por maioría cualificada; nove integrantes en representación dos sectores da cultura, da ciencia e tecnoloxía, da educación, da sanidade e das entidades locais, das organizacións de persoas consumidoras e usuarias, das persoas con discapacidade e das organizacións profesionais do sector audiovisual e da comunicación. E consenso sincero para



elixir a Dirección Xeral, que tamén deberá ser votada pola Cámara galega por maioría de dous terzos nunha primeira votación ou por unha maioría de tres quintos na segunda votación, un mes despois, para que os grupos parlamentarios dispoñan de tempo dabondo para achegar as súas posturas.

Insisto, señorías, a nosa plena disposición para o consenso na elección da futura dirección da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, pero tamén responsabilidade para evitar interinidades indefinidas, mesmo situacións esperpénticas como a vivida na Corporación de Radio e Televisión Española. Por iso, por responsabilidade, a lei contempla unha terceira opción para garantir a renovación dos órganos de goberno da Corporación: de non acadarse a elección da Dirección Xeral cunha maioría de tres quintos na segunda votación, o seguinte pleno da Cámara poderá proceder á elección con maioría absoluta. Un procedemento, por outra parte, que seguen a maior parte das televisións autonómicas e a propia Radio-Televisión Española despois da última reforma legal tramitada polo procedemento de urxencia mediante un real decreto lei tamén para elixir con urxencia a Dirección Xeral, votado o día que comezaba a dina.

Traemos a esta Cámara, en definitiva, unha lei avanzada coa que facer fronte aos retos actuais e de futuro; unha lei que estimula a pluralidade e a participación; unha lei que busca consenso na procura de fortalecer a imaxe do país dentro e fóra das nosas fronteiras; unha lei necesaria e tamén unha lei útil para Galicia e para a nosa lingua, para a nosa cultura e para o noso sector audiovisual. En definitiva, unha lei que expresa as nosas firmes conviccións galeguistas, o galeguismo transversal que procuraba Ramón Piñeiro da man de coetáneos seus como Fernández Albor, García Sabell ou Carlos Casares, por citar tan só algúns da extensa nómina de galegos bos e xenerosos que foron quen de antepoñer o interese xeral fronte aos posicionamentos persoais na nobre tarefa de edificar a Galicia autonómica á que todos nos debemos. Unha lei que ofrece a man tendida na procura do consenso que caracterizou as leis fundacionais da Comunidade Autónoma e que fariamos ben en retomar a través de iniciativas como a que hoxe presentamos.

Moitas grazas a todos. *(Aplausos prolongados.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Rolda de defensa de emendas á totalidade e de posicionamento sobre o proxecto de lei. *(Pausa.)*

Prégolles aos servizos da Cámara que entren porque vai intervir a señora Longueira, ¿non? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Ben, pois un minutíño. *(Pausa.)*

Dámoslle a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, á señora Silvia Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidenta.

Bos días a todas e a todos; e, sobre todo, aos que nos acompañades hoxe, tanto aí fóra como aquí arriba, neste salón de plenos: aos compañeiros do Colexio de Xornalistas, *(Aplausos.)*



aos compañeiros da Mesa do Audiovisual e a todos os do Comité Intercentros, xa que hoxe estamos aquí nun espazo e nunha situación que, non por coñecida, deixa de ser noticia.

E a noticia é que pouco imos ver na Televisión de Galicia o debate que hoxe traemos aquí, pouco imos escoitar os motivos e os argumentos polos que o Partido Socialista rexeita este proxecto de lei, que pon de manifesto a falta de democracia do Goberno absolutista e imperante do Partido Popular, que nos nega a todas as galegas o dereito a recibir unha información veraz e de calidade, e o orgullo e a honra de ver unha produción propia na man dos profesionais da televisión e da radio públicas, da radio e televisión públicas galegas.

Os compañeiros dos medios de comunicación que seguen este debate saben perfectamente que as intervencións que hoxe fará o Partido Popular sobre este proxecto de lei son unha mera posta en escena, porque durante estes últimos quince anos, lonxe de evolucionar e facer da CRTVG a bandeira da divulgación por excelencia de Galicia, optaron por construír unha caverna na que o único que prima é o control da información e a súa manipulación, (*Aplausos.*) que leva estes mesmos quince anos estrangulando unha televisión e unha radio pública sen ningún tipo de pudor, que anulou a carreira e a traxectoria profesional daqueles xornalistas e técnicos que alzaron a voz fronte ás presións e ás situacións de acoso laboral, que ten nove directivos da Compañía pendentes dunha sentenza por *mobbing* e que non respecta as *ratio* de produción propia, ofrecendo unha programación que perdeu máis do trinta por cento de audiencia no último ano; unha externalización de programas e produtoras privadas e un movemento brillante este, o de poñer en mans privadas para garantir que os cartos públicos flúan cara ás mans amigas, mentres os traballadores da CRTVG ven perigar os seus postos. Non é de estrañar que estean en folga indefinida por primeira vez na súa historia. (*Aplausos.*)

É unha CRTVG que non cumpre tan sequera coas leis aprobadas nesta Cámara, como é a Lei Paz Andrade, por moito que digan e por moito que fixeramos unha televisión que está aí para facer máis grande o galego; que non foron capaces tan sequera de igualar o último orzamento progresista do ente, quince anos despois de seguir gobernando; que, lonxe de ser un motor da industria audiovisual galega, nin sequera é capaz de reter e dar espazo aos profesionais galegos que encontraron fóra o que lles foi negado desde Galicia; e que é a única empresa deste país onde os seus traballadores levan máis de seis anos facendo concentracións de paro todos os venres de mes. Vaia desde aquí o noso folgo para aqueles traballadores que todos os venres defenden A Galega e para ese comité de empresa que hoxe está, como dicía, ás portas deste Parlamento, (*Aplausos.*) para que saibamos que esta lei non é de orde e progreso, senón un delirio de poder e control.

Como dicía, tras aquela televisión e radio galegas que nacían coa vontade de descubriros a todas as galegas e galegos e de recoñecernos a nós mesmos, que tivo anos de gloria e creatividade a mediados dos anos oitenta e que se converteu nunha plataforma para que o cinema e a creación audiovisual fosen apreciadas máis alá de Galicia, o PP, a partir do ano 2010, decidiu transformar a compañía nunha sucursal mediática do partido do Goberno. Porque, claro está, ¿quen precisa unha televisión plural e independente cando podemos ter unha que repita ao unísono o argumentario oficial?



E para aqueles que non tiveron —por xoves ou por descoñecemento— a oportunidade, permítome recordar aquí programas como *Sós*, *A ver que vai ser esto* ou *Portoverán*, da autoría dun descarnado, irónico e antivulgar Chichi Campos, que ofrecía a imaxe dunha televisión que innovaba e creaba sen copias, mesmo cando aínda non sabiamos moi ben como afrontar unha modernidade catódica. Foron anos de imaxinación, de intelixencia, con pouco diñeiro e técnica, pero que ofrecían innovación e unha visión sen complexos de nós mesmos.

E, como dato, quero dicirlles ás señorías do PP que aínda que distante en ideoloxía e plan-texamento vital, aquel creador que foi Campos foi respectado polo seu enxeño e intelixencia por unha das persoas ás que tanto lles deben vostedes estar hoxe aquí: o señor Fraga. ¡Que alto debe estar o nivel de cortisol da indignación cando por terceira vez nesta lexislatura teño que mencionar e citar aquí o señor Fraga. E non é sen motivo. Un exemplo do que acabo de expoñer é o acontecido en Galicia nesta fin de semana. O sábado, 25, tivo lugar en Pontevedra a entrega dos Premios Feroz do Audiovisual; premios concedidos pola AICE, Asociación de Informadores Cinematográficos de España, e, tal como manifesta a súa presidenta, María Guerra, ninguén controla os guións dos participantes.

Con motivo desta celebración, transmitida pola canle 2 da Televisión Española, Galicia estivo en todos os diarios nacionais, radios e televisións públicas ou privadas durante a fin de semana, excepto na Radio e Televisión de Galicia. É inexplicable como tendo Galicia facultades de comunicación audiovisual, unha das mellores escolas de imaxe e son do país, unha estela de actores, directores, guionistas e técnicos vencellados á creación audiovisual, un clúster do audiovisual, unha mesa do audiovisual, que engloba desde actores a produtores, documentalistas e plataformas do cinema alternativo, a CRTVG decidiu que estes premios, que contaron coa presenza de profesionais de excelencia da industria internacional, non era noticia nin tan sequera para comentar a participación dos profesionais galegos nela. Díganme en que país occidental de cultura democrática alguén pode desprezar tanto os seus iguais para tomar a decisión de ningunear unha información que favorece o crecemento dun sector importante da súa cultura e da súa economía.

Desde o respecto, pero tamén desde a carraxe que isto produce, cabalgan vostedes por esa fina liña que transita entre a crueldade e a manipulación. (*Aplausos.*) E, por suposto, traballan vostedes a favor de obra, para construír en todos nós unha imaxe cada vez máis afastada dunha sociedade do seu tempo e practican un desprezo absoluto pola deontoloxía profesional.

Hoxe acompañánnos, como dicía antes, non só os traballadores da CRTVG e profesionais do audiovisual, senón tamén os membros electos do Colexio de Xornalistas de Galicia; profesionais que entenderon e defenderon o orgullo e o privilexio de informar, de coidar e de gardar silencio sobre as súas fontes e de ter a liberdade de conciencia de ofrecer unha información veraz, contrastada e de interese para a comunidade. É a grandeza desta profesión, que ten como órganos de amparo o Estatuto Profesional e o Consello Informativo, estamentos eliminados dun plumazo neste proxecto de lei.

E quero chamar a atención aquí, sobre todo, do Estatuto Profesional; unha cuestión que se fundamenta na xurisprudencia constitucional, que outorga ao exercicio do seu dereito a dar información o feito de estar amparados para poder exercela libremente, en virtude da fun-



ción que cumpre en aras do deber da información constitucionalmente garantido, sendo o requisito de veracidade das informacións un deber de dilixencia profesional.

A finalidade é servir ao dereito da cidadanía a ser informada, garantindo a independencia dos informadores. Este Estatuto pretende desenvolver os dereitos da liberdade de expresión e información nun conxunto de facultades que permitan aos informadores reforzar a súa profesionalidade e, conseguintemente, a independencia fronte aos poderes políticos e económicos.

E nesta liña sitúase a Lei orgánica 2/1997, reguladora da cláusula de conciencia, que na exposición de motivos considera implicitamente esta institución ao servizo da independencia profesional ao declarar que a información non pode ser obxecto de consideracións mercantílicas, nin o profesional da información pode ser concibido como unha especie de mercenario aberto a todo tipo de información e noticias que son difundidas á marxe do mandato constitucional de veracidade e pluralismo.

Como seguramente lles pareceu pouco eliminar este amparo á deontoloxía profesional, decidiron tamén eliminar o Consello Informativo e substituílo por un Consello Asesor; do que poden formar parte todos os cargos políticos que lles veña ben —incluídos os alcaldes—, eliminando calquera atisbo de profesional independente ou representante da comunidade de profesionais do sector. Quere isto dicir que o PP abre unha porta aínda máis ampla e sen ningún tipo de veto a continuar sen incrementar a produción propia, a seguir externalizando a súa programación a cotas inimaxinables e a afastar os profesionais da compañía da produción de contidos da programación. Isto supón a non creación de novos postos de traballo desde o sector público e a promoción do negocio para empresas externas.

Deixamos para o final a cúspide da pirámide. A través da disposición adicional primeira deste proxecto de lei, a Dirección Xeral da Compañía poderá ser elixida por maioría absoluta da Cámara. Quere isto dicir que, en caso de que as forzas políticas non cheguemos a un acordo, será o PP quen decida por maioría absoluta quen será o responsable da dirección do ente e, polo tanto, exercerá o control absoluto —que, por certo, xa o vén exercendo—, toda vez que a actual Xerencia da CRTVG leva máis de cinco anos no cargo, despois de que o seu mandato expirase e a prórroga correspondente finalizase no ano 2019; unha marabillosa estratexia para asegurar que a liña editorial sexa tan diversa como un monólogo. Por certo, a nova lei deixa a porta aberta a esa indefinición de permanencia na Dirección Xeral, xa que especifica que será elixida por cinco anos con carácter renovable. Preguntámonos nós se é con carácter renovable indefinido.

Estas eivas de falta de capilaridade democrática, a imposición do rodillo da maioría absoluta, a falta de respecto á profesión dos xornalistas e o desprestixio de cara á produción propia do ente son motivos máis que suficientes para que a oposición desta Cámara desestime na súa totalidade o texto deste proxecto de lei e para que aspiremos, sen moitos boletos para que sexamos escoitados, a que esta involución sexa un golpe á sociedade galega, entre outras cousas porque o PP se xoga seguir controlando os medios de comunicación.

E é aquí cando se manifesta a diferenza da tramitación desta lei coa que hai apenas tres meses aprobabamos con respecto á Lei de cultura inclusiva e accesible nesta mesma Cámara.



Naquela ocasión fomos convocados os grupos da oposición con premura, con certa insistencia e con reunións consensuadas, evidentemente, para propoñer, analizar etcétera, unha lei que, se ben tiña un contido que basculaba entre paxaros e flores e poucas aportacións foron tidas en conta, (*Murmurios.*) o PP amosou un interese participativo das diferentes forzas políticas. Naquel momento houbo esa posta en escena dese exercicio democrático, e fomos convocados polos deputados do PP para aportar e analizar. Houbo cousas que foron escoitadas e outras que non foron escoitadas. A oposición disentimos porque, evidentemente, é unha lei que non aporta gran cousa á cultura accesible e que está, en calquera caso, envellecida, pero houbo ese trámite e houbo ese consenso de sentar os deputados da oposición para escoitar as súas emendas.

Pois ben, co futuro da CRTVG a realidade é ben distinta. É unha lei que esconde a transparencia e a baremación dos contratos que efectúa, e o cumprimento da obrigatoriedade de que os contidos sexan maioritariamente en galego, porque, ao parecer, promover a nosa lingua e cultura é un obstáculo para a globalización. Total, ¿para que queremos unha televisión autonómica que reflecta a nosa identidade se podemos ter unha máis que contribúa á homoxeneización cultural? É unha lei que non valora nin planifica o futuro do importantísimo arquivo audiovisual que atesoura a CRTVG, non só con respecto ao seu pasado, senón de cara ao futuro, toda vez que os centros territoriais están en constante reestruturación, sen dar o servizo e a garantía que se lles supón; unha lei que afasta a sociedade futura da imaxe que quere proxectar de si mesma; e unha lei que non cumpre coas directrices do Regulamento Europeo de Liberdade dos Medios, normativa europea que é validada para todo o continente e que, polo tanto, equipara o tecido da transmisión informativa en medios públicos.

En definitiva, este proxecto de lei é un exemplo maxistral de como disfrazar o control político e a destrución da identidade cultural baixo o manto da modernización; unha xogada turbia de camarillas do poder que, sen dúbida, pasará aos anais da historia como un modelo a seguir para aqueles que desexen manipular os medios públicos ao seu antollo, para desprezar aos seus iguais e ser parte dunha involución democrática nunha institución que é crucial para o desenvolvemento normalizado da nosa sociedade.

Desde o Partido Socialista temos con este proxecto de lei a mesma sensación que os emigrantes que fuxían da opresión e da miseria: anhelaban Galicia e detestaban quen a gobernaba. Seguramente, como comentaba ao principio da miña intervención, isto é unha posta en escena que non nos vai traer máis finalidade que o rodillo dunha maioría absoluta que vai imperar sobre todas as alegacións, sobre todas as propostas que fixeron e que se fan chegar desde as distintas forzas políticas, sindicatos, institucións, colexios profesionais, mesas do audiovisual..., desde toda a sociedade galega, que puido achegar esas diferentes aportacións. Sen dúbida, aquelas que afectan directamente a liberdade de expresión e sobre todo a garantir que a CRTVG siga dando unha información ou poida volver dar unha información veraz, libre e de calidade non van ser posibles.

Moita plataforma, moita liña internet, moita modernidade, moita ODT, pero, ao final, vostedes seguirán controlando a información que produce este país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Longueira.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e todos.

Benvidas as persoas que nos acompañan neste hemiciclo e benvida algunha exdeputada e compañeira da anterior lexislatura. Alégrome moito de verte aquí.

Señor Calvo, entrañable a súa intervención. Houbo un momento en que case a creo, pero creo que non cre vostede nin sequera o que veu contar aquí hoxe nesta tribuna, porque esa lei, esta lei, este proxecto de lei que hoxe inicia a súa tramitación formalmente nesta Cámara, nin é transparente, nin plural, nin participativo, e a mellor mostra, o mellor exemplo disto que estou dicindo é o rexeitamento practicamente unánime que concitou este texto desde o minuto un en que coñecemos o anteproxecto; concitou o rexeitamento unánime —logo explicareino máis en detalle— de organizacións profesionais e entidades sociais de todo tipo, algunhas delas mesmo que representan intereses contrapostos e que hoxe están, efectivamente, manifestándose na porta deste Parlamento, a comezar polo Colexio de Xornalistas de Galiza, que están presentes nesta tribuna. Un rexeitamento que, ademais, compartimos desde o Bloque Nacionalista Galego desde o primeiro momento en que coñecemos o texto articulado do anteproxecto de lei, e logo —porque practicamente é idéntico— este proxecto de lei que hoxe se tramita; un rexeitamento que, desde o BNG, facemos por tres razóns fundamentais. A primeira, porque incrementa o control político e partidista dos medios de comunicación públicos deste país, permitindo que vostedes, que o Partido Popular, nomeen única e exclusivamente cos seus votos a Dirección Xeral da CRTVG. E xa non lles digo desde que entrou en vigor a Lei de 2011, que tiñan vostedes a obriga de renovar esa Dirección Xeral con arranxo a esas maiorías reforzadas e cualificadas; xa non lles digo desde 2011, senón as veces que trouxo o Bloque Nacionalista Galego a esta Cámara o inicio das negociacións por parte de todos os grupos que formamos, ao longo destes anos, parte dela para iniciar a renovación con arranxo ao que di a lei, desde o ano 2011, da Dirección Xeral e que vostedes votaron alegremente e entusiasticamente en contra. (*Aplausos.*)

A vostedes non lles interesa nin a negociación política, nin o consenso, nin o acordo, para nomear a Dirección Xeral, o único que pretenden é poñer a dedo unha persoa afín que siga facendo o que leva facendo tan ben o señor Sánchez Izquierdo á fronte da CRTVG desde o ano 2009, e para iso trouxeron esta lei, porque única e exclusivamente a finalidade, o obxectivo que persegue o Goberno do Partido Popular con este proxecto de lei é poder poñer a dedo, á fronte da Corporación da Radio e Televisión públicas de Galiza, unha persoa que siga facendo absolutamente de correa de transmisión dos intereses do Partido Popular nos medios públicos, algo que erosiona gravisamente a CRTVG, pero tamén, e sobre todo, erosiona gravisamente a calidade democrática do noso país.



A segunda razón pola que rexeitamos desde o BNG este texto é porque, efectivamente, por primeira vez na historia da CRTVG, o Partido Popular quere abrir a porta ao uso de linguas distintas ao galego nas producións e comunicacións da Corporación. A min alucíneme que se intente xustificar aquí dicindo que a maneira de dar a coñecer a identidade e a cultura, o que acontece neste país e o que fan as galegas e os galegos é pasarnos ao uso do castelán ou do inglés, como se non estivésemos vendo recoñecemento e premios internacionais a producións literarias, audiovisuais e musicais feitas con todo o orgullo na lingua propia de Galiza. (*Aplausos.*) Eu xa..., o grao de complexo que teñen é terrible.

Esta mudanza, insisto, sería inadmisíbel —porque atenta directamente contra os principios fundacionais da CRTVG desde o ano 1984— en calquera circunstancia. Pero, no contexto actual, onde os datos oficiais do Instituto Galego de Estatística nos din que estamos en mínimos históricos no uso social da lingua galega e que hai un terzo —jun terzo!— de persoas menores de quince anos que non falan o idioma propio deste país porque directamente non saben, vostedes o que queren é abrir a porta ao uso de linguas diferentes, que lles debe parecer que teñen poucos espazos de uso e de difusión nos medios de comunicación en Galiza e fóra dela. De verdade, é que é de vergoña, por non dicir outra cousa. (*Aplausos.*)

E a terceira razón é porque este proxecto de lei fulmina os dereitos profesionais e de participación das traballadoras e dos traballadores da CRTVG, logo de que lles fosen negados de maneira obscena e deliberada durante máis dunha década. A nova lei suprime o Estatuto Profesional e o Consello de Informativos, que estaban previstos na Lei de 2011; Estatuto e Consello que nunca crearon en catorce anos, porque non quixeron. O Partido Popular utilizou, ademais, a maioría absoluta da que goza no Consello de Administración da CRTVG para boicotear e para vetar que ese Estatuto Profesional e o Consello de Informativos fosen creados. Ten vostede unha oportunidade brillante, unha oportunidade excelente, de explicarlles ás traballadoras e aos traballadores da CRTVG e ao Colexio de Xornalistas de Galicia por que o Partido Popular vetou e boicoteou durante catorce anos que se crease o Estatuto Profesional e o Consello de Informativos.

E agora veñen co conto dun Consello Asesor, que está na Lei de 2011 desde que se aprobou e entrou en vigor ese ano —artigo 27—. Non o crearon porque non lles deu a gana, porque o Partido Popular non ten intención ningunha, nin vontade ningunha, de que os profesionais da CRTVG teñan espazos de participación interna nin de que o conxunto da sociedade, desde o sector audiovisual, as organizacións, nin a sanidade, nin as sindicais, nin nada teñan espazos de participación na CRTVG. Vostedes ao que viñeron aquí foi a tomar por asalto os medios públicos neste país, a facerse co control absoluto —se lles quedaba algo— da CRTVG e a seguir utilizándoa cun obxectivo absolutamente partidario e electoralista, poñéndose en contra dos principios que deben rexer sempre, nunha corporación de medios de comunicación públicos digna de tal nome, que deben poder ser reflexo da pluralidade, da diversidade e da veracidade do que acontece en Galiza.

E o PP decidiu fulminar directamente eses mecanismos que podían permitir que se garantise unha liña editorial independente co obxectivo único —insisto— de seguir degradando os medios públicos, de seguir atacando os principios de veracidade e obxectividade para que cada vez máis a CRTVG sexa «TelePP» e menos galega. E non é unha opinión miña, nin do



Bloque Nacionalista Galego, nin dos traballadores, nin dos sindicatos exaltados que están fóra. Miren, segundo os datos oficiais da CRTVG, o 85 por cento das galegas e dos galegos din que a TVG é necesaria para estar informados do que acontece en Galiza. Iso é algo moi valioso, moi valioso. Case o 80 por cento valoran, ademais, a función social que cumpren os medios de comunicación públicos deste país. Esa confianza nun terreo como o que nos movemos de desinformación e de ataque á profesión do xornalismo é un ben público que hai que salvagardar e protexer. Pero ¿que din as galegas e os galegos cando lles pregunta a CRTVG se ten a Televisión de Galiza unha programación informativa, plural, que conte coas opinións de todas as ideoloxías políticas? O 51,4 por cento di que non. Máis da metade da poboación cre que falta pluralismo na televisión pública de Galiza. E insisto en que non é unha opinión desta deputada, nin do Bloque Nacionalista Galego, nin de catro traballadores exaltados, nin dos sindicatos; é o estudo de servizo público, (*A señora Rodil Fernández mostra un documento.*) o estudo de relevancia encomendado, encargado e pagado a barlovento [*Inintelixible por problemas de son.*] pola propia CRTVG; datos, por certo, que se coidaron moi moito de ocultar a este Parlamento ata que non os pediu o Bloque Nacionalista Galego, para intentar tapar, para intentar ocultar, como fan tantas veces, o que é un sentir social, un clamor aí fóra, e é que a televisión pública de Galiza, que a televisión que pagamos todas as galegas e todos os galegos cos nosos cartos, que nos pertence ao conxunto do pobo deste país, non é reflexo nin sequera do pluralismo e da diversidade que impera na sociedade galega.

Por iso, cando soubemos desde o Bloque Nacionalista Galego o que pretendían facer coa nova lei, esa mesma maioría social que vostedes ocultan deliberadamente, que silencian deliberadamente, dos medios públicos, dixo que non estaba disposta a permitir o asalto que vostedes, o Partido Popular, queren levar a cabo con ela. E, insisto, quero lembrar que hai organizacións, entidades profesionais, sociais, sindicais, diversas, amplísimas —desde o Colexio Profesional de Xornalistas de Galiza, a Asociación de Actrices e Actores, a Academia Galega do Audiovisual, o Clúster do Audiovisual, as organizacións sindicais e o propio comité da CRTVG—, que rexeitaron o texto polo que supón de retroceso democrático.

Por iso, coa responsabilidade de ser a alternativa de goberno neste país, coa responsabilidade que nos deron case medio millón de persoas que situaron o BNG como segunda forza política con 25 escanos nesta Cámara, decidimos non só presentar unha emenda de devolución á totalidade a este texto lexislativo, senón un texto alternativo cunha proposición de lei reguladora do servizo audiovisual público, coa que ofrecemos á sociedade galega alternativa a este atopelo democrático; unha alternativa ao asalto que o Partido Popular quere facer con esta lei da CRTVG. Con dous obxectivos —o texto articulado que acompaña está rexistrado nesta Cámara—: en primeiro lugar, devolverlle á sociedade galega os seus medios públicos, porque son das galegas e dos galegos, non son do Partido Popular. Por iso defendemos regulala como o que é, un ben público deste país, porque a CRTVG, Corporación da Radio e Televisión de Galiza, constitúe unha parte esencial do patrimonio do pobo galego e, como tal, é necesaria a súa defensa, a súa promoción; si, adaptándoa aos tempos, tamén lles digo. Hai unha plataforma que leva funcionando un ano sen ningún tipo de problema legal. Non fai falta traer unha lei aquí para crear unha plataforma de contidos baixo demanda, de verdade, que parece que están insultando a intelixencia colectiva deste país. Vostedes perseguen outro obxectivo político, que é facerse co control absoluto da CRTVG. (*Aplausos.*) Non veñan aquí dicirnos que fai falta facer modificación legal ningunha para poñer a andar unha plataforma



baixo demanda porque leva funcionando un ano, de verdade, sen ningún problema legal, asegúrollelo, como outras corporacións, que tampouco precisaron modificar a súa lexislación, e menos nestes termos, para poder sacar adiante avances tecnolóxicos.

É necesario, polo tanto, adaptala, si, pero sen desposuír a CRTVG da súa identidade orixinal, e empezar polo nome, que cremos que é un patrimonio do pobo galego que debe manterse; blindar os seus principios fundacionais e, sobre todo, impedir calquera ferramenta, intento ou mecanismo de control governamental ou partidista sobre ela. Por iso, desde o BNG o que propomos é introducir como mecanismo de elección dos órganos de goberno e de administración da CRTVG o concurso público; un procedemento aberto, transparente, que basee a elección dos membros do Consello de Administración e da Dirección Xeral en criterios obxectivos e profesionais por parte dun comité de persoas expertas que deberán avaliar as candidaturas máis idóneas para levar a cabo esa responsabilidade, con base na presentación de proxectos, non de afinidades políticas nin moito menos de acordos de mesa camilla, como levan practicándose neste país tantos anos.

En segundo lugar, creamos como órgano interno da CRTVG, como parte da súa estrutura, non algo que, «*bueno, si me da la gana, se lo doy después*», non, como parte da estrutura da CRTVG, o Consello de Informativos, como órgano de participación da propia profesión dos xornalistas da Corporación; un órgano que ten a obriga de constituírse seis meses despois da entrada en vigor do texto que propón o BNG e que ten, ademais, a encomenda de velar pola veracidade, a independencia e a imparcialidade no traballo xornalístico; de permitir a participación das e dos profesionais na elección das persoas que teñen que asumir a responsabilidade de dirección no ámbito dos servizos informativos da casa.

Hai que acabar coa manipulación informativa que o PP está impondo con man de ferro na radio e na televisión públicas de Galiza; ademais, xa a calzón quitado, xa sen vergonza nin pudor ningún. Eu estou segura de que aquí as súas señorías e as persoas que nos acompañan puideron ver o que lle aconteceu ao Bloque Nacionalista Galego hai escasamente unhas semanas: que tres días despois de que fose o 75 cabodano de Castelao en Bonaval, tres días máis tarde, e despois de cubrir a información, a Televisión de Galiza dixo que alí non había ninguén do Bloque, cando tomara a palabra a alcaldesa de Santiago, membro da Executiva Nacional do BNG, que é militante do Bloque Nacionalista Galego, e xa non vou dicir que na segunda fila estaba tamén a viceportavoz deste grupo parlamentario. Menten descaradamente porque xa non teñen nin a máis mínima vergonza nin o máis mínimo pudor, pero quen paga as consecuencias de arrastrar polo chan os medios públicos deste país, de degradalos, como está facendo o Partido Popular, son as galegas e os galegos. *(Aplausos.)*

Por certo, cuestión —a da manipulación a respecto do 75 aniversario do falecemento de Castelao— na que o BNG exixiu formalmente que, con arranxo á Lei de 1984 do dereito de rectificación, se rectificase. Non se fixo, e por iso o pasado martes impuxemos unha demanda xudicial para reclamar que se rectifique esa groseira manipulación con arranxo ao que estipula a lexislación vixente. Porque todo ten un límite, e hai que dicirlles que ata aquí chegaron e que non imos permitir nin o BNG nin o conxunto da sociedade galega que sigan arrastrando polo chan un patrimonio público, un servizo esencial, un dereito fundamental, como é a Corporación da Radio e a Televisión públicas de Galiza. ¡Xa está ben de arrastrar polo chan



desta maneira un dereito de todas e todos única e exclusivamente para poñelo ao servizo dos intereses políticos partidistas e propagandistas do Partido Popular! É antidemocrático, é intolerable, e nós non imos permitir que o sigan facendo.

Por último —e con isto remato—, a lei que propoñemos desde o BNG crea tamén ferramentas de transparencia para garantir un investimento que sirva de motor e de impulso ao sector audiovisual galego. A CRTVG ten unha responsabilidade co sector empresarial deste país, que representa todo ese tecido económico tan vizoso, tan galardoado tamén internacionalmente, como é ese sector audiovisual de Galiza. Pero lonxe de seguir afondando nas ferramentas que ten posto o Partido Popular, que dan cada vez máis escuridade, máis discrecionalidade á repartición dos fondos públicos dos que dispón para producións e coproducións a CRTVG, o que queremos desde o BNG é dar transparencia e obxectividade á selección de proxectos; un investimento do 6 por cento do orzamento, non dos ingresos publicitarios —*que es la trampa*—, senón do orzamento que ten a CRTVG, e sobre todo que haxa oportunidade de que o conxunto das produtoras e das empresas do audiovisual deste país, especialmente a produción independente, poida beneficiarse dese impulso económico que supón...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...—si, remato— a inxección de diñeiro á produción e coprodución da CRTVG, non que un puñado de produtoras amigas, ou persoas a título particular, se estean lucrando, única e exclusivamente por ser amigas do Partido Popular, dunha cantidade cada vez máis grande de diñeiro público.

Remato. En definitiva, presentamos esta lei para defender o servizo público da CRTVG e o dereito de todas as galegas e galegos temos a sentirnos parte dela, porque é do pobo galego e non do Partido Popular, co obxectivo de que cumpra —a CRTVG— a misión para a que foi creada, que é actuar en favor do interese público, servindo a todas as audiencias a través dunha produción de alta calidade, destinada a formar, a informar e a entreter a xente deste país.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Comezamos coa rolda a favor ou en contra das emendas para os portavoces dos grupos parlamentarios que non emendaron, para que poidan fixar a súa posición.

En primeiro lugar, ten a palabra o voceiro do Grupo Mixto, o señor Ojea. (*O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.*)

O señor Ojea renuncia ao seu turno de intervención.

Pasamos, entón, á voceira do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Ten a palabra a señora Carmen Pomar.



A señora POMAR TOJO: Moitas grazas, presidenta.

Moi bo día conselleiro, moi bo día, señorías. Un saúdo tamén aos convidados e convidadas da tribuna.

A CRTVG cumpre corenta anos neste ano 2025. Todas e todos temos que felicitarnos porque chega a este aniversario saneada financeiramente, con estabilidade laboral, na vanguardia tecnolóxica, co liderado de audiencias e cumprindo con eficacia e eficiencia a súa misión de servizo público. A TVG foi líder onte no total por día, co 13.2 de cota de pantalla, líder en informativos; tamén foi líder a TVG o sábado no total por día e tamén en *prime time*. Polo tanto, é un servizo de utilidade para a sociedade galega, que a valora de xeito moi positivo, segundo todas as enquisas que fan periodicamente as empresas de medición de audiencias.

Decía o conselleiro na súa intervención que moito mudou dende aquelas primeiras emisións no 1985. As transformacións foron profundas en todos os ámbitos, como as linguaxes, os contidos, pero sobre todo nas tecnoloxías e nos xeitos de consumo. Segundo un informe sobre a industria televisiva audiovisual do 2023 que coñecemos hai poucos días, o ano 2023 foi o do menor consumo de televisión desde que empezaron as medicións no ano 1992, porén, o número de espectadores na modalidade de visionado híbrido —é dicir, de consumo de vídeo a través de internet—, logrou o seu máximo histórico no 2023, ata superar os 43,7 millóns de espectadores.

Neste escenario é imprescindible aprobar unha nova lei galega que regule os medios de comunicación de titularidade pública para adaptala á lexislación española e europea, pero sobre todo para dotar estes medios dun marco normativo co que poidan dar resposta aos retos de futuro nun mercado tan competitivo como é o do audiovisual. Xa non estamos a falar só de televisión e de radios tradicionais —dicíao tamén o conselleiro—, como nese ano 1985, senón de servizos multimedia nos que o espectador é o seu propio programador. El ou ela, el mesmo ou ela mesma deciden en que momento e a través de que medio consomen produtos audiovisuais. Só dotando os medios públicos galegos do marco e das ferramentas necesarias, coa transformación e a innovación como piares, poderase garantir o seu futuro ao asegurar a súa viabilidade, para que poida seguir cumprindo polo menos outros corenta anos máis ao servizo da cidadanía galega.

Por iso, prodúcenos moito pesar que, ante un desafío que exige o compromiso de todas e de todos, o posicionamento dos grupos da oposición siga a ser o de sempre, porque, unha vez máis, como levan facendo dende hai moito tempo, queren utilizar a CRTVG como arma arrojadiza política para intentar danar o Partido Popular de Galicia, movidos só por intereses partidistas. E por iso din non a todo. Vostedes non veñen debater este proxecto de lei, veñen rebentalo. Pero, miren, as e os prexudicados por esta estratexia pechada e radical son os mesmos traballadores e traballadoras dos medios públicos, a organización no seu conxunto e tamén a cidadanía galega, que asiste a unha campaña de descrédito, de presións, de sinalamento de xornalistas por parte do BNG e do PSdeG, mesmo poñendo en marcha campañas de propaganda contra un medio de comunicación ao máis puro estilo trumpista.



¿De verdade son vostedes os que defenden A Galega? Calquera observador obxectivo independente concluiría que non, que o único que fan é danar a imaxe da CRTVG e someter a unha gran tensión a todas e todos os traballadores, cuestionando de xeito continuo todo, absolutamente todo, ata mesmo a súa profesionalidade. Señorías, non falten á verdade. Vostedes non queren unha CRTVG independente, non lle vendan esa moto a ninguén, sabémolo con coñecemento de causa. Vostedes aspiran a unha CRTVG ao servizo seu, como fixeron cando tiveron responsabilidades de goberno no Bipartito.

¿Facemos un exercicio de memoria? O director xeral de entón denunciaba as presións ás que o sometía a parte do BNG; presións que interferían no traballo dos profesionais. A parte do BNG acusáboo reiteradamente, deliberadamente, intensamente, descaradamente, de manipulación, mesmo —e leo textualmente— de «prácticas estalinistas». Iso si era un delirio de control e de poder, señorías.

Así que van permitirme que lles faga unha pregunta, e a de máxima actualidade que lles podo facer: ¿pretenden vostedes colonizar a CRTVG, como están a facer con todas as institucións e empresas públicas e agora tamén coas empresas do IBEX 35? Resulta moi sorprendente, señorías, escoitar o PSdeG falar de ataques ao pluralismo e á liberdade informativa ou de golpes á democracia, cando iso é o que levan facendo os socialistas dende a chegada de Pedro Sánchez á Moncloa. Iso si que é turbio, señorías. Son as mesmas, son os mesmos que reformaron a Lei de CRTVE por decretazo para colocar un director xeral afín ao sanchismo e dar asento no Consello de Administración a todos e cada un dos seus socios parlamentarios para contentalos. As mesmas e os mesmos falan agora aquí de retroceso democrático; as mesmas e os mesmos que asaltaron a CRTVE coa complicidade do BNG, que votou —con «uve»— ese novo director xeral e os membros do Consello de Administración elixidos polo Congreso, a proposta do PSOE e os seus socios parlamentarios, pero deixando fóra o partido máis votado. ¿Demandan pluralidade? ¿Iso, señorías, é o que entenden vostedes por respecto á democracia e ao pluralismo? O mesmo BNG que pon en dúbida a independencia dos órganos de administración da CRTVG deu o seu voto a un director xeral da CRTVE que non foi consensuado con ninguén, señorías, senón decidido persoalmente polo presidente Sánchez, así como a representantes no Consello de Administración tan independentes, señorías, que puidemos escoitar intervencións nas que algún deles deu expresamente as grazas «*al molt honorable president Puigdemont*», ou outros reclamaban explícita e rotundamente resarcir informativamente a Podemos.

Nin o PSdeG nin o BNG teñen ningunha credibilidade, señorías, cando se pronuncian sobre a liberdade de información ou a defensa de xornalistas, ¡ningunha! ¿Como pode acusar o PSdeG de desprezo da profesión xornalística a ninguén, cando é Pedro Sánchez o promotor dun paquete de medidas de censura e de control de medios que provocou alarma en todo o sector? Para vostedes o traballo xornalístico froito da investigación e do contraste de fontes é un recorte de papel. Pois isto si que é un desprezo á profesión xornalística que debería avergoñalos. ¿Como se atreven a falar de retrocesos democráticos aos que están día tras día levando ao absoluto descrédito a todas as institucións? Falen vostedes cos verdadeiros profesionais do CIS —eu xa o fixen—, falen coa plantilla da CRTVE ou da Axencia EFE —eu tamén o fixen—. ¿E que me din do Tribunal Constitucional, da Fiscalía Xeral do Estado ou do Banco de España? ¿Pensan que alguén pode crelos cando piden res-



pecto democrático, señorías? ¿De verdade o pensan, á vista do que está a facer a presidenta do Congreso dos Deputados?

Señorías, vostedes carecen de total credibilidade cando exigen diálogo na tramitación desta lei. ¿Acaso dialogan vostedes? Entender como o diálogo aprobar un decreto por sorpresa dun día para outro para renovar a Lei da CRTVE coa modificación no sistema de elección do director xeral e a súa blindaxe, atribuíndolle á el só —¡a el só!— as competencias que antes estaban no Consello de Administración, e facelo cunha orde do día suspendida pola traxedia de Valencia...

Non teñen argumentos —¡non os teñen!— para non apoiar a nova lei e por iso recorren a bulos, como esa escusa do sistema de elección ou tema do galego, desbotando o acordo, proponendo alternativas fracasadas e ineficaces como o intento de concurso público da CRTVE.

Miren, creo que é xa a terceira vez que subo a esta tribuna no que vai de lexislatura para desmentir as falacias da oposición con respecto á Lei de servizos de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital. Miren, a estas alturas, a nosa capacidade de asombro no Grupo Parlamentario Popular é xa bastante escasa, pero, aínda así, non deixa de sorprendernos a súa actitude pechada e belixerante. Vostedes impulsaron cadansúa iniciativa parlamentaria antes, incluso antes de que esta lei chegase ao Parlamento para o seu debate e tramitación, e malia que o texto normativo desmentiu rotundamente unha tras outra, todas e cada unha das falacias, as mentiras que trataron de alimentar nos anteriores debates persisten na súa estratexia.

Miren, as súas *fakes*, os seus bulos nacen mortos. ¿Saben por que? Porque a Lei de medios que tramita este Parlamento —e dicíao o conselleiro— é unha norma rigorosa, necesaria e útil para o conxunto de Galicia. Rigorosa porque o anteproxecto foi tramitado con todas as garantías, sometido á información pública e ao proceso de alegacións despois, porque a norma resultante axústase aos novos requirimentos derivados das últimas reformas normativas de ámbito tanto europeo como estatal e porque o proxecto de lei está sendo tramitado polo procedemento ordinario no Parlamento de Galicia, con luz e taquígrafos, señorías, e coa plena participación da oposición. Nada que ver con esa tramitación exprés da que falaba, impulsada polo Goberno central, ¡nada que ver, señorías!

Falamos tamén dunha lei necesaria, como xa dicía tamén o conselleiro. As novas posibilidades tecnolóxicas derivadas da dixitalización e os novos, imparables e cambiantes patróns de consumo propios desta segunda década do século XXI fan necesaria unha nova regulación dos medios públicos audiovisuais de titularidade autonómica. Pero non só é rigorosa e necesaria, senón tamén útil —útil, si—; unha lei útil para Galicia e para as galegas e os galegos, para a nosa lingua e para a nosa cultura. Porque esta lei, contra as falacias da oposición, mantense fiel aos principios que inspiraron o nacemento da CRTVG catro décadas atrás.

E permítanme que insista no artigo 4.1, que leu textualmente o conselleiro; estoúme a referir á principal razón de ser da Corporación: «...promover, difundir e impulsar a lingua galega e dar a coñecer a identidade cultural e lingüística de Galicia». Saben que a nova redacción deste artigo incorpora literalmente parte dunha alegación formulada pola Mesa pola Normalización



Lingüística, evidenciando o claro e explícito compromiso coa lingua e tamén a aposta polo consenso que impregna a norma dende o momento que comezou a ser elaborada. Tamén o dicía o conselleiro: o compromiso indiscutible da Xunta coa lingua e coa cultura de Galicia.

Miren, ¿coñecen aquel dito de «*dime de qué presumes y te diré de qué careces*», verdade? Pois, señores do socialismo galego, non presuman tanto de defender a lingua e de ser os máis plurinacionais, respectuosos e tolerantes, porque parece que no Goberno de Sánchez están tomando clases de catalán, pero renegan do galego. Pregúntenlle ao alcalde de Arteixo que resposta recibiu dende o Ministerio de Transportes; antiga solicitude derivada dun acordo plenario. Dígollo eu: pedíronlle que enviase a documentación de novo, pero en castelán —¡en castelán!— porque o galego pode dar lugar á imposibilidade do seu entendemento. ¡Moito catalán, pouco galego! (*Aplausos.*)

Esta lei, señorías, blinda a vocación dos medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade autonómica, obrigados a producir os seus programas, contidos e servizos en lingua galega, e garantindo tamén a edición e difusión en galego da produción allea. ¿Onde está o problema, señorías? ¿Ou non será que o problema son vostedes mesmos polo seu obstrucionismo e a súa querenza polas falacias? ¿Que problema hai en que a TVG apuntale o sector audiovisual galego e que utilice a súa plataforma para dalo a coñecer e promocionar no mundo enteiro? Dende a Xunta apóstase por promocionar o noso audiovisual, o galego, por facelo fóra de Galicia, porque do non galego en Galicia xa se encargan vostedes cunha case indecente cantidade de cartos públicos dunha Administración local; e logo queixaranse de que non teñen cartos para os servizos públicos.

Por certo, os Feroz estiveron presentes na CRTVG, no *Telexornal* e no *ZigZag*. Nós sentímonos orgullosos e orgullosos do noso sector audiovisual e do seu vigor; unha realidade á que, por certo, non é allea a TVG. Así o deberá ser no futuro aínda con máis intensidade.

Como dicía, cuestionan vostedes tamén os mecanismos de elección dos órganos de dirección da Corporación e, como lles dicía tamén, hai que ter pouca vergoña para ter estes postulados tras o acontecido en Madrid coa reforma da CRTVE. Hai uns días caía por sorpresa o director de Recursos Humanos da RTVE. ¿Lembran aquel home que saíu á fiestra tras a filtración das oposicións? Suma e segue.

Insistimos, dende o noso grupo a Dirección Xeral poderá ser elixida por maioría cualificada desta Cámara, xa o saben, señorías. ¿Ou é que non lles interesa chegar a acordos? Vai ser iso, ¡vai ser iso! Vostedes, igual que fixeron coa súa postura negacionista no anteproxecto, van ser os cómplices do obstrucionismo. Xa o saben vostedes, van ser os que non queiran o consenso nin para a elección por dous terzos nin para a elección por tres quintos desta Cámara; e por iso hai unha disposición adicional, para evitar como último recurso as situacións de bloqueo e interinidade indefinida.

Faciliten, por favor, esa elección do director xeral por dous terzos da Cámara; procedemento, por certo, democrático. Tamén a disposición adicional o é, porque a democracia, señorías, non consiste nin en cesamentos telefónicos, nin en designacións a dedo en despachos, nin en substitucións por amigos submisos, nin en chamadas os venres pola noite. Dicía Winston



Churchill que a democracia é o sistema político no que, cando alguén chama á túa porta ás seis da mañá, se sabe que é o leiteiro. Vai ser que na Moncloa teñen moitos litros de leite que repartir ultimamente. *(Aplausos.)*

E remato xa, presidenta.

Miren, señorías, xa sabemos que vostedes teñen un concepto moi peculiar do que significa a maioría, vímolos recentemente na Comisión de investigación constituída neste Parlamento e vémolos decote no Goberno central en Madrid; *remake* dun filme coñecido por todos cun título tuneado: «Salvar o soldado Sánchez». Teñan coidado, señorías do BNG, porque corren o risco de que a percepción social sobre vostedes mude de ser socios de Sánchez a seren vistos como cómplices e amparadores da corrupción quen enchoupa o sanchismo.

Permítanme...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Pomar.

A señora POMAR TOJO: ...—remato xa presidenta—que reitere a nosa sincera oferta de pacto para sacar adiante esta lei, necesaria e boa lei, integradora e que incorporou alegacións e pode incorporar emendas parciais, porque o procedemento é legal, transparente, aberto e debatible, igual que o foi na Lei de cultura inclusiva; unha lei, en definitiva, que busca o consenso, con oferta de man tendida para elixir a Dirección Xeral, con tempo dabondo para negociar e chegar posturas, a diferenza dese «trágala» que vostedes impulsaron en Madrid...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

A señora POMAR TOJO: Unha lei, en definitiva, ao servizo de Galicia e dos intereses das gallegas e dos galegos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Pomar.

Imos coa rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes. Dispoñen de cinco minutos.

Ten, en primeiro lugar, a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidenta.

Como non o van facer vostedes, vou facelo eu. Quero pedir perdón aos que estades aí arriba, porque isto que estades oíndo supoño que non ten moito sentido e sabedes moi ben que non ten nada que ver coa realidade, nin ten nada que ver co que estades a ver todos os días nos vosos postos de traballo. Supoño que é unha cuestión xa irrisoria para moitos dos que estamos aquí, e pido perdón, porque eu supoñía que esta profesión para a que fomos elixidos, e que é moi honrosa, que é a de representar os galegos e as gallegas, tiña outra impronta, tiña outra



seriedade, porque un ten que defender as ideas nas que cre, evidentemente, pero, ¡home!, digo eu que terá que facelo cunha cuestión de forma, de fondo, de substanciación da lei, de substanciación das situacións. E isto, a verdade, é que parece un xogo de maxia, por non dicir outra cousa máis terrible sobre isto. É dicir, nada que ver. Non sei onde estamos nin de que televisión está a falar o Partido Popular, nin de que situación de lei está a falar, cando sabe perfectamente que hai unha cousa moito máis terrible que a calumnia, que é a verdade.

A verdade é que este debate é unha empresa falida, esa é a verdade, porque, evidentemente, vostedes teñen a súa maioría absoluta ben gañada —e sempre digo o mesmo: vostedes gañan, vostedes gobernan— e non imos ter, seguramente —moito me estrañaría a min—, a oportunidade de saír desa vereda de control de medios de información na que estamos metidos e na que vostedes, evidentemente, non van deixar escapar a presa, porque a liberdade —como dicía eu un día— é ese escaso camiño que hai entre o cazador e a presa, e vostedes van exercer esa caza con esta presa que teñen, que son os medios de información, ademais de ser tamén todo o entretemento da TVG.

A verdade é que quen defendeu a CRTVG e quen defende a CRTVG non somos nós. Nós aquí estamos para facer ou para escoitar o que se precisa fóra e para facer a lei que governe para dar resposta ao que se escoita fóra. Quen defende e quen leva todos estes anos defendendo a CRTVG son os seus traballadores. Hoxe —volvo repetir— están aí fóra, defendendo unha lei que saben perfectamente que vai acabar cos seus postos de traballo, que non vai dar máis emprego público, que vai acabar coa escasísima produción propia que ten a CRTVG e que vai, ademais, facer outro tipo de manifestacións absolutistas sobre calquera decisión que haxa que tomar con respecto á información.

A verdade, a verdade absoluta, é que nunca chamaron a Mesa do Audiovisual para que se sentara con vostedes a construír esta lei, esa é a verdade; unha mesa que aglutina profesionais da interpretación, da produción, do documental, do cinema independente... Nunca os chamaron. Profesionais que, por certo, nunca viron na CRTVG unha plataforma de apoio. A pouco que fale con eles, pódeno escoitar vostedes: son profesionais formados en Galicia —como dicía ao principio na miña primeira intervención—, nunha das mellores escolas de imaxe e son que ten este país, que está na Coruña; nunha Facultade de Ciencias da Información, nunha Facultade de Audiovisuais, e que atopan o traballo fóra porque son bos profesionais.

Polo cal, eu agradeceríalle —aínda que aquí falan de cousas que non lle importan a ninguén—, evidentemente, ao Partido Popular que non volveuse poñer na boca do PSdeG que lle botamos a culpa aos profesionais ou que falamos dos profesionais. Ou sexa, o audiovisual galego é quen é grazas aos profesionais que o conforman; e nunca tiveron na CRTVG esa plataforma de apoio que teñen outras televisións, como a catalá, por exemplo, a vasca... ¡Nunca!, ¡nunca! A maioría do seu traballo, do xeito co que gañan a súa vida, o seu caldo, está fóra de Galicia. De vez en cando fan algo aquí, de vez en cando hai algún contrato da CRTVG, oculto, feito a espaldas de todo o mundo para que ninguén saiba que é o que vai levar o outro, sen ningún tipo de apertura ou de transparencia. Algunha vez hai algún tipo dese contrato, pero a maioría do seu sustento está fóra de Galicia. Ben, pois aqueles que son creativos e aqueles que son informadores tamén xa se foron buscando a vida fóra de Galicia.



E a verdade é que teñen todo o sector en contra, ¡todo!, quizais o clúster do audiovisual aí non se manifesta, porque, ao final, depende de moitas cousas, pero o sector en si, todo o que ten que ver co xornalismo, o Colexio de Xornalistas, os guionistas, os actores, as produtoras..., todos están en contra da lei. ¿Como é posible que veñan esgrimir unha calumnia sobre isto? Xa saben que isto non é así, saben perfectamente que isto non é así.

Por certo, non vin o *ZigZag*, pero si sei que no *Telexornal* foi unha breve mención o que ocupou días na cidade de Pontevedra e o que ocupou páxinas e horas en televisións e en prensa do país.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Supoño que será pasta, pero é a pasta que lle dá o audiovisual. ¿Téñenlles que pagar a vostedes para que saian os premios Feroz na CRTVG? ¿Ou pagan outras cousas e os Feroz non?

A verdade é que a lingua —que é outra das cuestións cruciais nesta lei— está desbotada e está fóra do contexto da CRTVG. E voules comentar unha cuestión *O sabor das margaridas*, en galego, triunfa en Inglaterra; non fai falta traducila ao inglés. Estana vendo en galego perfectamente. É unha das producións galegas que máis seguidores e máis visualizacións tivo en lingua estranxeira...,

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Longueira, ten que ir rematando.

A señora LONGUEIRA CASTRO: ...na propia lingua galega.

Síntoo porque se me acaba o tempo, pero realmente é bochornoso que esta profesión nosa de parlamentario teña que ver con defender e escoitar este tipo de cuestións que nada teñen que ver coa realidade. Tamén é verdade o que dicía a canción: «*Nunca es triste la verdad, lo que no tiene es remedio*». Ben, o que non ten remedio é que vostedes van voltar outra vez pasar o rodillo...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

A señora LONGUEIRA CASTRO: ...e van voltar outra vez facer da información un lugar escuro para toda Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra, por cinco minutos, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Se o Partido Popular quere consenso, señora Pomar, retiren a lei, reinicien o proceso e debatan e dialoguen cos grupos parlamentarios desta Cámara,



(Aplausos.) co Colexio Oficial de Xornalistas de Galiza, coas entidades que representan o sector audiovisual, coas organizacións sindicais e coas traballadoras e os traballadores da casa. Se queren consenso, diálogo e negociación, escollamos a Dirección Xeral con arranxo á maioría reforzada que exige hoxe a lexislación vixente. ¿Cantas veces o trouxemos aquí e votaron en contra? Porque o Partido Popular non quere nin diálogo, nin consenso, nin negociación. O Partido Popular quere tomar por asalto a CRTVG, a Radio e a Televisión de Galiza, para seguir facendo dela o terminal de propaganda particular do Partido Popular, (Aplausos.) e aí non van ter a man, nin o diálogo, nin o consenso do partido do Bloque Nacionalista Galego.

Francamente, veu aquí e falou de Televisión Española, do CIS, de EFE..., de todo, menos da radio e da televisión públicas de Galiza. Fale vostede coa TVG e dígalles ás traballadoras e aos traballadores da Radio e da Televisión de Galiza que é o BNG quen os presiona. Dígalles que é o BNG quen lles manda cambiar titulares porque *sino el PP se enfada*. Dígalles que é o Bloque Nacionalista Galego quen lles manda mentir porque o Partido Popular ordena e a Dirección da Radio e da Televisión de Galiza executa, señora Pomar. (Aplausos.) Dígalles que é o Bloque. ¡O que hai que oír por ter orellas! Os paxaros tirándose ás escopetas... Mentindo, porque o único que sabe facer o Partido Popular é da mentira a súa forma de facer política.

¿Sabe que é o que desprestixia, señora Pomar, os medios públicos deste país? ¿Que é o que degrada a CRTVG? Que a arrastra polo chan facendo —insisto— que máis da metade da sociedade galega, da xente que está fóra deste Parlamento, non se sinta nin minimamente reflectida pola televisión que sosteñen e que pagan con máis de cen millóns de euros públicos ao ano. ¿Sabe que é o que a desprestixia? As corenta sentenzas en só dous anos por violación dos dereitos laborais das traballadoras e dos traballadores; a sentenza firme do Tribunal Supremo que condena a Radio e a Televisión públicas de Galiza por violar os dereitos fundamentais de Carlos Jiménez, incluído o seu dereito á liberdade de expresión. Iso si que desacredita os medios públicos. Iso si que os degrada. Xa non lles quere un conto ver como menten descaradamente nos servizos informativos da televisión e da radio públicas deste país. E vén aquí falar de Radiotelevisión Española, de EFE, do CIS e da corrupción, ¡o único partido nesta Cámara condenado a título lucrativo por corrupto! (Aplausos.) ¡Os paxaros tirándose ás escopetas!

E do Bipartito... Porque, claro, vir falar aquí de 349 venres negros das traballadoras e dos traballadores da CRTVG, máis de cinco anos exixindo que se cumprise o que poñía a lei desde 2011, que se crease ese Consello de Informativos. Señora Pomar, que nos veu falar de todo e darnos leccións de democracia e participación e independencia informativa. ¿Por que non nos explica por que vetaron e por que boicotearon ata a sociedade durante tantos anos a creación dese Consello de Informativos? E agora fulmínano deste proxecto marabilloso, «*que es plural, que es transparente y participativo*», señora Pomar.

Máis de dez anos negándolles os seus dereitos profesionais ás traballadoras e aos traballadores da casa. Porque o Partido Popular o único que quere facer é converter a radio e a televisión públicas de Galiza, se é que lles quedaba algo aínda, no seu gabinete de propaganda particular, ao servizo único e exclusivo do partido. Iso si, que a paguemos entre todos con máis de cen millóns de euros públicos, incluído o cuantioso —pode ir velo a xente na web de transparencia— salario que percibe a persoa que ostenta a Dirección Xeral da CRTVG.



Isto é un atropelo democrático. É un enorme retroceso non só no que ten a ver coa calidade democrática dentro dos medios públicos deste país, senón que é un atropelo democrático contra a calidade da democracia da propia Galiza.

Os medios de comunicación naceron públicos, como corporacións públicas en orixe, para garantir o dereito fundamental da poboación —e máis dun país, dunha nación como a nosa, con lingua, identidade e cultura propias— e para garantir o acceso que temos todas e todos a unha información próxima, na nosa lingua, en todas as súas expresións, sendo reflexo da pluralidade e da diversidade que existe no seo da sociedade galega. Iso non hai maioría absoluta que poida pasarlle como un camión, de verdade, por encima. E é o que pretenden facer vostedes con este proxecto de lei.

Desde o BNG non llelo imos permitir. Porque o PP non quere nin unha CRTVG galega nin unha CRTVG plural. O único que intenta con este proxecto de lei é facela, aínda máis se cabe, o seu *cortijo* particular, o seu gabinete de propaganda particular. E nós desde o BNG iso non imos permitilo, nin hoxe nin nunca.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Votación do texto lexislativo

A señora PRESIDENTA (Candia López): Procedemos a continuación á votación das emendas á totalidade de devolución e con texto alternativo presentadas ao Proxecto de lei dos servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital. Prego que pechen as portas.

Procedemos, en primeiro lugar, a votar a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia de devolución, que leva o documento número 17.400.

Votamos.

Votación da emenda á totalidade de devolución do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Procedemos agora a votar a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego de devolución, que é o documento 17.403.

Votamos.



Votación da emenda á totalidade de devolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Votamos, en último lugar, a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, con proposta de texto alternativo, que é o documento 17.404.

Votamos.

Votación da emenda á totalidade, con texto alternativo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital.

Efectuada a votación deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Pasamos ao punto 2.

Debate e votación do Ditame da Comisión non permanente de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica, e dos votos particulares

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Para a presentación do Ditame, ten a palabra a presidenta da Comisión de investigación, a señora Elena Candia López.

A señora CANDIA LÓPEZ: Moi bo día a todos e moitas grazas.

Señorías, con data do 17 de setembro de 2024 a Mesa do Parlamento acordou a creación da Comisión de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica, tras examinar o escrito de solicitude formulado por 25 deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e ao abeiro do disposto no artigo 52.1 bis do Regulamento do Parlamento de Galicia.

A Comisión constitúese o día 4 de outubro de 2024 cos deputados e deputadas designadas polos respectivos grupos parlamentarios, que son os seguintes: por parte do Grupo Parlamentario Popular, dona Raquel Arias Rodríguez, don Miguel Fidalgo Iglesias, don Julio García Comesaña, don Alberto Pazos Couñago, dona Carmen María Pomar Tojo, don Roberto Rodríguez Martínez, dona Cristina Sanz Arias, dona Ethel María Vázquez Mourelle e quen lles fala, María Elena Candia López; polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



compoñiana don Xosé Luís Bará Torres, don Óscar Insua Lema, dona Ana Belén Pontón Mondelo, dona María Monserrat Prado Cores e don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro; polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, dona María Elena Espinosa Mangana e don José Ramón Gómez Besteiro; polo Grupo Parlamentario Mixto, don Armando Ojea Bouzo. Asemade, nesta sesión constitutiva elixiuse a súa mesa: presidenta, quen lles fala, Elena Candia; vicepresidenta, dona María Carmen Pomar Tojo; e secretario, don Xosé Luís Bará Torres, do Bloque Nacionalista Galego.

As normas de funcionamento da Comisión foron aprobadas na súa sesión do 4 de outubro de 2024, logo do debate e das suxestións formuladas polos grupos parlamentarios, con base no proxecto aprobado pola Mesa. Nelas recóllense o obxecto, a duración, así como a organización, funcionamento, medios da acción, plan de traballo, comparecentes e ditame.

Con posterioridade, o plan de traballo da Comisión aprobouse na sesión da Comisión do 8 de novembro de 2024, estruturándose en catro fases consecutivas cuxo desenvolvemento detallo a continuación.

A primeira fase era a solicitude e análise de documentación e informes, que incluía 118 peticións dirixidas á Xunta de Galicia e ao Consello de Contas, máximo órgano fiscalizador da Administración autonómica. O día 19 de novembro do 2024, a través do documento 3777, o presidente do Parlamento de Galicia require, coa maior brevidade, a documentación incluída no plan de traballo. Tres días despois, con data do 22 de novembro do 2024, o Parlamento de Galicia recibía e poñía á disposición dos membros da Comisión as contestacións ás solicitudes de documentación e informes.

Na segunda fase, que era de comparecencias, invitáronse a comparecer as mulleres e homes citados no plan de traballo, con distintas responsabilidades na Administración, en empresas ou proxectos relacionados co obxecto da Comisión. Nesta fase compareceron en comisión un total de 36 persoas en nove sesións, que tiveron lugar do 22 de novembro ao 11 de decembro de 2024.

Na terceira fase, a Ponencia; en concreto, a Ponencia encargada de elaborar o proxecto de ditame, que designou a Comisión na sesión do 11 de decembro do 2024. Quedaba constituída, por parte do Grupo Parlamentario Popular, por don Roberto Rodríguez Martínez como titular e don Julio García Comesaña como suplente; por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro como titular e don Óscar Insua Lema como suplente; por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, dona María Elena Espinosa Mangana como titular e dona Patricia Iglesias Rey como suplente. A ponencia reuniuse o venres 13 e o luns 16 de decembro do 2024 para a elaboración do proxecto de ditame.

A cuarta fase foi o debate e a aprobación do ditame pola Comisión. Substanciouse na sesión do día 27 de decembro, na que se aprobou por maioría este texto final que incorpora a emenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia; ditame que se publicou no *Boletín* número 138 do 14 de xaneiro deste mesmo ano.

Asemade, dentro do prazo establecido para o efecto, os grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego, dos Socialistas de Galicia e o Grupo Parlamentario dos Populares de



Galicia presentaron senllos votos particulares. Son documentos que foron publicados tamén no *Boletín Oficial*, o número 138 do 14 de xaneiro do 2025.

Cómpre, pois, rematar, señorías, a súa tramitación parlamentaria na sesión de hoxe, logo do debate e votación polo Pleno do Ditame da Comisión e dos referidos votos particulares.

Quixera, señora vicepresidenta, agradecer persoalmente aos ponentes e aos membros da Comisión o traballo realizado ao longo das distintas sesións. E, por suposto, moi especialmente, de maneira sincera e sentida, aos servizos da Cámara, á letrada, moi especialmente, aos servizos xurídicos e de asistencia parlamentaria, pero tamén aos uxieres e demais persoal administrativo, incluído o que estivo na custodia da documentación requirida, pola súa implicación e esforzo, polo seu traballo, pola súa boa disposición a colaborar e a facilitar todo o que se fixo nesta comisión de investigación, ata chegar a este pleno, que hoxe chega á súa fase final. A todos e a todas elas, de corazón, moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas.

É agora a quenda dos grupos parlamentarios para a defensa dos votos particulares presentados ou o posicionamento sobre o Ditame da Comisión.

Polo grupo mixto, ten a palabra o señor Ojea Bouzo.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidenta. Bos días.

Ben, cando se votou, no seu momento, a creación desta comisión, eu manifestei o meu temor a que Napoleón tivese razón cando dicía aquilo de que «as comisións eran a mellor maneira de escurecer a análise de calquera tema». Decía aquel emperador autocoroado que non había ningún lugar do mundo onde houbese unha estatua a unha comisión. Quería dicir que non había moito que agradecer, habitualmente, a esta clase de formacións. Non sei se tiña relación co que nos trata; non sei se tiña moita razón, pero si *Buonaparte*.

Vou dicir a impresión que me causaron a min as sucesivas reunións que houbo desta comisión e a conclusión persoal que saquei. Por un lado, o Bloque Nacionalista Galego incidía moitas veces en criticar o que cría que era unha decisión ideolóxica: o de facer unha obra con colaboración privada. Eu creo que algunha vez dixen que esa comisión non se trataba de xulgar posicións ideolóxicas, pois para iso está o pleno e as comisións, onde cada un defende lexitimamente as posicións ideolóxicas. A Comisión entendía eu que era para criticar, para analizar e para tomar as medidas pertinentes se había incumprimentos da legalidade e da normativa, que é para o que, en principio, penso que é unha comisión de investigación; se as cousas estaban dentro da lei ou non. Para criticar posicións ideolóxicas, que son lexitimas por parte de cada partido político, para iso existe e está o pleno.

Eu, particularmente, penso que o Partido Popular abusou do seu poder na Comisión. É curioso porque, claro, unha comisión de investigación non é unha entidade obxectiva, como pode ser a dunha auditoría externa, onde se analizan uns fenómenos nos que o observador ou o auditor non ten interese, senón que o analiza con obxectividade. Pero unha comisión



deste tipo está formada, dalgunha maneira, por xuíces e parte; quere dicir, o Grupo Popular está vinculado de xeito político con quen tomaron a decisión naquel momento de facer o hospital e a oposición tamén ten intereses políticos en que os resultados da investigación sexan uns concretos. Entón, claro, di un vello adaxio que non te podes levantar do chan tirando dos cordóns dos zapatos; necesitas unha forza externa. Desde o propio interior da Comisión resulta difícil esclarecer a cuestión.

Fixo valer o Partido Popular os seus votos para, entre outras cousas, decidir os comparecentes. Eu penso que moitos dos comparecentes que se presentaron tiña pouco sentido que estivesen alí, e así o manifestei nalgunha intervención. Parecían estar citados con outros motivos distintos que os de clarificar o que se investigaba. En moitos casos, o Partido Popular o que pretendía era facerlle ver ao Partido Socialista e ao Partido do BNG que cando eles gobernaban ou onde eles gobernaban tomaban medidas similares de colaboración público-privada, que era unha cousa que non é o que se estaba mirando nese momento. E, ao mesmo tempo, parece ser —parece ser non, comprobouse— que toda a documentación que pediu a oposición non se lle deu. Estimo que tiñan, tanto o Bloque como o Partido Socialista, dereito a que se lles dese aquela documentación que reclamaban e que non se lles deu e que sería necesaria, ao mellor, para formarse unha idea definitiva.

A min parecéronme bastante convincentes —e falo da miña impresión particular— as explicacións que deu o conselleiro maior do Consello de Contas de que non había absolutamente ningunha irregularidade legal en todo o procedemento de adxudicación da obra do Álvaro Cunqueiro. Pero, aínda que esa fose a miña impresión particular, algún outro comparecente dicía que en termos bastante obxectivos non existía outra posibilidade de facer a obra máis que como se fixo. Á marxe desa impresión subxectiva miña de que me supón certa credibilidade a información do conselleiro maior, a oposición estaba no seu dereito de reclamar a documentación toda que pediron e formarse un criterio propio. Porque o Consello de Contas tampouco é un tribunal, para emitir unha sentenza definitiva. A oposición tiña dereito a reclamar toda a información e o Partido Popular tiña a obrigaón de darlles toda a documentación que pediron, porque os deputados da oposición tiñan o dereito a facerse unha idea propia e non tiñan por que fiarse do que dixo o conselleiro maior de Contas.

E esa é a miña cuestión. Eu, particularmente, votei en contra do Ditame, precisamente porque pensaba que a investigación adolecía destas cuestións. Primeiro, porque os comparecentes que reclamaba a oposición moitos deles tiña máis sentido a súa presenza nela que moitos que foron citados polo Partido Popular. E segundo, polo tema da documentación. A oposición non tivo toda a documentación que reclamou e tiña todo o dereito a facerse unha idea propia acerca da legalidade e da adxudicación con base nas análises desa documentación. Non tiñan por que fiarse do criterio do conselleiro maior, porque se fose así xa se escusaba facer unha comisión de investigación.

¿Que se buscaba rendibilidade política? Ao mellor a finalidade desexable desa comisión non debería ser esa, senón que debería ser o esclarecemento dos feitos. E a rendibilidade política non sei cal vai acabar sendo. No caso do Partido Popular poden pensar que, como o Ditame vai botar terra xa definitivamente sobre o asunto —polo menos neste ámbito, outra cuestión serían as posibles instancias xudiciais—; e o Partido do BNG, o Bloque Nacionalista Galego,



pensa que o Partido Popular queda suficientemente desgastado con todo o que foi saíndo na Comisión de investigación. Eu teño as miñas dúbidas, porque penso naquel refrán que se di moitas veces: «o que non te mata, faite máis forte». O que está claro é que o Partido Popular non queda morto desta; entón, probablemente quede fortalecido. En todo caso, ese é un debate político que queda para o futuro.

Quero explicar a miña decisión de voto. Voume abster nos votos particulares, como xa fixen na Comisión, e vou votar en contra do Ditame polos motivos que xa expuxen.

Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Ojea.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten a palabra a señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Grazas, presidenta.

Bos días a todos e a todas.

Hoxe é o último debate, tras o cal se producirá a votación do Ditame da Comisión non permanente de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica. Un ditame que o PP aprobou en comisión, en solitario, co «non» de toda a oposición. Os socialistas presentamos voto particular, propondo un texto alternativo ao texto do Ditame.

Pero convén facer algunhas reflexións. O PP nunca perseguiu a verdade nesta comisión. (*Aplausos.*) O seu obxectivo, desde o primeiro momento, foi diluír a natureza da Comisión; Comisión que se constituíu precisamente para depurar responsabilidades políticas. Pois ben, na Comisión bloqueáronse comparecencias clave, como a de Feijóo e altos cargos implicados nas adxudicacións investigadas. E, pola contra, propuxéronse comparecencias de persoas sen relación ningunha cos temas investigados. Ademais de impoñer o seu plan de traballo de xeito unilateral, a estratexia consistiu en entregar tarde, mal e arrastro a documentación relevante, o que se traduciu nun obstáculo permanente para o bo funcionamento da Comisión.

Como tamén, en moitas ocasións os comparecentes, cargos do Goberno autonómico, evitaron pronunciarse sobre contratacións, sobre documentos oficiais ou sobre as razóns de por que tomaron unhas e outras decisións. Ou non responderon preguntas tan sinxelas como se os contratos menores eran sometidos a intervención previa ou non. Ou, máis ben, faltaron á verdade dicindo que os contratos menores eran fiscalizados cando é unha falacia de libro, como se sostén, ano tras ano, nos informes do Consello de Contas, que pon de manifesto unha fenda moi importante no control do gasto público e na transparencia do control do gasto e na transparencia dos contratos menores das distintas entidades do sector público autonómico, que representan case o corenta por cento dos contratos que se licitan por importe de 800 millóns de euros anuais. Isto só pasa co Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia.



A posición dos socialistas quedou patente ao longo de toda a Comisión e agora temos quen nos acompañe nesta opinión nun dos temas abordados na Comisión. Unha editorial recente dun medio de comunicación textualmente dicía —e no momento que fale das palabras textuais cambiarei de idioma, dado que textualmente non estaba escrito en galego e así tamén se pode entender o que di a editorial—: «*Y ha sido una lástima que se desperdicie la ocasión. Porque lo cierto es que el método de construcción del hospital Álvaro Cunqueiro sí merecería un debate, una investigación, sosegada, rigurosa e incluso crítica, a partir de un dato objetivo*». E facía referencia ao informe do Consello de Contas, informe que revelou que o singular método elixido pola Xunta —deixar en mans das empresas o financiamento e a construción a cambio dun canon anual e tamén entregarlles a concesión de servizos non sanitarios— suporía ás arcas da Xunta un encarecemento de 470 millóns de euros. E a editorial tamén di: «*Pese a que la Xunta no lo ve así, estamos ante un formidable sobrecoste. Es decir, se pagó más de lo que podría haberse pagado si se hubiera utilizado el método tradicional de licitación: por un lado, la construcción del edificio y, por otro, la concesión de los servicios no sanitarios.*»

Pero o Partido Popular insistiu unha e outra vez en que todo o fixo ben. Chegados aquí, cabe preguntarse: se todo o fixo ben e perfecto, ¿por que lle custou o posto á entón conselleira, Rocío Mosquera, como ela mesma recoñeceu durante a súa comparecencia na Comisión? E ¿por que se emitiu un informe tan demoledor por parte do Consello de Contas? Pero tamén, se nos imos ás hemerotecas, atopámonos con palabras dos responsables da Xunta daquel momento onde dicían que o modelo do hospital público de Vigo viña para quedar e que só era o primeiro dos casos que seguirían en sanidade.

O Goberno do Partido Popular fixo un experimento de laboratorio coa sanidade pública, acudindo á colaboración público-privada cando a sanidade pública non se vende. Pois ben, desde que o Partido Popular, alá no ano 2009 e 2010, pegou o volantazo ao proxecto que deseñara o Goberno de Emilio Pérez Touriño, xa nunca máis se volveu utilizar este modelo, que reiteradamente dixeron que era o principio dun sen fin de contratos que ían facer. (*Aplausos.*) Pola contra, todos os grandes investimentos custeáronse o cen por cento con financiamento público. Polo tanto, non fai falta ser moi intelixente para sacar conclusións claras e contundentes deste experimento que fixeron co hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo. Por iso que, por moito que se empeñe o Partido Popular, na mente dos galegos e das galegas sempre quedará que son os vigueses e as viguesas os únicos que non teñen un hospital público. E agora saben que custou 470 millóns de euros máis, que é máis pequeno do previsto e que non cumpre nin co plan funcional nin con todos os obxectivos previstos. (*Aplausos.*)

E tamén quedou claro que o Goberno do Partido Popular anterior ao Bipartito tiña previsto a construción dun cuarto hospital en Beade, en Vigo, que non resolvía a situación sanitaria de Vigo e que foi o Goberno de Emilio Pérez Touriño quen toma a decisión do novo hospital de Vigo, financiado pola sociedade pública de investimentos e aprobado no Consello da Xunta no ano 2009.

Como tamén nos quedou claro o desprezo dalgúns membros do Partido Popular polo Consello de Contas. Basta citar as palabras textuais de Marta Fernández Currás, que dicía «ese traballo non é bo», pero tamén dixo «non sei se ten sentido ese informe». Desprezo absoluto polo traballo do órgano de fiscalización externa do Goberno galego, e isto é intolerable. Desprezo que pon de manifesto tamén o nulo interese do Partido Popular en coñecer o sucedido.



Pero aos galegos e as galegas si lles interesa coñecer a verdade, non só do que aconteceu no Álvaro Cunqueiro, senón tamén coas prácticas irregulares utilizadas para a contratación durante os gobernos do señor Feijóo. Prácticas nas que hai coincidencias preocupantes de vínculos familiares e persoais con empresas adxudicatarias; tamén durante a pandemia, cando por necesidade os controis se suavizaron e a xente estaba sufrindo. Prácticas, tamén, postas en cuestión polo Consello de Contas, indicando a súa preocupación.

Nesta comisión quedou en evidencia que o Partido Popular quere ocultar todo, e que se rodeou de determinadas persoas para ocultar, precisamente, o que sucedeu con eses contratos públicos e coa vinculación con familiares do Partido Popular.

Non estamos a dicir que os contratos menores non sexan legais, como se intentou facer durante varias sesións das comisións. O que estamos a dicir é que non parece normal, nin lóxico, nin razoable, nin admisible que exista un patrón repetido. Ese patrón é a coincidencia de familiares de cargos do Goberno do Partido Popular nas empresas adxudicatarias de contratos da Xunta de Galicia nos últimos quince anos. Falamos de Allwork Vestuario Laboral, de Eptisa, de Gallaecia Patentes y Marcas, Sociedad Limitada, do grupo Konecta ou de Eulen.

Durante as comparecencias si que falamos de Allwork Vestuario Laboral e de Francisco Antonio Otero, marido de Paula Prado; de Eptisa e de Tomás Pérez Vidal, de Gallaecia Patentes y Marcas, Sociedad Limitada; e de Joaquín Cuíña, irmán de Beatriz Cuíña, do grupo Konecta, do que nunca tivemos por parte da Xunta de Galicia a información solicitada sobre o volume de contratación de persoal, de condicións e labores e onde Ignacio Pío Cárdenas Botas é director comercial dende o ano 2019; e da dirección noroeste de Eulen, onde o ano pasado a empresa obtivo da Xunta de Galicia ata 124 contratos menores, acumulando 1,6 millóns de euros, e onde está como directora para o noroeste de España Micaela Núñez Feijóo. Pero o nulo interese por parte do Partido Popular en coñecer o sucedido impediu resolver algunhas cuestións de moita importancia, que son preocupantes para a transparencia e a eficacia dunha administración pública e evidencia a intención de aumentar a opacidade.

Foron escasos os comparecentes nesta área e argumentaron que os contratos cumpren coa legalidade e que os xuízos sobre as persoas son opinións difamatorias, pero nunca houbo maiores explicacións sobre cuestións profundas. E o Partido Popular, para defenderse disto, que insisto que dicían continuamente, tamén puxo sempre sobre a mesa que se estaban facendo xuízos sobre as persoas con opinión difamatoria. Pero o que presentamos foron feitos, e non pode ninguén acusar de difamatorio o que son feitos; feitos que está constatados que son reais, que figuran en contratos e neses contratos figuran datos. Soamente cabe unha explicación: que agora o presentar os datos, os contratos reais, sexa considerado como un feito difamatorio.

Pero o certo é que existe unha enorme sucesión de contratos que dende a Administración autonómica favorecen empresas que contan entre os seus directivos con familiares e altos cargos do Goberno do Partido Popular. E resulta difícil asumir isto como casual, sobre todo cando as persoas involucradas non compareceron para explicar se as sospeitas eran fundadas ou non. A opacidade mantida neste punto na Comisión non axuda a esclarecer nada. Todo o contrario: aumenta a sombra de sospeita sobre o uso que o Partido Popular fai da contrata-



ción e sobre os posibles beneficiarios que obteñen deste sistema e que obteñen, en concreto, os familiares dos dirixentes do Partido Popular. *(Aplausos.)*

A proliferación de empresas que obteñen contratos millonarios ou que aumentan a facturación dende o momento en que forma parte delas algún familiar directo dun dirixente do Partido Popular resulta bochornosa. O exercicio de opacidade feito na Comisión parece un recoñecemento explícito de culpabilidade por parte do Partido Popular.

Remato xa. Terei a oportunidade de trasladar na segunda quenda as conclusións alternativas presentadas polo noso grupo desta comisión. Sinceramente, foi unha pena que non acadase os obxectivos para os que foi creada; que, dende logo, se apartou día tras día destes obxectivos, porque o Partido Popular non quixo que se soubese a verdade. Isto téñeno que ter en conta os galegos e as galegas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra o señor don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Grazas, señora presidenta.

Señorías, hoxe debatemos o Ditame da Comisión de investigación aprobado exclusivamente polo Partido Popular; en concreto, un ditame que é a emenda presentada polo Partido Popular fronte ao informe da ponencia, supostamente elaborado exclusivamente no prazo de cinco horas, que foi todo o que durou a ponencia, e que tamén foi aprobado unilateralmente polo Partido Popular. Realmente un singular proceder.

A conclusión fundamental que podemos extraer é que unha comisión constituída para investigar as irregularidades e o seu eventual alcance na contratación da Xunta de Galiza rematou converténdose nun lamentable episodio de corrupción e degradación democrática e institucional.

Esta comisión de investigación naceu como consecuencia do exercicio do dereito que o Regulamento desta Cámara confire ao BNG por ter 25 deputados e tras as reiteradas negativas do Partido Popular, quen ata en catro ocasións negou a posibilidade de auditar, de investigar as irregularidades detectadas fundamentalmente polo Consello de Contas, mais tamén por diferentes e reputados medios de comunicación como Diario.es, O Salto, Público, Praza, Infolibre etcétera, etcétera. Informes e informacións sobre o subrecusto de 470 millóns na contratación da construción e xestión do hospital de Vigo e tamén irregularidades en determinadas contratacións da Xunta, que curiosamente beneficiaban singularmente familiares de altos cargos do Partido Popular ou ben directamente altos cargos do Partido Popular. Ante esta contumaz negativa, o BNG exerceu o seu dereito regulamentario á creación automática da Comisión de investigación.



Agora gustaríame determe para facer dúas pequenas reflexións sobre o dito. Un dos mantras do Partido Popular durante a Comisión, un dos moitos insultos que dedicaba nomeadamente ao Bloque Nacionalista Galego, era que o BNG cabalgaba «a lombos da infamia». Podo compartir que estas informacións que acabamos de transmitir brevemente son realmente deshonrosas, aí si que comparto esa afirmación co Partido Popular, mais en modo ningún esas deshonrosas afirmacións son atribuíbles ao BNG. Porque todas esas afirmacións e todas esas informacións ou ben procedían do Consello de Contas ou ben procedían de reputados medios de comunicación e eran corroboradas polo pouco transparente Portal de Transparencia da Xunta de Galiza. Por tanto, o infame non é a información; o infame é o sistema de contratación e de xestión de recursos públicos do Partido Popular de Feijóo e de Rueda. (*Aplausos.*)

Por outra banda, debemos distinguir neste punto, sobre comisións de investigación, cando a comisión de investigación é creada por un acordo plenario do Parlamento de cando esa comisión de investigación se constitúe por dereito dun grupo da oposición contra a vontade do grupo maioritario da Cámara. Cando a Comisión de investigación se constitúe de xeito automático por un dereito dun grupo da oposición contra a vontade do grupo maioritario non é admisible unha interpretación que entenda exercitado ese dereito, como era a constitución da Comisión. Porque admitir iso —reitero, porque xa o dixemos unha vez— sería como se, unha vez que se constitúe a Comisión, puidese pechase o mesmo día. E iso non é razoábel.

Miren, no seu propio voto particular ou no seu informe fan referencia a que tamén existe no Parlamento de Cataluña un sistema parecido ao que existe no Parlamento galego. É dicir, que un número de deputados pode crear automaticamente unha comisión de investigación. Pois ben, miren o Regulamento do Parlamento de Cataluña e verán como establece o que é de sentido común e di que na configuración dos obxectivos e do plan de traballo estableceranse «*de conformitat amb la proposta presentada pels diputats o els grups parlamentaris que n'han demanat la creació*». O que vén sendo —agora que falan catalán na intimidade— que cando a Comisión se crea por esta vía o plan de traballo debe ter en conta as propostas de quen provocou a súa constitución e non atender a vontade exclusiva de quen non quere nin quería investigar. E iso foi o que aconteceu no Parlamento de Galiza: quen non quería que se investigase e quen non quería esta comisión de investigación impuxo unilateralmente as normas de funcionamento e o plan de traballo, e resulta que as normas de funcionamento restaban axilidade ás comparecencias. As normas de funcionamento, impostas unilateralmente polo Partido Popular e sen atender ningunha das recomendacións do resto dos grupos da oposición, nin sequera se cumpriron. Moitísimos comparecentes non sabía nin sequera a que viñan.

Pero, porén, o máis grave foi a aprobación do Plan de traballo, que contemplaba exclusivamente as propostas do Partido Popular, sen ter en conta ningunha das solicitudes de comparecencia e documentación diferentes ás formuladas polo propio Partido Popular. O resultado é que o plan de traballo aprobado unilateralmente polo PP non ía permitir que a Comisión de investigación acádase os obxectivos previstos da súa constitución. Non contemplaba a solicitude de ningún expediente de contratación de tres dos catro obxectivos a investigar, ningún expediente de contratación menor da Xunta de Galiza sobre Allwork, Gallaecia, ningún expediente do grupo Eulen, ningún expediente sobre a contratación de emerxencia con Universal Support, Mape Asesores, Sibucu etcétera, etcétera. ¡Ningún expediente de contratación sobre tres dos catro asuntos a investigar! Tampouco a comparecencia de



quen foi o máximo responsábel da Xunta de Galiza dende 2009 a 2022 e parentes de moitos dos beneficiarios de contratacións da Xunta de Galiza. Tampouco ningunha comparecencia de empresas vinculadas con altos cargos do Partido Popular cuxa contratación era obxecto de investigación.

Pero, é máis, é que dos únicos dous documentos que eran así novidosos, que era o hospital Álvaro Cunqueiro e outro denominado «Información detallada sobre a contratación», podemos chegar a unha conclusión: no expediente do Álvaro Cunqueiro faltaban documentos relevantes; non estaba o expediente completo. (*Aplausos.*) Á Xunta de Galiza cónstalle que faltaban documentos moi relevantes que non remitira ao Parlamento. E o documento «información detallada» resulta que nin era detallada nin contiña información veraz. Por tanto, o único novidoso realmente pouco contribuía a clarexar o que se pretendía investigar.

Realmente o Partido Popular converteu esta comisión nunha segunda volta contra o informe de fiscalización do Consello de Contas sobre o Álvaro Cunqueiro. E non tivo éxito no seu propósito. Non tivo éxito porque non podía telo, porque fixo o mesmo que xa fixera ante o Consello de Contas; ante o Consello de Contas xa declarara dona Rocío Mosquera e xa declarara a señora Farjas. O Consello de Contas valorou as alegacións destas persoas e non as tivo en conta no seu informe final porque eran, segundo dixo o Consello de Contas, opinións sen fundamento e xustificación. E agora volveron ao Parlamento de Galiza a ver se na segunda volta coa maioría absoluta merecen outra consideración. Pois non, non deben ter outra consideración que a xa manifestada polo Consello de Contas.

Mais, en todo caso, o PP impediu que puidera cumprir os obxectivos que tiña previsto esta Comisión. Mais en modo ningún podemos dicir que esta Comisión non serviu para nada. Serviu, porque deixou claras varias cousas. En relación co hospital de Vigo, quedou claro que, dende o momento en que o Goberno de coalición PSOE-BNG tomou posesión na Xunta de Galiza, comezou a traballar para un hospital de referencia na área sanitaria de Vigo; non un cuarto hospital, senón un hospital de referencia que permitise aglutinar os servizos e centralizase a asistencia sanitaria de toda a área sanitaria. O Goberno do PSOE e do BNG, tras valorar distintas posibilidades, optou pola construción do hospital de Vigo a través da Sociedade Pública de Investimento; algo que está documentado, respecto do que existen acordos da Xunta e mesmo que está publicado no *Diario Oficial de Galiza*.

Tamén quedou claro que o cambio do sistema público para a construción e xestión do hospital de Vigo pola privatización da construción e da xestión de servizos non sanitarios, por motivos ideolóxicos, implicou un sobrecusto de 470 millóns de euros sobre o que suporía facelo mediante a contratación e financiamento público, que era posíbel. Mais tamén quedou acreditado que o hospital de Vigo construído foi menor do previsto no proxecto e —o que é máis grave— do contratado e que esa mingua —da que era consciente a Xunta de Galiza por informes propios da Xunta de Galiza— importou unha valoración de 30 millóns de euros. Por certo, un informe da Xunta de Galiza, dun xefe de servizo da Xunta de Galiza, que non consta curiosamente no expediente do Álvaro Cunqueiro, mais que era coñecido polos deputados e deputadas do Partido Popular. Tampouco a redución da superficie implicou unha redución do importe que a Xunta pagou e paga polos servizos privatizados. Se a superficie é menor, loxicamente os servizos de mantemento tamén terían que ser máis baratos, os ser-



vizos de lencería, os servizos de limpeza etcétera, mais ningún axuste houbo nese sentido. Por tanto, realmente o sobrecusto é superior. A Comisión de investigación acreditou que é superior a estes 470 millóns de euros.

Tamén quedou clara a existencia de irregularidades e ilegalidades no proceso de contratación. Cambiaron o preceptivo informe de viabilidade por outro máis reducido de viabilidade económico-financeira. Sacaron a exposición pública un informe distinto e moito máis reducido do informe real, que estaba gardado nun caixón, declarado reservado e confidencial. Aumentaron o prazo de explotación dos servizos privatizados de dezasete a vinte anos, co consecuente e coherente beneficio económico para a concesionaria. Estenderon ilegalmente os servizos alleos ao hospital de Vigo. Tamén incluíron ilegalmente o Nicolás Peña ou o Meixoeiro. Para non alongarme máis, a conclusión foi ben resumida —no que non lle cortaron— polo exsecretario xeral do Sergas, quen dixo: «O hospital foi máis caro, máis pequeno e fíxose moito máis tarde do que estaba inicialmente previsto». En suma, estamos en presenza do que posiblemente sexa o maior derroche de recursos públicos da historia desta autonomía. (*Aplausos.*)

Igualmente, e a pesar dos impedimentos do Partido Popular, quedou clara a existencia de notábeis irregularidades na contratación pública, con abuso da contratación menor, principalmente no Sergas. Dixemos e reiteramos: a contratación menor é un sistema legal mais que, como di o Consello de Contas, debe utilizarse excepcional e xustificadamente. ¿E por que? Porque a adjudicación menor é directa, non hai concorrancia, non hai publicidade, limita a posibilidade de presentar ofertas —de feito, a Xunta non pide ofertas cando recorre a este sistema— e incrementa as posibilidades e o risco de que se produza corrupción. Ademais, deben respectarse os límites que establece a lei, tanto cuantitativos como os límites temporais; non é admisible fraccionar os contratos. E a pregunta é: ¿cumpre isto a Xunta? A resposta é non. E iso supón un grave prexuízo para os recursos públicos, para os servizos públicos e para toda a sociedade de Galiza.

Só entre os anos 2018-2023 —os únicos aos que esta comisión de investigación puido ter acceso— adjudicáronse 4.000 millóns de euros vía contrato menor. ¡Catro mil millóns de euros! E podemos afirmar, en boa medida grazas ao traballo desta comisión de investigación, que na inmensa maioría dos casos existe e existía a posibilidade de utilizar outras fórmulas contractuais que permitisen a concorrancia entre empresas, o aforro de cartos públicos e que impedisen arbitrariedades e discrecionalidades. Sobre este particular abonda unha comparecencia, o manifestado polo xefe do Servizo de Cardioloxía do hospital de Vigo, quen dixo que «agás en casos moi puntuais, todas as empresas dispoñen de produtos competitivos entre si»; é dicir, que agás en casos puntuais, non está xustificada a contratación menor.

O propio Consello de Contas en distintos informes apreciou a existencia de numerosas irregularidades: contratación menor para atender necesidades recorrentes que se reiteran ano tras ano; vulneración de límites cuantitativos e temporais; repetición do mesmo contrato co mesmo contratista durante varios exercicios. O que, sen dúbida, supón evidentes prexuízos para os servizos públicos e para os recursos públicos, mais que tamén ten importantes beneficiarias: só nos últimos cinco anos e só en contratos menores, o grupo Eulen —que xa sabemos quen o dirixe en Galiza— recibiu máis de sete millóns de euros en máis de mil cin-



cocentos contratos. Só nos últimos cinco anos. Practicamente cada mes durante os últimos cinco anos —e a estes me remito, porque é dos que podemos ter coñecemento— está a recibir 10.000 euros mensuais pola limpeza de varias escolas infantís —Valadares, Muros, Arteixo, Monte Alto e Eirís— que se lle están adxudicando a dedo en prexuízo doutras empresas pequenas de Arteixo, de Muros, da Coruña ou de Vigo, que non poden ter a oportunidade esas empresas autónomas de concorrer a eses 10.000 euros que mensualmente se lle están dotando á empresa do grupo Eulen. *(Aplausos.)*

Á parte, seguramente tiña interese en declarar aquí a familia Cuíña para xustificar como en sete anos recibiron 800.000 euros en prestacións que podían ter sido realizadas por funcionarios e funcionarias da Xunta de Galiza.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: E como eses 286.000 euros foron outorgados pola Axencia de Turismo, que estaba adscrita á Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, da que era secretaria xeral Bea Cuíña. En cinco anos, o alcalde de Xunqueira de Ambía recibiu máis de 900.000 euros en contratos a dedo, mentres empresas de transporte adaptado tiñan que pechar porque non tiñan esa oportunidade de traballar neste ámbito que se lle estaba adxudicando ao alcalde pata negra.

Resulta —xa para rematar con esta primeira intervención— elocuente o exponencial incremento na contratación da Xunta de Galiza da empresa Allwork Vestuario laboral, que pasou de facturar 120 euros a 146.000 euros nos anos sucesivos, curiosamente dende que a secretaria xeral e o seu compañeiro, cunha terceira persoa, eran os titulares do capital social desta empresa.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Por certo, esa adquisición do cincuenta por cento do capital social desta empresa dedicada a equipos de protección individual produciuse en marzo de 2020, mentres a Xunta de Galiza estaba a elaborar...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...un protocolo de equipos de protección individual. É dicir, unha cousa curiosamente bastante fea. E non se lle deu a oportunidade de vir a este Parlamento para clarexar algo tan necesario de clarexar.

E nada máis para a miña primeira intervención. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Ten a palabra don Roberto Rodríguez.



O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Bo día.

Grazas, señora presidenta.

«*El que busca la verdad, corre el riesgo de encontrarla*». Hai dous meses e dous días inicié a miña primeira intervención na Comisión, cuxo ditame hoxe debatemos, con esta cita de Manuel Vicent. Dicía daquela que poucas citas máis acaídas para comezar os traballos da Comisión. Hoxe podó dicir que ningunha máis acaída para pechala, xusto antes de proceder a votar o seu ditame.

Tamén dixen entón, señorías do BNG e do PSdeG, que non tivesen medo de poder atopar a verdade, porque vostedes non a ían buscar. Non a buscaron en ningún momento, nin sequera hoxe, porque a vostedes nunca lles interesou atopala; vostedes son prófugos da verdade. É certo que rematan esta comisión igual que a iniciaron: fuxindo da verdade; iso si, foxen de verdades distintas. Empezaron a Comisión fuxindo da verdade da inexistencia da corrupción allea e remátana fuxindo da verdade da existencia da corrupción propia. Da súa paranoia corrupta do Partido Popular ao nacionalismo de amiguetes do *holding* Pontón e cía. alá onde goberna o BNG ou apoia o goberno do Partido Socialista. (*Aplausos.*)

Nós, señorías, non fomos inxenuos. Non albergabamos ningunha esperanza de que vostedes abrazasen a verdade. A verdade non atopa acomodo no relato que levan quince anos intentando inocularlles aos galegos. Fixeron exactamente o que agardabamos: cando a verdade apareceu na Comisión déronlle as costas, pecháronlle os oídos ao que os comparecentes dicían e pecháronlle os ollos ao que a documentación acreditaba. Non me avergoña confesar que sempre pensei que tiñan as conclusións escritas de antemán; pero hoxe, despois de escoitalos, teño claro que non, que nin as tiñan nin as van escribir nunca. Vostedes non galopan, señor Tabarés, a lombos da infamia; vostedes son a cabalería da infamia. Pois a cabalería da infamia, derrotada nesta comisión, non contempla nin rendición nin armisticio ante a verdade. Vostedes van seguir difamando ao galope, porque vostedes pretenden facer unha guerra da infamia infinita.

Só hai unha cousa na que vostedes acertan: tanto o BNG como o PSdeG teñen motivos máis que suficientes para sentir que a Comisión fracasou. Pero non por ningunha das razóns que vostedes apuntaron; vostedes fracasaron estrepitosamente porque fracasaron na consecución dos verdadeiros obxectivos cos que chegaron a esta comisión. Porque o BNG constituíu esta comisión cun único obxectivo, o de apuntalar o liderado da señora Pontón ante unha UPG que, en vésperas da súa asemblea nacional, se viu na obriga de lembrarlles onde estaban os marcos do nacionalismo galego: comunismo e independencia. E porque o PSdeG tiña como único obxectivo que esta comisión axudase a tapar a corrupción que asolagaba o Goberno do señor Sánchez. O certo —insisto— é que teñen motivos dabondo para considerar fracasada a Comisión, porque o liderado da señora Pontón sae da Comisión máis feble do que entrou e porque, por imposible que parecece, o Goberno do número 1 está máis afundido na corrupción que hai dous meses. Estes, e non outros, foron os motivos do seu fracaso, señorías. (*Aplausos.*)

E que conste que nada tiñamos en contra destes obxectivos —alá cadaquén—, pero nin podíamos nin debíamos consentir que pretendesen acadalos con cargo aos cartos de todos os



galegos e levándose por diante a reputación intachable de responsables políticos e funcionarios ao servizo da Administración autonómica, aos que non é que non se lles teña imputado un só delito; é que non se lles ten posto nin un só reparo de legalidade nas distintas auditorías ás que foi sometido o seu facer ao longo destes anos en todos os ámbitos de actuación obxecto desta comisión.

Unha comisión que é necesario lembrar, en primeiro lugar, que é do Parlamento de Galicia e non do Bloque Nacionalista Galego. Non nos sorprende, porque o Bloque acostuma tentar patrimonializar como seu o que é de todos; xa sexa a defensa da lingua, a sanidade, a educación pública, a loita contra a violencia de xénero, contra o cambio climático e, se é necesario, mesmo Castela no 75 aniversario do seu pasamento. Van vostedes pola vida repartindo carnés de bo galego, aínda que os galegos cada catro anos maioritariamente lles din que non son como vostedes lles din que teñen que ser. (*Aplausos.*) Por iso non nos sorprende que vostedes tamén tentasen facer súa esta comisión. Súa foi a iniciativa de constituíla —que é certo que ademais puideron facelo grazas á reforma do Regulamento apoiada por este grupo maioritario e co seu voto en contra, tamén hai que lembralo—, pero aí é onde acaba o seu poder de disposición sobre a Comisión. Porque a capacidade para impulsala non inclúe o dereito de impoñer nin as normas nin o seu plan de traballo. Deixouno claro o informe asinado por todos os letrados desta Cámara. Literalmente: «Os deputados e as deputadas solicitantes non se convierten en deputados ou deputadas de mellor condición que as restantes deputadas e deputados que formen parte da Comisión creada simplemente porque foron os promotores do seu nacemento. Tanto as normas de funcionamento como o plan de traballo e os outros acordos que deben tomarse sométense ao principio democrático da adopción de acordos por maioría, de conformidade co recollido no artigo 84.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia». Ao mellor respectaban máis ter constituída a Comisión no Parlamento de Cataluña, porque alí todos sabemos que son menos respectuosos coa legalidade. Probablemente alí tivesen máis éxito, pero aquí non. Polo tanto, aí é onde se esgota o seu dereito. Non me estraña que vostedes a isto lle chamen «golpe á democracia». Claro, son fans confesos do réxime de Nicolás Maduro... ¡Tan valentes cos ditadores mortos e tan fans dos ditadores vivos! Así son vostedes, señorías do Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*)

Miren, vostedes estaban tan arrepentidos de ter constituído esta comisión que dende o primeiro momento chegaron a representar alternativamente dous papeis antagónicos: o de ditadores e o de vítimas. Por un lado, o de ditadores, tentando impoñer unhas normas e un plan de traballo por riba dos dereitos da maioría parlamentaria; e, por outro, denunciando coma vítimas e como atropelo o normal funcionamento da norma esencial de calquera sistema democrático, o sometemento á regra da maioría parlamentaria.

Pero, como proba desta impostura, voulles poñer uns exemplos: o 41 por cento das comparecencias solicitadas por este grupo maioritario e incorporadas ao plan de traballo tamén foron solicitadas por vostedes, 16 das 39. Este grupo maioritario ofreceu a transacción do plan de traballo para incluír todas as solicitudes de documentación dos grupos da oposición, absolutamente todas, e a maior parte tamén das súas comparecencias, sen necesidade —e consta nas actas— de que votasen a favor da transacción, sen necesidade de que desen o seu voto para apoiala. ¡E nin así! A única limitación facía referencia a persoas concretas para as que non había xustificación para o seu chamamento, porque tan só se buscaba criminalizar



particulares alleos á política que nin sequera contrataran un só euro coa Xunta de Galicia. E tamén se negaron, pese a que se ofreceu que comparecesen representantes desas empresas. E ¿por que? Porque vostedes o que buscaban eran fotos e non feitos. Porque vostedes tentaron poñer en marcha a toda costa unha causa xeral contra a totalidade da xestión da Xunta de Galicia sen obxectivo concreto nin limitación temporal, como en certa medida xa anticipaba a denominación inicial da Comisión.

Pero o certo é que as normas de funcionamento e a confirmación do plan de traballo seguiron exactamente o mesmo procedemento que o observado, por exemplo, na Comisión de investigación sobre a cidade da Cultura, constituída na 7ª lexislatura cos votos dunha maioría parlamentaria diferente á actual, e que entón conformaban precisamente Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego. ¿Como pode ser que agora vostedes manifesten unha radical oposición ás mesmas normas e ao mesmo procedemento que a vostedes si lles valeu cando gobernaban? ¡É que non teñen nin o máis mínimo decoro! É unha incongruencia total e absoluta.

E agora vou pasar a analizar moi resumidamente as conclusións do Ditame que hoxe sometemos a votación. En primeiro lugar, quero deixar claro que, tanto pola información facilitada polo distintos comparecentes como pola análise da documentación achegada, por primeira vez na historia deste Parlamento iniciouse unha comisión con toda a documentación que formaba parte do plan de traballo á disposición desa comisión. Pois, tanto dos comparecentes como da documentación, púidose constatar que non hai unha soa tacha de ilegalidade nin no proceso de construción do hospital público Álvaro Cunqueiro, nin nos procesos de contratación menor da Xunta de Galicia nin na contratación de emerxencia efectuada pola Administración autonómica e, particularmente, polo Servizo Galego de Saúde durante a pandemia. Esta conclusión é total e absolutamente incuestionable, mesmo para quen fuxe da verdade. Dicir o contrario é mentir. Non hai termo medio; dicir o contrario é mentir.

En canto ao hospital Álvaro Cunqueiro, a fórmula utilizada para a execución, a colaboración público-privada, era a única opción viable nun momento de gravísima crise económica, ausencia de recursos e imposibilidade de recorrer a débeda. Quedou acreditado. A decisión adoptouse co aval da Intervención Xeral do Estado e do Banco Europeo de Investimentos e, posteriormente, foi avalada polo informe do grupo de traballo da contabilidade nacional, integrado polo INE, o Banco de España e a IGAE. Non houbo modificación do prazo da concesión nin se reduciu a superficie hospitalaria. Hai unha diferenza de criterio que respectamos, pero non compartimos, por parte do Consello de Contas á hora de non computar determinada superficie útil construída.

O Goberno bipartito explorou a posibilidade de utilizar unha forma público-privada, pero nada deixou, nin proxecto nin crédito orzamentario. (*O señor Rodríguez Martínez amosa un mapa conceptual.*) Pero o certo —e así o deixou ben claro a documentación co informe que no 2007 lle encargaron a PriceWaterhouseCoopers ou en 2008 a Garrigues— é que vostedes o que pretendían facer era constituír unha sociedade mixta, dez por cento de capital público da Xunta e noventa por cento capital privado; e non só para o Álvaro Cunqueiro, para sete grandes infraestruturas hospitalarias. Pero é que ademais, aínda no suposto de ter contado con orzamento suficiente, a construción tería resultado máis cara e tardaría máis tempo, prazo do que a área sanitaria non dispoñía dado o colapso que daquela xa presentaba a área sanitaria de Vigo.



Quedou plenamente acreditado que non houbo sobrecusto, porque o Consello de Contas nunca o dixera. E así o deixou claro o señor Aladro, o conselleiro maior, cando dixo que o informe o que plantexaba eran dúas alternativas, pero xa recoñecía que unha delas non era viable e que, polo tanto —e cito as súas palabras, se me permiten—, «*la opción cien por cien pública parte de un escenario óptimo donde la Administración fuese capaz de financiar la inversión con recursos propios. Por eso decimos un escenario óptimo, que no es el caso*». Isto é o que dixo o señor Aladro. O señor Aladro veu confirmar o informe. O que non confirmou son as interpretacións que vostedes fan do informe, que son cousas ben distintas. Porque o informe nunca falou de sobrecusto, nunca existiu tal cousa.

A fórmula empregada permitiu dotar a área sanitaria de Vigo do mellor hospital de España en menos de cinco anos, fronte aos quince que suporía un contrato de obra pública ordinaria. Grazas a iso, ese hospital foi referencia en Galicia, e fóra de Galicia, na loita fronte á covid. Era a única alternativa. Só había outra, a única alternativa que existía a facer así o hospital era directamente non facelo. E ás probas me remito. Porque vostedes agora din que o tiñan todo listo. (*O señor Rodríguez Martínez amosa dúas fotografías, nunha aparece un soar baleiro e noutra un complexo de edificios.*) Isto era o que estaba no 2009 e isto é o que está no 2015. Estas son as dúas alternativas que existían: a súa, a dos que prometen e din que tiñan todo listo, pero así o deixaron; e a dos que en cinco anos fixeron o mellor hospital de Europa. (*Aplausos.*)

En relación coa contratación —e vou rematando— da Administración autonómica, a Comisión de investigación acreditou que a contratación pública, incluída a menor da Xunta de Galicia, cumpre escrupulosamente coa normativa legal, sometendo os expedientes a todos os controis internos e externos exixibles, tanto por parte da asesoría xurídica da Intervención como polas posteriores auditorías externas por parte dos órganos competentes. Acredítase tamén a ausencia dunha relación causa-efecto entre a identidade de cargos directivos e a facturación de determinadas empresas que prestan servizo á Xunta de Galicia.

Eu si teño que recoñecer un verdadeiro fracaso por parte do Partido Popular: beneficiando a empresas amigas somos un desastre; temos que mellorar. Porque, miren: (*O señor Rodríguez Martínez amosa un gráfico.*) Eulen co Partido Popular e Eulen co Bipartito. ¡É que somos un desastre! Iso si que o recoñezo, que aí de verdade que somos un desastre beneficiando empresas amigas. Vostedes fano mellor, xa quedou tamén acreditado na Comisión de investigación. No caso da empresa Eulen, o volume de facturación coa Xunta é similar, con independencia da cor política do Goberno autonómico. O Bipartito adxudicou unha media anual de 4,6 millóns e os gobernos posteriores adxudicaron unha media anual de 4,7 millóns. Iso si, non son datos idénticos, porque agora nós si incluímos un total de quince entidades do sector público autonómico que antes non transparentaban con vostedes. O volume de contratación menor efectuada pola Xunta de Galicia mantense en niveis similares. Durante o Goberno bipartito: un 8,2 por cento do orzamento; nas lexislaturas posteriores, un 8,6. E, insisto, non é unha comparativa homoxénea.

Acreditouse tamén que a actividade contractual do Sergas, moi elevada e sometida a unha casuística específica, se desenvolveu sen tacha ou reparo de ilegalidade; que o procedemento negociado sen publicidade está previsto na normativa da contratación e se utiliza para a adquisición de determinados medicamentos sometidos a patente e sen alternativa terapéutica ou para mantemento...



A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: ...—remato xa— de determinados equipos. Sobre a contratación en pandemia, pois máis do mesmo: foi unha contratación residual e, ademais, xustificada.

Remato. Non quixera finalizar esta primeira intervención neste debate sen reiterar o agradecemento xa feito por parte da presidenta da Comisión aos servizos da Cámara: á letrada, aos Servizos Xurídicos e de Asistencia Parlamentaria e, por suposto, aos uxieres e demais persoal administrativo; pola súa implicación, esforzo e mesmo paciencia e pola súa disposición a colaborar e facilitar os traballos desta comisión que hoxe chega ao seu fin.

Máis nada, por agora e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Rodríguez.

Continuamos coa rolda dos distintos grupos parlamentarios para facer o seu posicionamento sobre os votos particulares dos demais e a réplica.

En primeiro lugar, o Grupo Mixto. *(O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.)*

Renuncia á súa quenda de intervención.

Continuamos, pois, co Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Ten a palabra a señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Grazas de novo, presidenta.

Deuse vostede a resposta a si mesmo, señor Rodríguez. Presume de ter usado a mesma cita o primeiro día e o último; iso si, o que dixó aquí é moi clarificador. Vostede sabía o primeiro día o que ía dicir o último, porque todo o que se soubo polo medio a vostede non lle importa e xa sabía que non lle ía importar. *(Aplausos.)* Grazas, señor Rodríguez, por ser tan claro.

A min non me gusta saírme dos temas. Moitísimas veces faino o Partido Popular e obrígame a facelo a min hoxe tamén. Porque a corrupción sistémica é a do Partido Popular: Bárcenas, Rato, Zaplana... E non sigo porque, senón, ao mellor teñen que saír correndo e acaban a 215 quilómetros por hora pola carretera. *(Aplausos.)*

E imos xa ao obxecto do que nos trae aquí. Os socialistas presentamos voto particular cun documento alternativo para que os galegos e as galegas coñezan de verdade o que pasou realmente, porque o documento do que partimos soamente contén manipulacións do Partido Popular sobre o Álvaro Cunqueiro e tamén sobre os supostos favoritismos a familiares do Partido Popular en contratos públicos.

Vou ir á nosa valoración conclusiva do proceso de contratación do Álvaro Cunqueiro, que é exactamente a que di o Consello de Contas na súa integridade. Hai un sobrecusto de 470 millóns de euros pola forma elixida da contratación, a non existencia da análise sólida previa



á elección do modelo de contratación pública-privada, as modificacións sen xustificar da superficie útil hospitalaria e do prazo concesionario, a dúbida do calco das hipóteses de investimento e fiscais, o non-amparo legal para os servizos adxudicatarios do Meixoeiro e do Nicolás Peña, o non-seguimento na fase do expediente, a opacidade e a afectación ao principio de concorrencia na adxudicación e a demora na adxudicación do contrato.

Porque a manipulación do Partido Popular chega ao límite de que non hai nin unha soa diferenza no documento do Partido Popular aos comparecentes con responsabilidades no Goberno de Emilio Pérez Touriño. Comparecentes que destaparon o que o PP non quería que se oíse sobre o hospital Álvaro Cunqueiro. Isto chama realmente a atención e chámase ocultar a verdade.

Os informes do Consello de Contas puxeron de manifesto que o proceso de contratación e construción do hospital Álvaro Cunqueiro foi alterado e tivo intervención política que derivou nun sistema de contratación e de dotación orzamentaria que supuxo un sobrecusto de 470 millóns de euros para, ademais, obter un centro hospitalario máis pequeno e menor dotación de recursos que o que inicialmente proxectara o Goberno anterior. E hoxe podémolo comprobar. Como exemplo, miremos por que se está ampliando hoxe o hospital de día do Álvaro Cunqueiro.

Tamén sabemos que existe unha gran cantidade de contratos que contan entre os seus directivos con familiares de altos cargos do Goberno galego e do Partido Popular. Esta coincidencia resulta difícil asumila como accidental. E, señor Rodríguez, calquera empresa pode ser adxudicataria dun contrato, pero con transparencia e con concorrencia, que son os datos que vostede ofrece do Bipartito.

Pero ¿que concluír, se o Partido Popular vetou a participación na Comisión de todas as persoas involucradas e negou a posibilidade de que puidese explicar se estas sospeitas xerais estaban fundadas ou non? Se nada tiñan que ocultar, ¿por que non compareceron? ¿Por que quixeron manter a sombra da sospeita? As nosas conclusións son que se debe seguir investigando cunha comisión composta de maneira equitativa polos grupos da Cámara e na que as decisións deban asumirse por maioría cualificada de dous terzos; na que as comparencias poidan ter un formato que permita afondar nas cuestións e ser máis interactivas e que reciba a documentación requirida. E, de non facelo, perde Núñez Feijóo, porque nunca xustificará a súa xestión pasada cando era presidente da Xunta de Galicia, e perde Rueda, ao deixarse mandar desde Génova.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Remato, señora presidenta. Porque, de non seguir investigando —aínda que son consciente de que esta omisión se pecha, pero hai posibilidades—, sería recomendable que o Parlamento de Galicia poña á disposición das institucións xudiciais a información que recadou, as gravacións das comparencias da Comisión e entregue todo o necesario para que se estime a posibilidade de que o percorrido sexa xudicial, se a vía parlamentaria —que sería a maneira clara e prioritaria de facelo— non pode e non quere. Se o Parlamento non quere facer este traballo, sempre nos quedará outra vía para facelo.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra o señor don Iago Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Grazas, señora presidenta.

Diciamos que esta comisión, a pesar de que non puido cumprir tres dos catro obxectivos que estaban inicialmente previstos e que foron os que deron lugar á súa constitución, non podemos afirmar en ningún caso que non serviu para nada. Quedou acreditado, desgraciadamente, algo que xa sabiamos: unha deriva antidemocrática do Partido Popular e a súa crecente falla de respecto institucional. Pero todo este sistema de corrupción, ¿a que leva o Partido Popular? A impedir reiteradamente o control da acción de goberno, negando comparecencias, negando o cumprimento dun dereito á documentación, como establece o artigo 9 deste regulamento ou mesmo a Comisión de investigación. Eu xa puña o carro antes que os bois e estaba explicando ao señor Rodríguez a diferenza que existe entre unha comisión de investigación creada por acordo plenario de cando é creada por un dereito dun grupo parlamentar contra a oposición do grupo maioritario. É diferente a regulación, loxicamente e por sentido común; e, se non, dígame se non sería posible, de acordo co seu criterio, constituír a Comisión e pechala no mesmo día. Non sería razoábel e non se estaría cumprindo ese dereito.

Esta comisión non só acreditou esta deriva antidemocrática do Partido Popular, senón que tamén se acreditaron os extraordinarios prexuízos económicos provocados por unha decisión —ten razón o señor Ojea— ideolóxica e non reflexionada e que carecía de informes de eficacia e eficiencia. Simplemente cambiar o financiamento público e a xestión pública do Hospital de Vigo por unha xestión privatizada mediante a concesión da construción e dos servizos non sanitarios. Iso comportou 470 millóns de euros, mais os prexuízos económicos foron superiores.

Outra cousa. Decía o señor Rodríguez que non estaba acreditada outra posibilidade. Non, está acreditado que existían outras posibilidades. É máis, está acreditado que no Goberno de coalición BNG-PSOE existían acordos da Xunta de Galiza, do Consello da Xunta, para pór en marcha outro sistema para construír ese grande hospital para Vigo. E este cambio ideolóxico non só foi máis caro, senón que deu lugar a un hospital máis pequeno e que, en lugar de estar feito e en funcionamento no 2013, non entrou en funcionamento ata 2015; é dicir: máis caro, máis pequeno e incluso se fixo máis tarde. Por certo, como consecuencia diso, no día de hoxe, en 2024 estanse licitando novos servizos por millóns de euros. A construción de novos servizos que poderían ter sido previstos no momento da súa construción, mais que, como non se fixo, estanse pagando no día de hoxe.

E, por certo, efectivamente falamos de que é propiedade da Xunta de Galiza. É propiedade, si, pero as facultades dominicais están limitadas. A pregunta é, ¿pode a Xunta de Galiza facer calquera obra nese hospital sen consentimento da concesionaria? Pois ben, é propiedade de, pero coas facultades dominicais, as facultades do propietario, bastante diminuídas.



Tamén quedou acreditada a utilización abusiva e irregular da contratación discrecional, tanto da contratación de emerxencia... Hai unha cousa que é bastante curiosa. Nas propias afirmacións da Xunta de Galiza di que de 62 empresas contratadas en pandemia só 14 non tiñan experiencia previa coa Xunta de Galiza. Curiosamente dentro desas 14 coas que non existía experiencia previa da Xunta de Galiza está a da parella de Ayuso, a do cuñado de Feijóo e a das mascarillas falsas, que, ademais, curiosamente foron ás que máis se lle adxudicaron, Porque a empresa á que máis se lle adxudicou no ano 2020 é a empresa do que era comisionista a parella de Ayuso; a empresa á que máis se lle adxudicou en contactos de emerxencia a dedo no ano 2021 era a empresa que ten relación co cuñado de Núñez Feijóo. En definitiva, resulta que as que tiñan menos experiencia e menos solvencia acreditada eran ás que, curiosamente, máis euros se lles adxudicaban.

E despois, insisto, señor Rodríguez, os gráficos que nos levan meses ensinando están feitos con datos falsos. ¡Están feitos con datos falsos! (*Aplausos.*) Xa llo dixemos máis veces. Resulta que da información facilitada neses gráficos no 2019 só había 26 contratos co grupo Eulen, e só en contratos menores detectamos 278. Poden sacar eses gráficos, pero son mendaces. No 2020, 32 nese gráfico; na realidade, 219. No 2021, 31 nese gráfico; na realidade, 328. ¿Ve como tan malos non eran beneficiando empresas amigas? Facíano bastante ben, o que pasa é que pretenden dar outra impresión con eses gráficos manipulados.

Pero, xa para rematar, unha reflexión persoal. Realmente —e a pesar de ser de Ourense, onde estamos habituados a que os presidentes da Deputación sexan condenados, un por prevaricación e outro por utilizar bens públicos a unha velocidade excesiva—, (*Aplausos.*) vin con sorpresa e preocupación o normalizada que teñen a corrupción. E a corrupción é terrible, a corrupción foi a que leva a ese sobrecusto de cincocentos millóns de euros e iso ten repercusión. E iso ten repercusión en gastar cincocentos euros de máis, porque logo non hai médicos...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ PIÑEIRO: ...logo non hai sanitarios e teñen unhas condicións laborais que os levan a ter que emigrar. Logo non temos uns servizos... (*Murmurios.*) Faille moita graza. Claro, despois vostedes van á privada...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¡Silencio!

O señor TABARÉS PÉREZ PIÑEIRO: ... pero os que temos que ir á pública (*Aplausos.*) e vivimos o que no ano 2006 se vía como ridículo, o que vimos no ano 2022 pódenos un pouquiño máis.

Pero, realmente, se non existise...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Respecten o turno de palabra do señor deputado. ¡Silencio, por favor!

O señor TABARÉS PÉREZ PIÑEIRO: ...sobrecusto, teríamos...

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¡Silencio!



Voulle dar cinco segundos para rematar, que xa vai un minuto corenta. Eu entendo que o interromperon, pero hai que ir rematando. Prégolles aos señores e señoras deputados que garden silencio, por favor.

(Interrupcións.) (Murmurios.)

¡Por favor!

O señor TABARÉS PÉREZ PIÑEIRO: E iso que non coñecen a sanidade pública; se a chegan a coñecer estarían moito máis enfadados. *(Aplausos.) (Risos.)*

E non só esa corrupción provoca efectos nos recursos públicos e nos servizos públicos; iso tamén afecta o tecido empresarial. Hai tecido empresarial que non pode participar neses contratos adxudicados a dedo e despois leva a que teñan que pechar as empresas ou teñan que marchar ao paro. Por tanto, esa condescendencia coa corrupción ten consecuencias nos servizos públicos, ten consecuencias nos recursos públicos e tamén no benestar da nosa cidadanía. Por iso o que pedimos é respecto ás normas de contratación e transparencia e legalidade.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

¡Silencio!

Quenda de intervención do último grupo parlamentario, o do Partido Popular.

Ten a palabra novamente o señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Señora Espinosa, se non quería escoitar a mesma cita o primeiro día e o último, tíñaos moi fácil: ¡só tiña que desmentirme ao longo destes dous meses! Claro, ese é o problema. O dos xulgados están tardando. Son cousas tan graves as que vostedes dixeron nesta comisión, que xa están tardando. Non se escuden no traballo parlamentario, vaian xa canto antes.

Señor Tabarés, normalizar, ¡home!, aquí o único que parece ultimamente é que vostede si que está normalizando levar nas súas listas persoas condenadas por pederastia, porque diso aínda non dixeron nada e estánselle acumulando as preguntas á señora Pontón. *(Aplausos.)* ¡Ollo co que se está a normalizar!

Miren, finalizamos hoxe coas exequias desta comisión, morta case ao mesmo tempo de nacer. Na súa terceira sesión, quedou descartado o sobrecusto do Álvaro Cunqueiro. Na primeira semana constatouse a ausencia de calquera tipo de reparo de legalidade na contratación desenvolvida durante a pandemia, sen vestixio de Koldos ou Aldamas; e, ao longo de toda ela, sen atisbo de calquera proba deses «quinze anos de chanchullos do PP», expresión reducida máis ca nunca a slogan da paranoia corrupta que vostedes padecen.



En calquera caso, unha comisión que empezou pretendendo ser comisión de difamación, que por momentos foi comisión do esperpento e que rematou sendo a comisión do espello ante o que vostedes quedaron espidos. Porque, ao mellor, deses presuntos quince anos de chanchullos do PP, pasamos aos vinte anos de chanchullos do nacionalismo de amiguetes. Si, repasen conmigo. En xullo de 2001 constitúese Carrumeiro Media, fundada por tres persoas fortemente vinculadas ao Bloque Nacionalista Galego: Alberte Souto, Xoán Manuel Bazarra e Alberte Ansede. Coa chegada ao poder do Goberno bipartito, dous deles, o señor Bazarra e o señor Souto, foron nomeados respectivamente xefe de gabinete da Consellería de Industria e secretario xeral da Consellería de Medio Ambiente. Dende ese verán e ata outubro de 2006 os dous responsables en San Caetano compaxinaron este labor coa Administración de Carrumeiro Media, que, en dous meses, recibiu 78 contratos por importe de 1,1 millóns de euros. ¡En dous meses! (Aplausos.)

¿Que dicía o BNG? O BNG dicía daquela: «non se cometeu nin unha soa irregularidade e todos os servizos que se contrataron foron prestados no tempo e na forma á Administración». Iso dicía daquela o BNG. Pero é que vinte anos despois todo segue igual, como quedou acreditado na última xornada da Comisión coa comparecencia do señor Cela, home senlleiro do nacionalismo galego con responsabilidades orgánicas dende hai dúas décadas e, dende o 2016, no círculo máis de confianza da señora Pontón. É o fío condutor das tres campañas que desenvolveu como candidata e, sen embargo, foi a primeira —e, polo de agora, que saibamos, única— vítima desta comisión de investigación. Si, porque semella que, ademais de fío condutor político, era tamén fío condutor empresarial do *holding* nacionalista e por iso foi apartado da cúpula, co fin de cortar o lume que cada vez se achega máis á señora Pontón.

¿Que opinan, señorías do BNG? ¿Que opinión lles merecen os contratos de Atlantic Ponte —onde o señor Cela é director de proxectos da consultoría— nos concellos gobernados polo BNG ou por outros partidos co seu apoio? ¿Que lles parece? ¿Que opinan? Concello de Pontevedra —no que, por certo, a esposa do señor Cela é coordinadora de alcaldía—: 120.000 euros, nesos contratos aos que nós lles chamamos «menores» e vostedes chaman «a dedo» ás veces. Só no último ano, 80.000 euros en contratos menores. Concello da Coruña, 60.000 euros. Concello de Santiago, 720.000 euros. Concello de Ferrol, 25.000 euros. Concello de Pontearreas, 67.000 euros. Concello de Touro, 15.000 euros. Parece a lotería de Nadal, pero xa remato. Deputación da Coruña, 285.000 euros. ¿Que opinión —teño curiosidade— lles merecen estes contratos? (Un deputado: ¡Ningunha!) Porque son apenas unha escolma porque, segundo os datos de plataformas públicas de contratación, esta empresa coa que vostedes teñen esta vinculación tan cercana, Atlantic Ponte, acadou 49 adxudicacións públicas por un importe de nada menos que 3,6 millóns de euros. ¡Son moito mellor que nós facendo iso! ¡Moito mellor! ¡Dannos mil voltas beneficiando amiguetes! (Aplausos.) No outro comparecente do último día non me vou deter por falta de tempo.

Pero, por iso, logo de escoitalos hoxe pregunteltes: ¿que opinión lles merecen estes contratos, señorías do BNG e do PSOE? Porque quero lembrarlles que os que non cren nas casualidades son vostedes. ¿Ou é que vostedes exercen de policía da moral da contratación pública a tempo parcial? ¿Que explicación lles van dar aos galegos? ¿Que lles van dicir, que os que denunciemos estas prácticas non somos boas persoas? Porque iso foi o único que acertou a dicir na súa defensa o señor Cela, que xa lle dicía súa nai que antes de ser político hai que



ser boa persoa. ¿Saben o que me dicía a min a miña nai? «Robertiño, non as fagas, non as temas». Iso é o que me dicía a min a miña nai. *(Aplausos.)* ¡Era o que me faltaba, señorías! A ver se agora, para ser boa persoa, hai que levarse millóns de euros a dedo alí onde gobernan os teus amigos. Dende logo iso non sei se é de boas persoas, pero de bos nacionalistas seguro que si é, señorías. ¡De bos nacionalistas si que é!

Remato. Eu non son de poñer camisetas...

(Murmurios.) (Protestas.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Silencio, por favor, que estamos rematando.

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Eu non son de poñer camisetas, pero quero recomendarlles un deseño...

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): ¡Silencio, por favor!

¡Silencio!

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Eu non son...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Déixenlle rematar ao deputado que está no uso da palabra, por favor.

Señor Rodríguez, ten que ir rematando, por favor.

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Remato, remato, señora presidenta. Grazas. Miren, eu non son de traer aquí e vir con camisetas, pero bueno, eu recoméndolles para a próxima este deseño: *(O señor Rodríguez Martínez amosa unha fotografía.)* «En Galicia non houbo nin Koldos nin Aldamas». Xa saben todos vostedes onde están. *(Aplausos.)*

E remato xa. Chegou o momento de responder á única pregunta que se formulou na Comisión de investigación e que, no día de hoxe, segue sen resposta: ¿poden vostedes afirmar que ninguén do círculo máis íntimo, político ou persoal, da cúpula do seu partido, señores do BNG, recibiu adxudicación ningunha por parte dunha administración na que o BNG governe ou na que apoie o Goberno?

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: O silencio é atronador e imposible de entender, ademais, porque nas súas propias palabras: «o que non ten nada que ocultar non ten nada que temer».

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Votación do Ditame

A señora PRESIDENTA (Candía López): Rematado o debate, procedemos á votación do Ditame da Comisión non permanente de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica e dos votos particulares.

Rogo que pechen as portas.

Comezamos, en primeiro lugar, votando os votos particulares. O presentado polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, que estaba rexistrado co número 1.5864.

Votamos.

Votación do voto particular do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame da Comisión non permanente de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este voto particular.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Continuamos coa votación do voto particular presentado polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, rexistrado co documento número 1.5882.

Votamos.

Votación do voto particular do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame da Comisión non permanente de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este voto particular.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Continuamos coa votación do voto particular do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, rexistrado co número 1.5883.

Votamos.

Votación do voto particular do G. P. Popular de Galicia ao Ditame da Comisión non permanente de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 34; abstencións, 1

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este voto particular.

A señora PRESIDENTA (Candía López): E, por último, en relación coa votación, votamos o ditame da Comisión non permanente de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica coa incorporación do voto particular que tivo voto favorable.

Votamos.

Votación do Ditame da Comisión non permanente de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica coa incorporación do voto particular do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 35.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o Ditame con este voto particular.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Continuamos coa orde do día.

Continuamos co punto 3, de comparencias.

Comparencia do Sr. conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, por petición propia, para explicar as liñas mestras da Consellería na procura de man de obra cualificada para a cobertura de vacantes en sectores estratéxicos en Galicia

A señora PRESIDENTA (Candía López): Sen límite de tempo, ten a palabra o señor conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, don José González.

O señor CONSELLEIRO DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN (González Vázquez): Moi bo día, presidenta.

Deputados e deputadas.

Penso que é sabido, e no seu defecto é totalmente perceptible, o meu afán polo parlamentarismo. Eu son un convencido da necesidade de render contas diante deste Parlamento e, sobre todo, do enriquecedor que resulta este proceso para todas as medidas que poida adoptar o Goberno, tanto as que estean activas xa como as que se queiran poñer en marcha. Quero tamén trasladar que, de facto, é a miña terceira comparencia dende que tomei posesión como conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración hai pouco máis de nove meses.

Recorden que na primeira delas estabamos aterrando e fixemos un esquema de cal era a forma de avanzar nos tres eidos da nosa competencia: comercio, emprego e emigración. Na



segunda, ademais de consolidar este esquema, puxemos enriba da mesa o orzamento para os obxectivos que perseguíamos. E hoxe, nesta terceira ocasión e centrándome na competencia de emprego, queremos falar loxicamente deses retos que ten o mercado laboral galego e que, se me permiten avanzalo —xa o dicía tamén a presidenta no sentido da comparecencia—, eu destacaría en primeiro lugar a escaseza de man de obra en todos os niveis retributivos en todos os sectores económicos; ao mesmo tempo, tamén, a necesidade de mellorar a empregabilidade daqueles que demandan activamente emprego e tamén o elevado absentismo; e na outra cara da moeda, por suposto, a prevención de riscos laborais e o control da sinistralidade laboral.

Se me deixan, referireime en primeiro lugar ao dato do absentismo, tendo en conta ademais que se está facendo un traballo non só por parte da Consellería de Emprego, senón tamén da Consellería de Sanidade. Quero dicirlles que dende Emprego o que decidimos é levar tanto a prevención de riscos laborais como tamén a sinistralidade e o absentismo ao seo do diálogo social. Constituímos unha mesa, dentro do diálogo social, con esta temática e puxemos en marcha, por petición da propia mesa, un informe da Universidade de Santiago de Compostela que ten por obxecto analizar como afecta o absentismo á produtividade das empresas galegas; é dicir, cal é o seu custo. Por certo, non sei se viron hoxe na prensa un informe publicado xa con datos de 2024, que sinala para toda España un custo de preto de 29.000 millóns de euros por mor do absentismo, dos que case 14.000 son custos que lles corresponden ás empresas españolas. Dicía que ese informe da USC tiña por efecto analizar como impacta o absentismo na produtividade, pero tamén cales son as súas causas.

O certo é que, se atendemos a calquera dos índices de absentismo, Galicia resulta estar entre as tres primeiras comunidades autónomas por niveis de absentismo de toda España, sendo España o país da Comunidade que ten o absentismo máis alto. Se tomamos o número de xornadas perdidas con datos do INE, estamos en cuarto lugar; con datos das mutuas, en terceiro lugar. Se atendemos á duración dos procesos das incapacidades temporais, estamos no segundo lugar por riba; máis de sesenta días, señorías. A media de baixas laborais en Galicia —de incapacidades temporais— duplica o dato medio doutras comunidades autónomas como poden ser Navarra, Cataluña ou Madrid. A media nacional é corenta e en Galicia máis de sesenta días. Na prevalencia dos procesos de longa duración, segundo lugar. En porcentaxe de persoas ocupadas que se ausentaron por incapacidade temporal, segunda posición. É dicir, estamos con Canarias e País Vasco como as principais comunidades autónomas por niveis de absentismo no Estado da Comunidade Europea que teñen o absentismo máis alto.

Pódolles avanzar —aínda que este informe se vai levar ao seo do diálogo social— que, ao analizar os factores —e é moi común dicir que os factores propios de Galicia pois inciden no absentismo—, se teñen en conta factores como o avellentamento, o peso das mulleres na forza laboral, a estrutura produtiva e as condicións laborais. O informe conclúe que iso explica só dunha forma moi parcial o elevado absentismo que hai en Galicia e incide en que hai que profundar en cales son as súas causas.

Tamén estamos traballando —como non pode ser doutro xeito— na prevención de riscos laborais, a medio e longo prazo, coa Estratexia de seguridade e saúde do traballo en Galicia: Horizonte 2027, e tamén no curto prazo co Plan de actuación do Instituto de Seguridade e



Saúde Laboral de Galicia —o Issga—, que neste ano 2025 está fundamentalmente orientado a campañas en diferentes sectores económicos. Eu destacaría aquí, ademais dos que xa veñen de anos anteriores, os programas de mellora de xestión dos riscos psicosociais, así como a promoción da saúde no traballo.

Falaba tamén da escaseza de man de obra. E eu teño que dicir que, unha vez iniciado un proceso de escoita activa de todos os axentes económicos, entendemos que isto é un dos grandes retos do mercado laboral galego. O que fixemos foi poñernos a traballar. Eu teño que dicir, en primeiro lugar, que esta é unha problemática non só do mercado galego, senón que é unha problemática europea, do resto de comunidades autónomas e do resto de países europeos.

Temos por diante un reto importante, que temos que afrontar —como digo— da man dos axentes económicos, e así o fixemos nós. No mes de setembro tivemos unha serie de xornadas técnicas a través dos clústeres cos diferentes sectores económicos no marco do programa de atracción de talento. O que buscabamos é coñecer as necesidades específicas de persoal do tecido produtivo, identificar as barreiras de acceso á man de obra e informar sobre as diferentes vías e recursos en activo para facilitar a incorporación ao mercado laboral, por unha banda, da xente que xa está aquí e desexa traballar, pero tamén a xente de fóra, como pode ser a colectividade galega no exterior ou as persoas estranxeiras.

Estamos traballando —como non podía ser doutro xeito— da man dos sectores para configurar un plan á medida de cada sector atendendo ás súas necesidades específicas. E nós temos aquí unha función de asesorar, de acompañar, tendo en conta que buscamos facilitar e non estorbar o traballo das empresas, verdadeiras creadoras de emprego e de riqueza. Son moitas as iniciativas que xa temos en marcha e que xa están faladas cos axentes económicos e que tamén se queren traer aquí a este Parlamento, nun afán, por suposto, de confrontar e escoitar tamén as súas consideracións.

Creo que o importante aquí é falar de talento e falar tanto de reter como de captar ou atraer talento. E para aí teñen que ir orientadas as nosas políticas e crear unha ponte efectiva que de xeito máis eficiente case a oferta e a demanda, cubrindo as necesidades das nosas empresas coas capacidades das persoas que están en busca activa de emprego. E tendo en conta —e isto creo que tamén é relevante— o contexto demográfico que estamos a vivir, é fundamental atraer talento foráneo para seguir sumando capacidades ao noso tecido produtivo.

Para estes efectos, eu quixera destacar, en primeiro lugar, que todo o traballo que estamos seguindo neste eido vai acompasado coa liña trazada pola Unión Europea para afrontar a falta de man de obra; xa lles digo que é un problema xeneralizado. En primeiro lugar, traballando —como non pode ser doutro xeito— dentro de Galicia, favorecendo as oportunidades laborais dos demandantes activos de emprego, fomentando accións para a reciclaxe profesional e a recapitación de traballadores ocupados e, por suposto tamén, con medidas específicas para aqueles colectivos —dixeramos— máis prioritarios.

E permitiranme que me refira nesta comparecencia, ademais de ás mulleres e aos parados de longa duración, tamén —como non pode ser doutro xeito— á mocidade. E temos en mar-



cha neste 2025 a Estratexia de mocidade activa, que contará, só na Consellería de Emprego, con 20 millóns de euros; logo referireime a ela.

Pero, tal e como sinala a Unión Europea, os esforzos para acadar este obxectivo teñen que ir máis alá das nosas fronteiras e máis alá das fronteiras do noso mercado laboral; é dicir, o traballo tense que facer dentro de Galicia, mellorando a empregabilidade dos que están aquí, pero esténdese tamén fóra da nosa comunidade, e centrámonos así na atracción de residentes no exterior.

Eu quero tamén trasladarlles —e creo que é bo que o saibamos todos e que o consideremos e o compartamos— que Galicia é unha comunidade pioneira na Estratexia Retorna, ao abeiro da cal temos este ano 2025, tamén, unha nova edición do programa Retorna cualifica emprego, moi centrado precisamente en traer eses traballadores; logo falarei deles.

Pero, para cumprir nos tempos, se me permiten, do que vou falar en primeiro lugar nesta primeira quenda é das medidas de carácter interno, é dicir, no mercado laboral dentro de Galicia, e deixaremos as medidas encamiñadas a poder traer forza laboral, traballadores de fóra, para a miña segunda quenda.

Miren, neste ámbito, e por poñelos —dixeramos— un pouco en situación, traballamos nunha estratexia de círculos concéntricos e complementarios que marca a nosa folla de ruta para a atracción de talento en Galicia. E o que quero é trasladarlles hoxe cales son as políticas nas que estamos incidindo nesta estratexia, tres círculos ou tres estadios que teñen como obxectivo final, como núcleo duro, o necesario crecemento sostible da nosa terra.

Se atendemos ao primeiro dos círculos, falamos daqueles que, estando en Galicia, son demandantes activos de emprego, é dicir, a forza laboral interna. Estes demandantes activos de emprego permítanme que lles diga que son tanto aquelas persoas que están en busca activa de emprego como aquelas persoas ocupadas que desexen mellorar a súa situación laboral. E neste eido estamos traballando en diferentes ámbitos. En primeiro lugar, a modernización do Servizo Público de Emprego, tanto a súa modernización como tamén a súa dixitalización, e nesta liña temos a vista fixada tamén na optimización das listas das persoas desocupadas en busca de emprego.

É esencial coñecer o perfil destas persoas para, no caso de que encaixen nas necesidades das empresas, isto motive a súa contratación. Eu creo que é unha cuestión tan lóxica como ética que nas listas do paro estean aquelas persoas que demandan activamente emprego, e por iso temos en Galicia un programa de seguimento intensivo da demanda, que foi posto en marcha a mediados do ano 2023 e que se reforzou neste mes de novembro, coa exixencia para aqueles que estean nas listas do paro e que estean demandando activamente emprego da sinatura do compromiso de actividade.

Miren, neste programa de seguimento intensivo da demanda, que ten case 56.000 persoas como participantes, das cales xa 42.000, case 43.000, recibiron atención personalizada, preto de 8.500 foron inseridos no mercado laboral, 6.094 iniciaron un itinerario personalizado individual de mellora da súa empregabilidade, case 16.000 actualizaron a súa demanda de



emprego, pero tamén 12.430 deixaron de ser demandantes de emprego por motivos diferentes á contratación. Polo tanto, creo que —volvo repetir— dende a perspectiva de que estamos a traballar, de analizar cales son os demandantes activos de emprego, estamos a falar dun programa certamente moi importante.

Tamén dentro deste ánimo de modernización en dixitalización eu destacaría o uso da ferramenta informática baseada na intelixencia artificial, a ferramenta EMI, que o que busca é afinar o perfilado competencial dos traballadores e determinar o mellor posible esas competencias dos traballadores que están desempregados. E, ao mesmo tempo tamén, o programa ten que ser capaz de predicir cales son as competencias que demandan as nosas empresas para axustar a oferta e a demanda e, se é o caso, axustar tamén a formación. Este programa foi recoñecido en Europa cunha mención especial nos premios aos mellores casos TechGov do sector público, na categoría de Goberno a cidadán, da Comisión Europea. Pero tamén o compartimos durante estes meses co Goberno central, Secretaría de Estado de Trabajo —estivemos reunidos co secretario de Estado—, e tamén con diferentes autonomías. Cremos que é unha ferramenta moi útil non só para o Servizo Público de Emprego de Galicia, senón para os servizos públicos de emprego de todas as comunidades autónomas. *(Aplausos.)*

A outra cuestión, para nós importante, atendendo ao que se refire ao mercado laboral interno, á mellora da empregabilidade da xente que é demandante activo de emprego, é a flexibilización da formación. É dicir, para impulsar a empregabilidade real das persoas demandantes, é necesario apostar por unha formación flexible, por unha formación non formal e por unha formación o máis cercana posible ás necesidades das empresas. E nisto, señorías, atopámonos —loxicamente, de xeito claro, tamén aliñados con Europa— coa necesidade de potenciar as microformacións, as microcertificacións, as microcualificacións; en definitiva, a formación de curta duración e o máis —como digo— axeitada posible ás demandas das empresas.

Por ese motivo, estamos facendo un esforzo sen precedentes —eu diría que non hai outra comunidade autónoma que estea facendo esta aposta con tanta intensidade— para flexibilizar a formación para o emprego, rachar coa rixidez e apostar por esas microformacións como ferramenta estratéxica fundamental, é dicir, axilizar e afinar a oferta formativa, aliñándose coas competencias que demanda o noso tecido produtivo.

Falamos dunha estratexia transversal. Hai que ir da man dos diferentes sectores co fin de adaptarnos o máximo posible ás competencias que se demandan, pero tamén non só pensar nas persoas desempregadas, senón tamén nos traballadores de cara á súa reciclaxe e recapitalización. Hai sectores nos que é moi importante tamén esa recapitación, esa recualificación, para poder —dixeramos— avanzar por mor da tecnoloxía. Eu creo que a iniciativa e do que estamos a falar se explica case só, señorías. A pretensión é que haxa unha aprendizaxe permanente adaptada aos novos modelos de formación no ámbito do emprego.

Déixenme que lles traslade cales son algúns dos programas nos que estamos implicados dende a Consellería, dende a Xunta de Galicia, nesas microformacións. Eu destacaría como moi relevante, por moitos aspectos, non só de contratación, as microformacións para persoas estranxeiras en situación irregular. Saben que unha das formas de poder regularizar



esas persoas é precisamente a través do arraigo para a formación, que é un mecanismo que se permitiu hai escasamente dous anos e que o que fixo Galicia foi poñelo inmediatamente en marcha nunha colaboración con entidades do terceiro sector, Cáritas e as EFA galegas, para ser capaces, a través de microformacións, de recuperar ou recoller, efectivamente, xente que está nesa situación irregular e que se incorporará ao mercado laboral do xeito máis áxil posible.

Na primeira edición deste programa, no ano pasado, que estaba destinado a 100 persoas migrantes en situación irregular, logramos que estean traballando hoxe con contratos indefinidos 70 deles, e practicamente regularizamos a situación de todos eles. Hoxe, neste ano 2025, temos en marcha unha nova edición, cun investimento de preto de 1,2 millóns de euros, para chegar a un total de 180 persoas, cun obxectivo de inserción de preto de 130 persoas. Eu creo que, dende calquera punto de vista, atallar o problema destas persoas en situación irregular pola vía dunha formación que lles permita inserirse no mercado laboral galego canto antes pois é certamente recomendable.

E aquí temos unha disquisición, dirixíndome sobre todo aos deputados do Partido Socialista, porque gobernan tamén a nivel central. Dicirlles que na recente modificación do Regulamento da Lei de estranxeiría se pecha a porta ás microformacións para este tipo de arraigo, para este tipo de regularización de inmigrantes. Nós estivemos coa secretaria de Estado de Migracións —galega, por certo—, pedímoslle expresamente que se mantivera esta mecánica, esta metodoloxía que se estaba aplicando en Galicia; tivemos moi boas palabras, pero o certo e verdade é que non se recollen as microformacións. E isto vai dificultar tremendamente que pola vía da formación para o arraigo, do arraigo para a formación, se poida regularizar a situación de persoas migrantes en situación irregular. Polo tanto, eu creo que aí debiamos ter o compromiso desta Cámara de poder recuperar esta liña, que —como digo— está funcionando moi ben en Galicia, en colaboración con entidades do terceiro sector.

Tamén temos microformacións á carta en convenios cos clústeres galegos. Nisto referirllas que no mes de xaneiro firmamos un convenio con nove clústeres para dar este tipo de microformacións, cun investimento de case 7,5 millóns de euros que viñeron de fondos do mecanismo de recuperación e resiliencia que non eran executados por outras comunidades autónomas. Aquí, Galicia novamente manifestou a súa axilidade, recoñecida xa na execución do mecanismo de recuperación e resiliencia, e fomos capaces —como digo— de acadar eses 7,5 millóns de euros que se están executando actualmente. Nestas partidas de convenios cos clústeres en microformacións levamos investidos preto de 25 millóns de euros nos últimos tres anos, con 2.800 accións formativas, chegando a máis de 40.000 participantes.

Tamén temos nesta liña de flexibilización da formación unha liña de microformacións á demanda; a segunda edición pois vai ser publicada mañá mesmo, o mércores 29 de xaneiro, dotada con 4 millóns de euros. Os bonos talento, 2 millóns de euros para tamén apoiar con formación de curta duración as persoas ocupadas por conta allea, é dicir, que están traballando nas empresas e que requiren esa recualificación; na última convocatoria bianual, 2023-2024, chegamos a 530 alumnos e alumnas a través de arredor de 100 accións formativas. E, por último, dentro desa liña de formación de curta duración, totalmente aliñada coas demandas das empresas, déixenme destacar tamén o programa de unidades formativas



nas empresas, que ten unha dotación de 8 millóns de euros e que permite que as empresas deseñen os seus propios cursos, cun compromiso, iso si, de contratación dos destinatarios dos cursos, persoas desempregadas que son formadas polas propias empresas que logo as van contratar. Eu creo que é unha liña tamén importante e que foi publicada no *DOG* o pasado venres 24 de xaneiro.

En definitiva, con todas estas liñas o que pretendemos é flexibilizar a formación para o emprego, buscando potenciar as competencias e habilidades dos traballadores e as traballadoras axeitadas ao que demandan as empresas.

Créanme que, logo destes meses, lles podo dicir —podémolo compartir aquí todos— que o catálogo de certificados de profesionalidade xa se amosa demasiado ríxido para o rápido que está cambiando o mercado laboral, ás veces non se adapta ás necesidades das empresas, e por iso temos que ir a este tipo de formación de curta duración, que sexa non formal e que —como digo— se acerque o máximo posible ás competencias que demandan as empresas.

Eu remato xa neste ámbito das microformacións dicíndolles que neste ano 2025 Galicia vai ser a primeira comunidade autónoma que desenvolva un marco normativo propio para regular as microcredenciais co obxectivo de impulsar a súa utilización.

Falabamos —como lles dixen— dentro do que é o primeiro círculo que é a forza laboral que temos en Galicia, e loxicamente temos tamén que preocuparnos dos sectores que teñen máis dificultades de inserción. Eu quero facer aquí especial mención á mocidade galega, que, sen dúbida, é o mellor activo da nosa comunidade.

A este respecto, se ben é certo que Galicia acada a cifra de paro máis baixa no mes de decembro de toda a serie histórica —saben os datos: 118.838 persoas—, esta situación tamén se traduce entre as persoas menores de 30 anos de idade cunha taxa de paro reducida nun 8,4 por cento e rexistrando a cifra máis baixa dende que hai rexistros, 13.101 persoas mozas.

Tamén, se atendemos aos datos da enquisa de poboación activa no terceiro trimestre de 2024 —hoxe saíu o último trimestre, pero non o teño aínda actualizado—, incrementouse a contratación en 7.000 persoas mozas activas, sendo o grupo de idade con maior crecemento en ocupación na comparativa intertrimestral.

Pero somos conscientes de que hai que levar, aínda máis se cabe, ao mercado laboral os perfís profesionais que necesita o noso tecido produtivo, vinculado de xeito directo aos nosos mozos e mozas. E, por iso, dicíalles ao principio que estamos traballando nunha estratexia de emprego xuvenil, que xa está en marcha: a Estratexia Mocidade activa, que vai estar dotada, só na Consellería de Emprego —evidentemente hai outras consellerías que atenden á mocidade—, con 20 millóns de euros. Aquí o que pretendemos... (*Aplausos.*) ...é mellorar a situación vital das persoas mozas galegas e a súa empregabilidade a través de programas de fomento da contratación.

Déixenme que lles debulle rapidamente as principais liñas que temos aquí na Estratexia Mocidade activa.



En primeiro lugar, o programa Cooperas, con arredor de 12 millóns de euros, para favorecer o emprego público institucional para persoas desempregadas, dos cales 8 millóns son especificamente destinados a persoas mozas.

O programa Primeira experiencia profesional das persoas mozas, cun orzamento 6,3 millóns de euros ,para impulsar a súa contratación a través de contratos de formación, para a obtención de práctica profesional ou de contratos de formación en alternancia. Promovemos a retención do talento mozo na nosa comunidade.

O programa Investigo, cun presuposto de 4,8 millóns de euros, con especial énfase naqueles contratos de investigadores e tecnólogos menores de 30 anos, persoal técnico e outros profesionais en I+D+i.

O Galicia Emprega mozos, que forma parte, como saben vostedes, do Galicia Emprega, que xa foi publicado no DOG. O Galicia Emprega ten un orzamento total de 20 millóns de euros, pero especificamente pensado para os mozos 3,5 millóns de euros en incentivos, coa contratación de persoas desempregadas de menos de 30 anos de idade.

E tamén o Programa de apoio ao emprendemento do talento novo, o cal creo que é un tema interesante, e non é motivo desta comparecencia falar dos apoios ao emprendemento, pero si entender que o emprendemento nunha terra como esta é fundamental e que, polo tanto, temos que incidir nel dende os máis pequenos. Eu a semana pasada presentaba, xunto co conselleiro de Educación, un xogo que ten que ver precisamente co emprendemento nas primeiras idades, pero aquí o que estamos tratando é de conectar as persoas mozas universitarias con empresas ou persoas emprendedoras que estean chegando a nós a través dos polos de emprendemento, utilizando —como non pode ser doutro xeito— tamén as universidades públicas galegas para que nos sirvan tamén de nexo de conexión.

Isto, señorías, nese ánimo de cumprir os tempos, son as medidas fundamentais que temos postas en práctica para incentivar a empregabilidade do que denominamos aquí a nosa forza laboral interna, é dicir, a xente que xa está en Galicia que demanda activamente traballo, para os que traballamos, por unha banda, para acadar eses postos de traballo e tamén para mellorar a súa empregabilidade.

Se me permiten, e conscientes de que é necesario facer un esforzo adicional, na segunda quenda falarei daquelas políticas que teñen que ver coa atracción de talento foráneo, fóra das nosas fronteiras.

Máis nada por agora e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Rolda dos distintos grupos parlamentarios.

En primeiro lugar, tiña a palabra o voceiro do Grupo Mixto, que renuncia á súa intervención. E pasamos, por conseguinte, á intervención do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.



Ten a palabra dona Carmen Rodríguez Dacosta. Dez minutos ten de intervención, dez minutos ten de tempo.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidenta.

Bos días a todos e a todas.

Bos días, conselleiro.

Sempre son boas as comparecencias para dar conta, sobre todo en materia de emprego, que é un tema que preocupa moito aos galegos e ás galegas.

E pedía a comparecencia para falar da escaseza de man de obra, das medidas que ía adoptar. Agora introducía un tema que lle gusta moito. Xa na comparecencia que fixo dos orzamentos falaba diso, pois como unha case ameaza. E fala do absentismo laboral hoxe, eu creo que para evitar falar, señor conselleiro, da falta de proxecto económico da Xunta de Galicia, que lastra os resultados de emprego.

Mentres que a ocupación —e teño que dicilo— sobe no Estado un 2,2 por cento, Galicia só incrementa o 1,5 por cento, e ten que dar conta disto tamén. Se o paro cae no Estado un 9,3 por cento, en Galicia só se incrementa no 1,5 por cento. E tamén da escaseza da chegada de traballadores estranxeiros en relación co resto do Estado, tamén polas políticas da Xunta de Galicia.

E dáballe a noraboa por comparecer para falar da escaseza de man de obra, pero creo que chega dez anos tarde, máis de dez anos despois de que o PSdeG advertira da grave problemática que ten Galicia por falta de traballadores cualificados, da escaseza de man de obra. E vostede reconece o problema —o que agradecemos— e comparece para falar de actuacións sobre a materia.

E con carácter previo, sendo vostede o alto mandatario galego en materia de emprego, gustaríame, conselleiro, que na segunda quenda, se ten a ben, se posicionase e dixese que pensa vostede sobre o voto en contra do Partido Popular de Feijóo ao decreto ómnibus, que votaran en contra hai case unha semana a subida das pensións e a subida do salario mínimo interprofesional.

E preguntoo porque unha das comunidades máis afectadas, como ben sabe, conselleiro, é Galicia, porque é a cuarta comunidade autónoma con maior número de pensionistas, case 700.000, e é un ataque directo á clase traballadora, afectada en moitísimos casos en Galicia polo salario mínimo interprofesional.

E, volvendo á cuestión que nos ocupa, dicía que a Xunta chega un pouco tarde, sobre todo para a execución dos fondos europeos, porque as socialistas advertiamos en numerosas ocasións sobre esta situación e plantexamos iniciativas ao respecto. E se mira vostede a acta do pleno do 10 de novembro de 2021 —vostede non estaba neste cargo—, preguntaba o Grupo Parlamentario Socialista nese momento á conselleira sobre a valoración do Goberno galego



da existencia de 15.000 postos de traballo sen cubrir, a pesar do número de desempregados. Hoxe falaríamos de 14.000, a situación non mudou moito.

E, como dicía, Galicia leva tempo sufrindo escaseza de man de obra. Cóntanse por miles as vacantes de emprego en distintos sectores. No sector da construción, un dos máis afectados, entre o desfase entre oferta e a demanda, a propia patronal do sector na Coruña, Apecco, o que dicía é que estimaba entre 4.500 e 8.000 os novos traballadores que necesitaba incorporar Galicia para cubrir os postos deixados vacantes polas xubilacións que se producían e ademais polos postos que se ían xerar para o vindeiro ano —xa o dicían daquela— cos proxectos Next Generation.

A patronal pontevedresa da construción falaba dun montón de empresas con obras e proxectos parados pola falta de profesionais: encofradores, fontaneiros, electricistas, albaneis, palistas, pintores, incluso peóns. Estimaba 15.000 postos a cubrir.

A Asociación de Industrias do Metal (Asime) recoñecía que o mercado laboral galego precisaba de traballadores e traballadoras para categorías diversas, dende enxeñeiros a delineantes e soldadores. E cifraba en 800 os postos que necesitaban cubrir de forma inmediata, pero 2.000 que precisaban para incorporarse aos cadros de persoal para garantir as entregas contratadas no daquela 2023.

O sector do moble non era alleo a esta grave problemática, declaraba o xerente do Clúster da Madeira, non o PSdeG, e manifestaba que necesitaban persoal especializado vinculado á produción industrial.

O sector servizos tampouco se salva desta desconexión entre oferta e demanda, se ben o alto índice de precariedade pois incide nesta cuestión.

O sector do transporte, conselleiro, outro dos afectados, así como o repunte da construción naval, que se podía ver afectado pola falla de man de obra. E estimaban que necesitaban 2.000 empregados máis nese momento.

E este grupo parlamentario incidiu de forma reiterada na falta de dinamismo do mercado laboral galego e xa interpelabamos tamén sobre a necesidade de fortalecemento do Servizo Público de Galicia e sobre a necesidade dunha diagnose a curto e longo prazo.

Hoxe falaba desa diagnose. Quince anos despois van facer esa diagnose, porque dicía vostede que había que saber obviamente as capacidades dos traballadores e das traballadoras, ese listado.

E o problema é a carencia de políticas de emprego dende a Xunta de Galicia, carencia desa diagnose de necesidades das empresas que ata agora pois non foron quen de realizar. A falla de formación adecuada ás necesidades da demanda, conselleiro. Agora esas microformacións. Pois benvido. Na segunda quenda pois afondaremos niso.

A falla de técnicos de emprego nas oficinas e a falta de cumprimento dos itinerarios personalizados de emprego que non se levaban a cabo.



E —¡como non!— insistir na falta de execución dos fondos.

A realidade é que existe unha grave distorsión entre a oferta e a demanda, e preguntámoslle que valoración fai o Goberno de que, a pesar do número de desempregados que existe, teñamos eses 15.000 postos de traballo sen cubrir. E naquel momento xa llo preguntabamos á conselleira, xa lle digo, no ano 2021. Ela aludía á falta de vocación nas profesións tradicionais e á falta de información en canto ao índice de empregabilidade que pode haber nas oportunidades laborais e pola falta de opcións formativas. Eu creo que é unha análise un pouco escueta e baladí.

Pero as receitas que daba a propia consellería daquela —e daqueles pos estes lodos—, a Axenda de capacidades para o emprego, esa dicía que era a solución, e o Campus Virtual de Formación para o emprego. Da Axenda galega, conselleiro, hoxe en día non se sabe nada e do Campus Virtual pode dar conta despois das actuacións e resultados conseguidos.

E xa no ano 2018 o Informe Adecco aludía a unha carencia de profesionais brutal, pondo o foco en dúas cousas: no envellecemento da poboación galega, que xa no ano 2018 é dous puntos por riba da media estatal, e na carencia de políticas de emprego. Xa o dicía tamén outra entidade, e non o PSdeG, a pesar de que nós tamén dicíamos o mesmo.

Levan demasiado tempo anunciando medidas, conselleiro, que non cumprían e que se converteron nun mantra. Din que adaptarán a formación para o emprego para anticiparse aos novos requirimentos do mercado laboral. E na maior parte dos casos isto non é certo, porque os cursos de formación —e moitos deles seguen sendo así— realízanse segundo as necesidades das empresas que os imparten e non das necesidades do mercado laboral. Por iso, sobre esas microformacións que están reguladas a través de Europa pois nós estamos obviamente a favor. E —xa lle digo— na segunda quenda falaremos diso e de emigración; é que non dá tempo de dar conta de todo.

A verdade é que discursos baleiros de contido, porque había falta de ideas de proxectos concretos para afrontar o problema da emigración da xente moza —conselleiro, diso non falou hoxe— cara a outras comunidades autónomas e ao estranxeiro. Falou de mocidade, si, pero non de por que a xente moza tivo e ten que emigrar a outras comunidades e ao estranxeiro para buscar oportunidades.

Pola contra, eliminaron os instrumentos postos en marcha polo Bipartito, como os pactos territoriais de emprego. Sería entendible, conselleiro, porque goberno novo, políticas novas; iso pódeo entender calquera, pero suprimíronos e non a substituíron por outras. Ese foi o problema: a falta desas políticas.

E tamén os interpelamos no ano 2022, porque en Galicia un de cada catro persoas paradas non podía acceder á formación para o emprego, e iso non mudou demasiado. Situación que afecta aos colectivos en risco de exclusión social, aos perceptores da risga, ás mulleres vítimas de violencia machista, aos traballadores e traballadoras en situación laboral precaria. E sinalabamos que, a pesar de que naquel momento eran 130.000 parados, faltaban eses traballadores para executar o investimento industrial proxectado en Galicia entre 2023 e 2027,



insistindo, conselleiro, en que dende que goberna o Partido Popular —insisto— a necesaria formación para o emprego non se realizou segundo as necesidades da demanda do tecido produtivo.

E fala de intelixencia artificial, que ten que ser acompañada por itinerarios personalizados que se cumpran. Porque ata o momento do que se preocupou a Xunta de Galicia é de lapidar, borrar das listas de desemprego moitos traballadores e traballadoras que estaban como demandantes... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, si. Á parte, hai notas de prensa que o din así, que dan de baixa miles de traballadores. Pero o que non fixeron vostedes... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Iso xa o falaremos neste Parlamento noutra iniciativa que presentou esta deputada. O que non fan vostedes, primeiro, é darlles os instrumentos adecuados ás necesidades do mercado laboral e, despois, se non seguen eses itinerarios, obviamente danos de baixa. Fixeron todo o contrario, ao dalos de baixa sen dar estes instrumentos. Aplican a lei ao revés.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Xa vou rematando. A verdade é que son moitísimas cousas e non dá tempo de seguir.

A escaseza de man de obra, por exemplo. Vou dar unha noticia que dicía concretamente un medio de comunicación: deixaba o sector servizos sen o Nadal perfecto en Vigo, por exemplo.

Pero, como isto, a falta de relevo xeracional agrávase, porque un de cada catro traballadores xa supera en Galicia os 55 anos; este é un problema moi grave, señor conselleiro, que creo que debe ter en conta a Xunta de Galicia e vostede como mandatario en materia de emprego.

Seguirei na miña segunda intervención. A verdade é que é un tema longo e hai pouco tempo para iso. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Ten un segundo turno despois.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra o señor Fernández Alfonso.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Moi bo día a todos e a todas.

Moi bo día, señor conselleiro.

Compareceu vostede no Parlamento para falar da cobertura de vacantes nos sectores estratéxicos, e comeza por falar de absentismo e da situación récord que vivimos na Galiza en canto á duración dos períodos de IT dos traballadores e traballadoras. ¿Sabe vostede, señor conselleiro, onde hai 1.900 vacantes sen cubrir? No Sergas. Algo terá que ver, ¿non lle parece?



Moito mellor faría o Partido Popular se, no canto de criminalizar os traballadores e traballadoras que están de baixa, cumprira coa súa obriga e cubrira as vacantes do Sergas. (*Aplausos.*) Isto si que melloraría sensiblemente os tempos de diagnose e de recuperación.

Despois falou de sinistralidade, pero non mencionou que Galicia leva moitos anos no *top* das comunidades autónomas do Estado en canto a mortes no traballo. O BNG trouxo unha iniciativa deste Parlamento para que, cada vez que se producise, cada vez que se produza unha morte no traballo, o presidente Rueda, ou, no seu defecto, vostede mesmo como conselleiro de Emprego, fixeran unha declaración pública condenándoa. O PP votou en contra e creo honestamente que ese voto en contra non fai máis que reforzar a tremenda tolerancia social e política cos incumprimentos en materia de prevención de riscos laborais que están na causa desa elevada mortalidade.

Despois falou vostede da cobertura de vacantes nos sectores estratéxicos, e, tal como era de agardar, a súa exposición foi absolutamente decepcionante. O certo é que non podía ser doutro xeito, porque un goberno que non ten un plan ou non ten plans para os sectores estratéxicos malamente pode ter un plan para cubrir os postos de traballo vacantes neses sectores estratéxicos.

Loxicamente, falou vostede aquí de diferentes convocatorias de axudas para a formación, e isto tamén era de agardar. Enfatizou os millóns de euros que vai destinar para que as empresas poidan impartir a formación que necesitan. É importante explicar ás persoas que nos estean vendo que a formación para o emprego, tanto a formación continua para as persoas empregadas como a formación para persoas desempregadas, é un dereito que temos todos e todas, que pagamos tamén todos e todas coas cotizacións que recada a Seguridade Social e que descontan na nómina de todos os traballadores e traballadoras e que despois o Estado traspasa ás comunidades autónomas para pagar esa formación a través de fondos finalistas, é dicir, fondos que deben destinarse especificamente e inescusablemente a formación.

A Xunta de Galicia recibe todos os anos varios centos de millóns de euros que ten que gastar en formación; para este ano 2025, máis de 150 millóns de euros. Non é, polo tanto, ningún mérito que poida vostede atribuírse, nin vostede nin a Xunta. E a obriga de gastar ese diñeiro público en formación, loxicamente, leva aparellada a obriga de gastalo ben. Teñen vostedes a obriga de gastar ben ese diñeiro público e vostedes gastan mal, de feito moi mal, e voulle explicar por que.

En primeiro lugar, contra o que cabería agardar, a formación para o emprego que vostedes ofrecen é como ir cazar con escopeta de perdigóns. Supoño que calquera persoa que estea asistindo a este debate e escoite falar de transformación de sectores estratéxicos, da transición dixital, de novas competencias tecnolóxicas requiridas polas empresas que non atopan no mercado laboral, que escoite falar dos millóns de euros que destinan as administracións a financiar a formación, que escoite falar da continua interlocución da Xunta co tecido empresarial, agardaría un plan de formación ou unhas convocatorias de axudas ben deseñadas, ben enfocadas, perfectamente detalladas, unha intervención cirúrxica.



Pola contra, o que atopamos son axudas que poden ser solicitadas por calquera tipo de empresa ou asociación empresarial para impartir calquera tipo de formación, calquera que apareza no catálogo de formación estatal, e, por suposto, en concorrencia non competitiva. A Xunta non selecciona as solicitudes que se presentan, valen todas, concédense por orde de entrada. Estará de acordo comigo en que isto moi sofisticado non é. Ou, dito doutro xeito, tira vostede con perdigóns.

Outra convocatoria, a de retención de talento en microempresas, diñeiro público para pagar microformación non formal, é dicir, formación que non exista no catálogo, obviando o máis importante: que a retención do talento depende do salario e das condicións de traballo, fundamentalmente da estabilidade, porque loxicamente, se te despiden porque a empresa ou o sector está en crise, non hai formación que te reteña. Neste caso, tira vostede con pólvora mollada.

E isto lévame de volta ao principio. Se algo ten demostrado a Xunta do Partido Popular é que non ten plan ningún para os nosos sectores estratéxicos. Entre o ano 2008 e o 2024 Galiza perdeu 24.000 empregos no sector industrial. Os exemplos máis graves coñecemos todos: o sector naval, primeiro o de Ferrol, despois o de Vigo. ¿Cal foi o plan do Partido Popular? Foi o plan do Titanic, o «*sálvese quien pueda*». Agora falta persoal. Claro, ¿como non vai faltar persoal se asumen vostedes con toda naturalidade que a construción naval é cíclica, porque despois de entregar un buque o estaleiro desfaise da man de obra? Non me mire así, isto dio literalmente, literalmente, o seu estudo de tecnoloxías emerxentes para a transformación do emprego cando fala do sector naval, literalmente: a construción naval é cíclica, porque despois de entregar un buque o estaleiro desfaise da man de obra. ¿Como van fidelizar man de obra, reter talento ou garantir o relevo dos profesionais partindo desta premisa, asumindo que o traballo no sector naval é intermitente? ¿Decátase vostede de que isto é xusto o contrario a ter un plan para o sector naval?

E ¿cal é o seu plan para o sector da automoción? ¿Darlle millóns de euros a Stellantis para que fabrique en Vigo un vehículo que se vai vender por 9.000 euros? ¿Canto lles vai baixar o salario aos traballadores e traballadoras da automoción galega para facer eses vehículos a ese prezo?, ¿canto máis?

En realidade, habería que preguntar: ¿canto máis van baixar os salarios? Porque ¿sabe vostede a canto ascende a perda de poder adquisitivo dos salarios no sector da automoción desde o ano 2008? Un 22 por cento. ¿Sabe vostede que as empresas da automoción despediron todo o persoal eventual e que teñen ERTE para este ano xa ou os están negociando? ¿Onde está o plan da Xunta? Non teñen plan ningún, porque ese documento que foi vostede presentar non é un plan, é unha estafa. (*Aplausos.*)

Este é o contexto dos nosos sectores industriais estratéxicos.

¿Onde vai vostede con esas convocatorias de axudas para a formación? Son perdigonazos ao aire, nun contexto que require, primeiro, plans industriais serios, negociados cos sindicatos, e, despois, unha formación ad hoc específica, pensada e deseñada para cada fase do plan industrial.



E, para rematar, quería comentarlle un par de cousas máis. Hai outros sectores estratéxicos no noso país nos que falta persoal, cando menos para o BNG son absolutamente estratéxicos. Falta de persoal no sector dos coidados. ¿Cal é o seu plan para cubrir as vacantes no SAF? ¿Cal é o seu plan para cubrir as vacantes nas residencias de maiores? A nós, ao BNG, a idea de que o persoal que realiza este traballo cobre o salario mínimo ou menos non nos parece que vaia dar resultado. Parécenos inxusto e ineficaz. E a Xunta ten moito que dicir na negociación dos salarios e das condicións do traballo no sector dos coidados.

Pero ¿vostedes que fan? En canto a salarios, poñerse de parte dunhas empresas que, no día de hoxe, están controladas por grandes fondos de investimento e que ingresan máis de 1.500 millóns de euros. E ¿que fan vostedes en canto á falta de persoal, por exemplo, dalgunhas profesións en concreto, como é o caso de enfermería? Modifican vostedes a norma que establece o número de enfermeiras que deben traballar nas residencias para reduci-lo. Esa si que é unha medida eficaz para a cobertura de vacantes: facelas desaparecer.

O Partido Popular —e remato xa, señorías— non ten plan para Galiza, non ten plan para os nosos sectores estratéxicos e non ten plan para cubrir as vacantes. Os últimos quince anos de goberno ininterrompido do Partido Popular non deixan lugar a dúbidas.

Máis nada por agora e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Ten a palabra dona Noelia Pérez.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Bo día a todas e a todos.

Señor Alfonso, non falte á verdade desde este abril. Vostedes trouxeron a esta Cámara unha iniciativa en relación coa sinistralidade laboral para, unha vez máis, criminalizar as empresas. Eu pídolle que repase o que dixó vostede aquel día no debate, non se equivoque, nós votamos en contra porque nós non imos caer na súa trampa, nós non imos criminalizar a quen crea emprego, a quen crea riqueza neste país. (*Aplausos.*)

Miren, a señora Rodríguez Dacosta fixo un intento de volver falarnos dos pactos de emprego como solución ás vacantes laborais que existen neste momento no mercado laboral. A min non deixa de sorprendeme a súa capacidade de reciclaxe. Quince anos despois quere vostede que volvamos, porque se parece moito o mercado laboral de agora ao mercado laboral de hai quince anos, aos pactos do emprego que puxeron en marcha no Bipartito e que todos recordamos como un auténtico fracaso; ata os seus socios do Bipartito o recordaban. Ten aí o señor Óscar Insua Lema; que lle diga o que dicía naquel momento dos pactos de emprego, que eran unha ferramenta para venderse ao Partido Socialista de cara á sociedade, que non estaban a dar ningún resultado.



Mire, eu, conselleiro, quería comezar hoxe agradecéndolle o exercicio de responsabilidade e de transparencia, que demostrou algo que non estamos acostumados a ver noutros gobernos, ao vir ao Parlamento falar de absentismo, porque é unha realidade; ao vir ao Parlamento falar de prevención de riscos, porque tamén a temos que afrontar; e falar dun dos grandes retos do noso mercado laboral como é a falta de man de obra; e vir aquí falar con propostas e con medidas concretas; pero tamén vir escoitar os grupos da Cámara por se temos algunha achega que poida sumar solucións, porque ao final trátase diso.

E di moito que veña hoxe aquí falar da forma de traballar do Goberno galego, e eu lamento que, unha vez máis, esa man tendida que vostede quixo trasladar hoxe aquí non fose recollida polos grupos da oposición e que tivese que escoitar o de sempre, os clásicos de toda a vida do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, sen unha soa proposta que realmente aporte algo. Actúan pois como unha vella cinta de casete que repite sempre a mesma canción pero sen ningunha melodía que dea unha solución aos problemas reais das galegas e dos galegos.

Falaba vostede do problema das vacantes laborais, que ademais non é un problema exclusivo de Galicia, por moito que queiramos centrar en Galicia e no Goberno galego, e no presidente Rueda, o debate. É un problema, señora Rodríguez Dacosta, que está a afectar a todo o país e que está a lastrar a competitividade das nosas empresas e do noso tecido produtivo, en Galicia si, pero tamén no resto do país. Pois é normal en países cun baixo nivel de desemprego que teñan vacantes; o que non é normal é o que está a pasar no noso país. Dígame como pode ser que en España, que ten a taxa de desemprego máis alta de Europa —dobramos a media europea, a pesar de todas esas operacións de maquillaxe que está a facer o Goberno do señor Sánchez coa cifra dos fixos-descontinuos, que é un auténtico escándalo, algúns traballadores están a firmar dous contratos semanais, e vostedes seguen a falar de estabilidade—, moitas empresas sexan incapaces, no día de hoxe, de atopar traballadores para cubrir eses postos de traballo vacantes. ¿Como é posible? Pois explícollo eu. Porque, ante problemas estruturais, ante problemas de país, non se están a afrontar con medidas claras a nivel nacional, e porque o señor Sánchez está máis centrado en mirar polos seus propios intereses persoais nestes momentos que en atender ás necesidades dos cidadáns.

Mire, non o ía nomear, pero é que o nomeou vostede. Acabamos de ver que está máis preocupado polos seus intereses que polas necesidades dos cidadáns cando vostede acaba de nomear o decreto ómnibus. Mire, neses momentos o que está a facer o señor Sánchez é utilizar como reféns os pensionistas do noso país, utilizar como reféns os traballadores que precisan usar o transporte público para ir ao seu posto de traballo e utilizar como reféns —que é patético— as persoas que sufriron o desastre da dana, para camuflar concesións aos seus socios, para subir o IVE dos alimentos e o IVE da factura da luz e para protexer os inquilinos okupas.

Mire, ¿sabe por que vota en contra o Partido Popular, señora Rodríguez Dacosta? Porque non aceptamos chantaxes, nin as aceptamos nin as imos aceptar. (*Aplausos*.) Tráiano vostedes por separado e verán como os pensionistas, os traballadores e os afectados pola dana teñen un «si» do Partido Popular. Pero esta vez, e isto quero que o saiba, esta chantaxe non lle vai saír ben, porque a sociedade xa non se deixa enganar máis.



Miren, é que co problema de falta de man de obra están a facer exactamente o mesmo que acabamos de nomear co decreto ómnibus. Están a mirar cara a outro lado. Para vostedes o problema das vacantes laborais é un problema secundario, a pesar de que a Comisión Europea e o Banco de España, que non é o Banco de Galicia, porque é un problema —reitérolle— estatal, levas anos alertando. Mire, hai un mes dicía a enquisa do Banco de España sobre a actividade empresarial en tempo real: «*El porcentaje de empresas que perciben problemas de disponibilidad de mano de obra ha subido. Es una percepción compartida por el 44,2 por ciento de las empresas.*» Un informe do Banco de España. Será un problema estatal; son o 44 por cento; a metade das empresas españolas cren que hai un problema nas vacantes laborais; son a metade das empresas españolas, señora Rodríguez Dacosta. E o Goberno central segue a mirar para outro lado.

Por iso, conselleiro, quizais hoxe, fronte á inacción dese Goberno estatal, é esencial que en Galicia nos poñamos á fronte, sigamos traballando desde a nosa realidade, con solucións adaptadas que conecten pois as entidades do mercado, como vostede dicía, coa formación e co talento da nosa xente, a través da innovación, apostando polas microformacións, como dicía vostede, atraendo talento foráneo e facilitándolle o regreso a quen emigrrou e aos seus descendentes, garantíndolles apoios para poder inserirse laboralmente na súa terra, ou tamén apostando, como tamén fixo referencia, polo futuro de Galicia, que é a mocidade, e tamén polos colectivos que teñen maior dificultade para a súa empregabilidade.

Polo tanto, agradecemos que para o Goberno do presidente Rueda sexa prioritario poñer en marcha medidas concretas para afrontar esas vacantes laborais. Porque estamos a facer as cousas ben, por moito que vostedes non o recoñezan, por moito que non o recoñezan os partidos da oposición. E non estou a falar desde o autoconformismo, pero estamos a facer as cousas ben no momento no que a taxa de paro en Galicia é inferior á do conxunto da media estatal.

Estamos a facer as cousas ben cando a taxa de paro feminina é inferior en Galicia que no conxunto do Estado. En Galicia as mulleres teñen maiores oportunidades para traballar. E estamos facendo as cousas ben cando a taxa de paro xuvenil segue sendo en Galicia tamén inferior que a do conxunto da media estatal.

Miren, pero o problema que temos é que, para dar unha resposta definitiva ao problema das vacantes laborais e aos problemas do mercado laboral, precisamos ter un aliado no Goberno central. Ese é o maior problema que vemos desde o Grupo Parlamentario Popular, e é unha obviedade. Sen unha política nacional que complemente o esforzo das comunidades autónomas, o esforzo das empresas, das pemes e dos autónomos, e sen os recursos que apoiem eses esforzos, e sen eses apoios que nos corresponden por parte do Goberno do país, o avance é moito máis difícil. E lamentablemente non temos ese apoio.

Acaba de mencionar a falta de apoio do Goberno estatal o conselleiro con quitar do Regulamento de estranxeiría ese arraigo para a formación, que está a permitir que persoas que chegan á nosa comunidade cuns poucos coñecementos, ou cunhas poucas competencias específicas, se poidan incorporar ao mercado laboral, e unilateralmente o Goberno estatal quere sacalo. Ou tampouco podemos contar cos grupos da oposición.



Hai dous meses o Partido Popular trouxo a esta Cámara que os fondos finalistas de emprego, que nos transfire o Goberno pero que son os nosos fondos —non se equivoquen—, que son os fondos de todas as galegas e os galegos, e que saen dos nosos impostos, fosen máis flexibles e se tivesen en conta as particularidades de Galicia, para que poidamos poñer en marcha medidas adaptadas á realidade, tanto das persoas traballadoras como das nosas empresas. E o Partido Socialista de Galicia e o Bloque Nacionalista Galego, que sosteñen o señor Sánchez á fronte do Goberno de España, votaron en contra de flexibilizar eses fondos. E mirando para outro lado tamén, señorías, cando reclamamos fondos para poñer en marcha programas específicos de emprendemento. Polo tanto, nin contamos co Goberno central nin contamos cos grupos da oposición.

En definitiva —e remato xa—, eu creo que, escoitando hoxe o conselleiro, queda meridianamente claro que en Galicia se están a facer as cousas ben, os datos falan por si sós, e o Goberno galego vai seguir traballando para dar resposta tanto ás necesidades das empresas como á empregabilidade das galegas e dos galegos.

A min quédame soamente unha dúbida, vendo o que dixeron neste estrado e vendo o que levan votado e o que levan feito nesta Cámara ata o de agora, e a dúbida é se o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego van seguir mirando para outro lado ou van arrimar o ombro. Se, pola contra, se o Bloque Nacionalista Galego vai seguir falando aquí de soberanía ideolóxica nesta Cámara pero vai seguir calando ante o señor Sánchez cando se trate de defender os intereses dos galegos. E tamén me queda a dúbida de se o Partido Socialista de Galicia vai seguir votando en contra de todos os programas que axudarían as nosas empresas e os nosos traballadores e lle vai seguir negando os fondos e as ferramentas que Galicia precisa.

Máis nada pola miña parte e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Pérez.

Réplica do señor conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración.

Ten novamente a palabra don José González.

O señor CONSELLEIRO DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN (González Vázquez): Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

Ben, como saben, o motivo da comparecencia era falar, efectivamente, da escaseza de man de obra. Eu aproveitei para poñer enriba da mesa os retos do mercado laboral galego e sinalei o tema do absentismo como un máis deles, non menor polas cifras que lles din. Aproveito para recordárllelas. Só no ano 2024 no conxunto do Estado español case 29.000 millóns de euros de custos por mor do absentismo. Eu o que digo é que creo que deberíamos analízalo todos dun xeito serio e rigoroso, como estamos facendo nós con informes da Universidade, señor Fernández —antes dicía: «non me mire así; non faga vostede tampouco eses espaventos, xa postos»—. Pero quero dicirlle que hai informes rigorosos que din que aquí hai algo máis no



absentismo. E eu o que pido ás forzas parlamentarias pois é que teñamos a obxectividade de facer esa análise entre todos. Eu non estou aquí falando de criminalización nin utilizando esas palabras tan grosas que utiliza vostede, case sempre contra os empresarios.

Eu si estirei un pouquiño a orela cando dixo que hai que facer plans industriais —tomen nota, señorías— negociados cos sindicatos. Cos empresarios non hai que falar nada, segundo o señor Fernández. Eu digo que hai que falar con todos os axentes sociais no seo do diálogo social. Por certo, algo que lle poden trasladar tamén á ministra de Traballo, que é bastante importante o diálogo social, para poder facer as cousas de xeito consensuado. Eu polo menos penso niso, e eu ofrezco sempre a posibilidade de consensuar e de poder falar e de poder recibir aportacións, algo que, por certo, botei de menos nas súas intervencións.

Señora Rodríguez Dacosta, é que xa llo dixo —e moitas grazas— a señora Pérez. Imos ver, aquí fixo un desglose de todos os datos, que por certo cando queiran temos unha comparecencia sobre datos e estatísticas do paro, estatísticas laborais; durmiranse o resto dos deputados e deputadas da Cámara, pero podemos falar diso sen ningún problema.

É que vostedes falan da escaseza de man de obra como un problema galego. A señora Pérez falou dun problema español, e eu engado: é que é un problema europeo, é un problema dos países occidentais.

Miren, en decembro de 2024 o Consello da Unión Europea di: «*Abordar la escasez de mano de obra y de personal cualificado es uno de los principales retos de nuestro tiempo. La propia Comisión Europea, el 20 de marzo, elabora un plan de acción sobre la escasez de mano de obra y personal cualificado en la Unión Europea*». Somos todos conscientes da dificultade.

Pero xa estamos despois da diagnose. A diagnose é que ás nosas empresas e aos que temos unha certa idade pareceríanos moi estraño se nolo din hai trinta anos que ía ser a escaseza de man de obra —isto é unha realidade—, non só para desenvolver a súa actividade, senón para poder dar todo o seu potencial de crecemento.

Polo tanto, isto temos que solucionalo. Nós poñemos encima da mesa as solucións. Eu o que digo é que, se se poden afinar e non hai eleccións á vista, traballemos entre todos, que foi o que fixen eu aquí hoxe no Parlamento, poñer enriba da mesa as medidas que estamos adoptando.

Falei da forza laboral interna; enténdanme a palabra: dos que están aquí, incluídas as persoas migrantes en situación irregular. Aí temos que facer un traballo de inserilos no mercado laboral.

E hai unha cuestión, señor Fernández, que é clara: que a formación non está funcionando. Se quere vostede dicir que eu non estou facendo autocrítica, dígao, pero tamén entenda que moitos dos fondos de formación son fondos finalistas que veñen determinados polo Ministerio de Educación e polo Ministerio de Traballo, que é unha cuestión na que vostede, representante dun partido nacionalista, debería axudarnos a nós no que lle estamos trasladando ao Goberno central: que quen ten a competencia exclusiva en materia de políticas activas é a comunidade autónoma e debería ser a que tivera tamén a capacidade para decidir que se fai con eses fondos finalistas.



Eu o que dixen é que estamos cun corsé que nos dificulta moito poder afinar máis a formación. E nós estamos traballando na liña das microcertificacións, microformacións, por suposto non só coas empresas, senón que tamén decidindo nós esas microformacións, porque lle dei datos deses programas, aliñados co que di a Unión Europea e o que di o sentido común, que moitas veces, señorías, parece que é o menos común dos sentidos, que é esa formación que se está demandando. Hai que deixarse de ocupacións, ir a competencias, ver cales son as competencias que demanda o mercado laboral e crear a formación para darlles aos nosos traballadores esas competencias.

E, por certo, vólvolle repetir, señora Rodríguez Dacosta: quen está limitando as microformacións na regularización de persoas migrantes en situación irregular que están aquí e que queren empezar a traballar canto antes é o seu Goberno, o Ministerio. Pídlle, por favor, que interveñan coa secretaria de Estado de Migracións e que sexan capaces de deixarnos facer, en colaboración co terceiro sector, ese tipo de microformacións. (*Aplausos.*) Porque é que, se non, temos un problema grave ao respecto.

Eu dicía que nesta segunda quenda quería falar tamén da atracción de talento foráneo, entendendo que isto é unha realidade, señorías, tamén. Eu sinto dicir os datos, pero son un observador de datos, e o que sae dos datos hoxe é que non hai xente suficiente en Galicia para cubrir a demanda de traballo que se require.

Estamos tratando de mellorar a súa empregabilidade pola vía da formación, pero, aínda así, entendemos que temos que traballar nunha política de atracción de talento. Por iso, entre outras cousas, están dentro desta consellería as competencias de emigración, porque temos que aproveitar as sinerxías que se xeran coa comunidade galega no exterior e ser capaces de traballar a favor do retorno desas persoas estranxeiras que queren vir traballar a Galicia, nacionais, galegos, por suposto, é dicir, galegos do exterior, pero tamén persoas estranxeiras.

E eu dicía antes, nesa estratexia de círculos concéntricos, que o segundo círculo sería precisamente o retorno da colectividade galega do exterior. Aquí temos unhas sinerxías claras, porque, por unha banda, estamos cubrindo esa necesidade de talento e, ao mesmo tempo tamén, pois estamos dando a oportunidade de que volvan aqueles que son descendentes dos que no seu momento se tiveron que ir.

Eu creo que é bo, porque estámolo vendo ademais, o éxito da Estratexia Retorna, que todos recoñecen que hoxe Galicia para moitos descendentes dos que se foron é tamén unha terra de oportunidades, e aquí poden regresar a sumar o seu talento e as súas capacidades ao noso mercado laboral, contribuíndo a cubrir esas vacantes.

Dentro da Estratexia Retorna, a min gustaríame facer especial referencia —saben que a Estratexia Retorna está dotada con 450 millóns de euros e busca favorecer a volta de 30.000 galegos e galegas do exterior deica 2026— a que os datos son os que son, está surtindo efecto, porque no último ano, con datos do 2023, 8.500 galegos e descendentes regresaron para asentarse na súa terra de orixe.



Onte mesmo publicabamos as axudas ao emprendemento dos retornados; vemos que o 85 por cento deses retornados, ademais, están emprendendo en concellos pequenos, nos que necesitamos moitísimo pois ese impulso ao emprendemento, e moito dese impulso está vindo precisamente destas persoas retornadas.

Se nos cinguimos á contratación por conta allea, que é do que lles quero falar agora, neste ano —falaban de que non tiñamos medidas; pois temos unha medida que non hai en ningunha outra comunidade autónoma— implantamos, no seo da Estratexia Retorna, o Retorna cualifica emprego. Este é un programa no que nós falamos coas empresas galegas, determinamos os seus compromisos de contratación con emprego indefinido e imos ir buscar, evidentemente, eses compromisos de contratación a primeiramente descendentes de emigrantes galegos —eu falo de galegos e galegas no exterior—. Este programa conta con 2,3 millóns de euros de orzamento na convocatoria do ano 2025, e pretendemos atraer 200 galegos e galegas; xa sei que non é suficiente, pero é unha medida eu creo que transcendente, máis alá dos cartos e do número de persoas.

Nestes momentos estamos resolvendo a convocatoria das entidades que van mediar neste eido, e pódolles dicir que temos compromisos de contratación de máis de 500 postos de traballo de empresas de diferentes sectores, señora Rodríguez, de todos os sectores que mencionou vostede. Efectivamente, esas empresas están asumindo compromisos de contratación, de contratación por tempo indefinido, daqueles galegos e galegas do exterior que evidentemente queiran vir traballar a Galicia.

É a segunda edición, señorías, pero afinamos dúas cuestións: a primeira, temos que ser moito máis estritos —dixeramos— na selección en orixe, e, polo tanto, trasládolles que con ese obxectivo imos ter unha feira de emprego na Arxentina e no Uruguai na primeira quincena de marzo, onde imos ir coas empresas que previamente asumiron os compromisos de contratación facer a selección dos currículos que desexen vir aquí a Galicia. Xa lles podo dicir que hai un número moi importante de currículos e de xente disposta a vir aquí.

E a outra cuestión que tamén perfilamos e melloramos —creo— nesta convocatoria é que, cando veña aquí unha persoa e se vén sobre todo coa súa familia, temos que tratar de cubrirille as súas necesidades básicas.

E, polo tanto, nesta convocatoria do Retorno cualifica emprego levamos unhas axudas específicas para o arrendamento de vivendas e tamén para a cobertura de gastos asociados a esa chegada aquí, como pode ser a constitución de fianzas e as altas na subministración de luz, auga ou teléfono.

Pero, ademais, paralelamente —e isto tamén é unha novidade, xa llelo expliquei na comparecencia de orzamentos—, estamos traballando nunha orde de subvencións, que terá unha dotación inicial de 2 millóns de euros, para que se poidan rehabilitar casas que sexan destinadas precisamente a estes traballadores galegos retornados no conxunto do territorio. Cremos que aí hai un campo importante, que, ademais de acadar o obxectivo de cubrir a escaseza de man de obra, tamén nos pode axudar —como digo— a recuperar patrimonio e ao mesmo tempo tamén a loitar contra o reto demográfico. Esta medida que lles comento —



Retorna cualifica emprego— insírese no conxunto da Estratexia Retorna, pero hai outras medidas pensadas para os galegos e galegas do exterior.

Déixenme que lles fale dun programa especialmente interesante, como son as becas BEME, as becas de excelencia mocidade exterior, que tamén é medida única nas comunidades autónomas —hai que recoñecelo— e eu creo que todos os que estamos aquí deberíamos recoñecer a súa potencia. A través destas becas BEME, o que traemos cada ano son 250 titulados, procedentes fundamentalmente de América Latina, descendentes galegos, é dicir, xente con alta cualificación que vén aquí facer posgraos e mestrados ás universidades públicas galegas; 2,55 millóns de euros. Pero o dato que a min me interesa, señorías, é que o 80 por cento dos beneficiarios das BEME quedan aquí a traballar ou a emprender, é dicir, veñen aquí aportar. Son persoal, evidentemente, moi cualificado, licenciados que ademais fan aquí —como digo— os seus mestrados e que, polo tanto, son, en puridade, atracción de talento.

Tamén, se me permiten, con claridade, dicía a señora Rodríguez Dacosta na súa intervención das dificultades de traer persoas estranxeiras polas políticas da Xunta. Señora Rodríguez Dacosta, vostede sabe perfectamente que... *(A señora Rodríguez Dacosta pronuncia palabras que non se perciben.)* Díxoo así, pero dígoo que o sabe porque eu o anotei. Pero, en todo caso, sabe perfectamente cales son as competencias coas persoas estranxeiras no mercado laboral. Imos ver, ¿de quen son as competencias para a homologación de títulos universitarios? Do Goberno central. ¿De quen son as competencias de estranxeiría? Do Goberno central. ¿Onde están as dificultades para o persoal que vén de fóra e que quere traballar aquí, das persoas que veñen de fóra e queren traballar aquí? Nas competencias do Goberno central, nas que está facendo deixación de funcións de xeito moi claro. E eu aproveito aquí para pedirlle —como lle pedín tamén á secretaria de Estado de Migracións—, señora Rodríguez Dacosta, que incidan, por favor, na axilización da homologación de títulos universitarios. O colmo dos colmos é que permitamos que nas universidades públicas galegas fagan títulos de mestrado licenciados na súa maioría latinoamericanos e logo non lles homologuemos os títulos cos que fixeron eses mestrados. *(Aplausos.)* Porque, ademais, señorías, ¿saben o que está pasando? Que se van a outros países onde poden aproveitar o seu talento, porque aquí desas características temos enxeñeiros e temos licenciados de moitas licenciaturas que ademais nos fan falta traballando —e non digo que sexa nada malo—, pero si infratraballando en traballos que non se corresponden coa súa formación por non ter esa homologación de títulos.

Polo tanto —repito—, por favor, traballemos arreo. E eu aquí ofrezco a colaboración da Concellería, da Xunta de Galicia, para poder mellorar a tramitación da homologación de títulos universitarios. Por certo, se teñen aí información —ademais, hai xente que coñece ben o mundo universitario—, señora Rodríguez Dacosta, de por que é tan dificultosa a homologación de títulos, pois, se nolo poden trasladar, nós estamos dispostos a botar unha man, incluso —como digo— poñendo xente nosa para poder axilizar se fora necesario.

Remato xa. En relación cos galegos e galegas do exterior, tamén o programa de retorno emprendedor. Aquí apostamos tamén polos que retornan —e, de feito, en certas partes de Galicia e está por aquí xente de Celanova e sabe que hai moitos venezolanos que están desenvolvendo o autoemprego alí—, apostamos porque ese autoemprego de persoas emprendedoras veña tamén do retorno; convocatoria de 1 millón de euros que levamos ao Con-



sello esta mesma semana, é dicir, onte mesmo. E tamén me gustaría falar das axudas aos retornados, evidentemente, no seu conxunto, para acadar o obxectivo de que poidan integrarse o mellor posible nesta que tamén é a súa terra.

Pero, ademais dos retornados galegos e galegas do exterior, temos tamén que apostar por persoas estranxeiras. Nós aquí priorizamos América Latina por unha cuestión de arraigo. Sería o terceiro círculo dentro desa estratexia de círculos concéntricos, e dicirlles que é o que queremos facer en relación coas persoas estranxeiras. Aquí temos unha problemática, señorías —gustaríame ter un debate serio sobre isto, se é posible, na réplica—, dos trámites de estranxeiría, porque as persoas retornadas son nacionais españois, non teñen problemática de estranxeiría, pero os nacionais doutros países si teñen esa problemática de estranxeiría. ¿Como queremos facer isto dun xeito o máis ordenado posible? Indo da man das administracións de orixe, porque, como temos as competencias exclusivas en políticas activas de emprego, nós podemos dirixirnos ás administracións de orixe e podemos facer as contratacións de común acordo coas nosas empresas. É dicir, da man das administracións de orixe e tamén da man das nosas empresas, que determinen cales son as súas necesidades, dándolles en todo o proceso seguridade xurídica, fundamentalmente no que se refire á tramitación de estranxeiría.

E, polo tanto, dentro desa colaboración coas administracións de orixe, xa saben —porque saíu en prensa e, se non, dígollelo eu— que no mes de novembro estivemos reunidos cos embaixadores da Arxentina, Chile e Honduras, e mañá mesmo imos estar reunidos tamén cos representantes das embaixadas do Ecuador e de Colombia. O que imos procurar aquí —e hai moi boa recepción polos países— é trasladarlles con claridade que, se hai xente deses países que quere emigrar, Galicia é hoxe unha terra de oportunidades e, ademais, temos empresas dispostas a comprometerse con compromisos —como digo— de contratación para poder traer esa xente de xeito colectivo.

Tamén hai que colaborar —xa o dixen antes— coas empresas. A estas pedímoslles compromisos de contratación e ao mesmo tempo tamén o que lles garantimos é seguridade xurídica. E aí vólvolle tender a man ao Goberno central, porque temos que ser o máis áxiles posibles na tramitación de estranxeiría de toda esta xente, se é certo que están dispostos a vir e as nosas empresas a requiren.

En definitiva, eu supoño que hai comparencias con máis ou menos contido. Claro —na miña opinión—, a miña ten moito contido e, evidentemente, puxo enriba da mesa moitas medidas. Pero o que si me gustaría é que, ademais de ter predeterminado o que imos dicir, pois tiveramos un debate serio sobre estas cuestións e, se algunha delas se pode afinar en colaboración, como se ten feito ata agora cos axentes económicos pero tamén en colaboración cos grupos parlamentarios, creo que esta é unha cuestión que nos afecta a todos.

Porque, contrariamente ao que pode pensar algún grupo político, eu creo que o mercado laboral non só se pode ver do xeito da Administración, ou do xeito dos sindicatos ou do xeito dos empresarios, senón que se ten que ver en común, no seo do diálogo social, tense que ver falado entre os que somos políticos, pero tamén coas empresas —como non pode ser doutro xeito— e tamén cos traballadores a través da súa representación.



En definitiva —como lles digo—, nós o que pretendemos é no ámbito interno mellorar a empregabilidade dos que demandan activamente emprego, e sendo conscientes de que hai unha problemática e escaseza da man de obra, non só galega, senón tamén europea —como lles veño de acreditar—, non nos queda máis remedio —e non digo que sexa malo, é a expresión, permítanme— que evidentemente buscar talento, atraer talento. E aí nós temos unha oportunidade creo que importante —e creo que todos estaremos de acordo con que ten moita sinerxía— coa galegitude no exterior, coa nosa xente no exterior, sobre todo naqueles países nos que por determinadas circunstancias están pasando dificultades.

E, ademais, temos que apostar tamén dentro desa liña por traer persoas de nacionalidade estranxeira, iso si, dándolles as maiores garantías tanto en orixe como aquí en destino, e indo da man das nosas empresas, que nestes momentos están demandando todos os traballadores.

Galicia —e iso hai que dicírllelo con claridade a todos eles— é un espazo para crecer, para innovar e para construír xuntos o futuro que desexamos, e, polo tanto, a pretensión da Consellería non é outra que facilitar o máximo posible a actividade económica, procurando un mercado laboral dinámico, activo e inclusivo. Polo tanto, nós temos a nosa folla de ruta e imos seguir apostando nesta liña de reter e captar talento e neste momento cubrir as vacantes laborais existentes nas nosas empresas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno.

(O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.)

O voceiro do Grupo Mixto comunícame que renuncia.

Ten a palabra, novamente, entón a señora Rodríguez Dacosta, por parte do Grupo dos Socialistas de Galicia.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidenta, de novo.

Conselleiro —por se se me esquece despois—, as becas BEME son para fillos de emigrantes e, por tanto, teñen nacionalidade española; entón, non o debe mesturar co Regulamento de estranxeiría, porque son —como dicía— de nacionalidade española.

Eu creo que debemos pórnos en cuestión. Con Feijóo e con Rueda, dende o 2008 á actualidade, Galicia perdía o 7,9 por cento das horas, medido en horas habituais traballadas. E se na Administración pública —que antes mencionaba tamén o compañeiro voceiro— se tivese unha evolución como a estatal, teríamos 15.521 empregos máis. E na agricultura e no sector primario, conselleiro —e sábeo vostede ben—, perdeuse unha de cada catro horas traballadas no sector industrial, un 23,4 por cento das horas habituais.



E, señora Pérez, dicía eu que desbotaran todas as medidas postas en marcha polo Bipartito, que un goberno novo entendiamos que tivera políticas novas, pero non substituíron as políticas do Bipartito por outras.

E a formación, señora Pérez, débese impartir segundo as necesidades do mercado laboral. Non o fixeron e ségueno sen facer, imparten ano tras ano os mesmos cursos que ofertan as entidades formativas, non as que necesita o mercado laboral, neses intereses clientelares que ten o Partido Popular en calquera materia que tocamos nesta sala plenaria.

En relación co decreto ómnibus, non enganen os traballadores e traballadoras; eu creo que non os enganan. De feito, agora o seu líder, Feijóo, está pedindo que se volva levar o real decreto, agora queren que se volva levar. Entón, ben, niso creo a mentira ten as patas moi curtas. (*Murmurios.*)

En canto á taxa de paro..., (*Murmurios.*) —¡uuii, que alboroto!—....

A señora PRESIDENTA (Candía López): ¡Silencio!

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...algo terá que ver a reforma laboral, señora Pérez, ¿verdade?, algo terá que ver. Porque diso non fala. Antes si que se falaba dos fixos discontinuos, do cómputo; mentía, porque antes tamén se computaban. Pero cando lle interesa a reforma estatal, ben que menciona os logros da reforma, aínda que non os queira recoñecer de forma verbal.

Tamén quería dicir, señor conselleiro, en relación cos datos que dicía sobre todo a portavoz do Partido Popular, que España é a mellor economía do mundo en 2024 no *ranking* segundo *The Economist*, e iso significa máis e mellores empregos. E gustaríanos que Galicia puidera dicir o mesmo, porque sempre lle temos que recordar neste plenario que as competencias en materia de emprego son da Xunta de Galicia. E algo terán que ver as políticas que empregaba a Xunta de Galicia para a falla de relevo xeracional —que vostede pouco falou diso—, porque se agrava en Galicia. Como dicía, un de cada catro traballadores supera os 55 anos; é algo que ten que ter en conta e as políticas tenas que deseñar con base nesta realidade. De feito, por cada cen afiliados á Seguridade Social e preto da xubilación na comunidade só entran no mercado laboral dezasete menores de 25 anos, pese á recuperación do emprego, e isto é segundo o Instituto Galego de Estatística.

E falaban vostedes de que non somos propositivos. Nós, conselleiro, sabe que estamos absolutamente a favor do diálogo social. O PSdeG é un defensor a ultranza do diálogo social. Pero é que con vostedes chegamos a esta Cámara e calquera iniciativa que presentamos en positivo para que o Goberno galego pois analice e despois aplique medidas concretas para ese desaxuste entre a oferta e a demanda, como a que presentamos, señora Pérez, en outubro de 2024, no pleno de outubro, no que defendía vostede a réplica e votaban en contra, e na que pediamos elaborar para o 2024 e 2025 un programa exactamente de inserción laboral para desempregados que mellorara a súa empregabilidade, que aumentara a cualificación dos traballadores e traballadoras, minimizando a falta de persoal traballador, e dabamos unha serie de pautas como acceder ás formacións de nivel 2 e 3 en Galicia, a través das com-



petencias clave que vostedes se negan a desenvolver da maneira que se necesita, porque hai moitos traballadores e traballadoras que están no paro que non van acceder a esa formación para parados en Galicia —entón, nunca van saír da exclusión, van entrar na exclusión social—, e votaban vostedes que non.

Entón, obviamente que vostede ten moito que dicir nesa cuestión cando se vota nesta cámara, que é o dirixente en políticas de emprego. E votan que non unha e outra vez a todas aquelas medidas, como cando dicíamos ou pedíamos un plan semellante ao do País Vasco, con plans locais e comarcais para desenvolver o autoemprego e o emprendemento, que tamén votaron en contra.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Votaron en contra de plans personalizados —xa remato— para recualificar os maiores de 45 anos, que sabe vostede que tamén teñen ese risco de non voltar ao mercado laboral. Plans de choque de emprego xuvenil e a todas e cada unha delas votaban en contra.

Nada máis, grazas.

Non teño máis tempo, presidenta. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Fernández Alfonzo.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Moi boas de novo.

Díxenllo antes e repítollo: o Partido Popular non ten plan para os sectores estratéxicos e non ten plan para a cobertura de vacantes.

Quince anos de goberno contéplannos e constatan que destruíron vostedes 24.000 postos de traballo no sector industrial, no naval, na automoción, no sector enerxético, na fabricación de complementos etcétera. E podemos dicir o mesmo das profesións desenvolvidas por persoas autónomas, podemos dicir o mesmo do sector do comercio, tamén da súa competencia.

Se hai un feito constatado na Galiza, é que, cando un sector económico no noso país sofre unha crise, a Xunta nin está nin se lle espera.

Certo que sempre aparece o conselleiro ou conselleira de quenda ofrecendo formación para o persoal despedido, pero nunca hai un plan. Ofréceselles formación sen saber onde se poderán recolocar ou cara a que profesións poderán orientar a súa vida laboral. Póñolle un exemplo recente que ilustra ben este *modus operandi*.

Durante a negociación do ERE da empresa Einsa, nas Pontes, tamén apareceu a oferta de cursos. A Xunta nin tiña nin ten plan ningún de reindustrialización para As Pontes e a em-



presa tampouco tiña plan ningún de reestruturación, era apenas reducir persoal. A Xunta ofreceu cursos como quen ofrece kiwis, porque xa os ten pagados e non sabe que facer con eles. A Xunta ofrecía cursos, os sindicatos pedían un plan industrial, a Xunta insistía con que se queredes cursos, igual que o monólogo de Carlos Blanco e os kiwis. Mais —insisto— ofrecían cursos sen un horizonte de contratación, sen a máis mínima idea ou expectativa de cara a onde orientar as vidas laborais das persoas que foron despedidas.

A Xunta de Galiza, en resumo, ofrece formación —faltaría máis, porque ten que ofrecela—, porque para iso recibe moito diñeiro público todos os anos e leva, efectivamente, moitos anos gastando en formación e gastando mal, como lle dixen na miña primeira intervención, sen preocuparse de ter oferta atractiva, sen preocuparse de axustar esa oferta ás características das comarcas ou ás características das persoas demandantes de emprego, que tamén teñen as súas particularidades. O deseño e a execución da formación é tan ineficiente que levan vostedes moitos anos deixando de executar máis do cincuenta por cento dos programas orzamentarios destinados a formación. Máis do cincuenta por cento do orzamento sen executar coído que para un bo observador de datos chégalle para facerse unha idea moi aproximada sobre o éxito das súas políticas e a súa capacidade de xestión.

As políticas de formación e as políticas activas de emprego da Xunta do PP teñen varios problemas de base polos que nunca son efectivas. O primeiro é que a Xunta carece de plans serios e reais de promoción ou desenvolvemento dos nosos sectores estratéxicos. O segundo problema é obviar a súa obriga legal de contar cos sindicatos nas políticas de formación; vostedes prefiren contratarlle un estudo a unha consultora e tirar para diante, aínda que este estudo teña eivas graves e evidentes. E o terceiro problema é precisamente que vostedes coas empresas contan; de feito, o Partido Popular considera que atender ás demandas de certas empresas amigas é o realmente importante para manterse no poder.

Todo o demais, a política industrial, a formación, os coidados mesmo, todo o demais non son para vostedes máis que os vehículos para carretar inxentes cantidades de diñeiro desde os orzamentos aos petos e ás contas de resultados de certas empresas. Esta é a roda na que levan vostedes quince anos, non son círculos concéntricos.

E repite vostede o dato do custo dos procesos de IT, das baixas médicas. Pois eu repítole tamén que hai no Sergas 1.900 prazas sen cubrir. Desas vacantes non quere falar vostede, e iso que di que é un defensor do parlamentarismo e que quere ter un debate construtivo. Non lle parece que exista unha causalidade directa e clara entre as demoras do noso sistema público de saúde para facer probas diagnósticas e a duración dos tempos de recuperación das baixas.

Se quixese ter un debate honesto sobre absentismo laboral, comezaría vostede por aí. Pero non o fai, nin fala dos problemas de saúde que implican estas demoras para as persoas que o sofren. E iso delátalo. Por iso falamos de que vostedes criminalizan os traballadores de baixa, e falamos ben.

Máis nada e obrigado. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.



Quenda do Grupo Parlamentario Popular, a señora Pérez.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Grazas de novo, señora presidenta.

Vou ver se me dá tempo, polo menos, a contestarlle á maioría das cuestións, porque hoxe viñemos falar aquí das vacantes, do problema que temos de vacantes no mercado laboral, pero a verdade é que fixeron unha macedonia na que é difícil poder darlle resposta a todo.

Señora Rodríguez Dacosta, anos de espera para homologar títulos aos estranxeiros que chegan ao noso país —diciallo o conselleiro—. Meses de espera para unha cita nas comisarías. E estoulle a falar do caso de Ourense, onde vostede e eu vivimos. Ata mil chamadas algunha persoa para poder acceder a unha cita e, aínda así, sen conseguilo. Persoas con traballo que necesitaban renovar os seus permisos de residencia e de traballo para poder seguir contratadas e que non deron conseguido unha cita. E díxollo claramente o conselleiro: responsabilidade do Goberno central e do Partido Socialista. Non queiran vir aquí culpar o Goberno galego de algo no que non temos nada que ver. A súa inacción levou nesta materia a que en Ourense se crease unha trama que revendían as citas da Consellería. Ese é o seu maior logro falando de emigrantes.

E que o absentismo é un problema, señor conselleiro, un problema emerxente, é unha realidade. Eu creo que todos estamos nestes momentos aínda impactados por un caso de absentismo que coñeciamos hai poucos días, no que un traballador pois non sabía onde traballaba, non sabía onde estaba a súa oficina, non sabía quen era o seu xefe, non sabía cales eran as súas funcións. (*Murmurios.*) Ou sexa, que hai un problema de absentismo laboral neste país é unha realidade evidente. (*Aplausos.*) Por certo, un traballador que atopou traballo na Administración cunha oferta de emprego por Internet. Aí o deixamos, porque é clarificador total.

Por suposto que a formación se debe impartir segundo as necesidades laborais, señores deputados. (*Murmurios.*) Exactamente o que pedía...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Silencio, por favor, silencio.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Exactamente. Por suposto que a formación se debe impartir segundo as necesidades laborais; foi unha afirmación do Partido Socialista. Iso é exactamente o que pedimos dende o Grupo Parlamentario Popular, e iso é exactamente o que vostedes hai dous meses votaron en contra na Comisión 5ª. Votaron en contra de que os fondos finalistas de emprego, que son de todos os galegos, fosen máis flexibles e se tivesen en conta as particularidades de Galicia. O relato queda moi ben, pero outra cousa son os feitos.

E dicían hai un momento que con Feijóo e con Rueda se perdían horas, que con Feijóo e con Rueda se perdían empresas. Mire, algo terá que ver isto, ¿non?, na perda de empresas. (*A señora Pérez López mostra un documento.*) Porque o señor Sánchez só leva a parte boa. Cando hai un problema nacional pero as cousas van mal, o problema é de Feijóo e de Rueda. «*Sánchez dispara los costes laborales un 40 por ciento desde el año 2018*».

Miren, este... (*A señora Pérez López mostra un documento.*) (*Murmurios.*) É unha noticia, ¡eh!, moi documentada. Esta é a mostra máis evidente da desconexión do Goberno central coa



realidade empresarial e laboral deste país e do Partido Socialista de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, (*Aplausos.*) de desconexión coa realidade de Galicia.

Miren, ¿saben por que se perden empresas, señores deputados?, ¿saben por que se perden empresas? Porque dende o Goberno central... (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Silencio, por favor.

A señora PÉREZ LÓPEZ: ...as están asfixiando. E estanas asfixiando e están anulando a súa capacidade de investimento, a súa capacidade de incremento e están sacrificando 15.000 millóns de euros —fagan vostedes as contas ben, por unha vez— que podían ter ido directamente ao peto dos traballadores.

E vostedes si que están axudando a reducir os postos de emprego. Porque se unha peme ten que pagar máis en cotizacións por cada empregado, vai reducir o ritmo de contratación. Branco e en botella. Con máis cargas sociais, as empresas, principalmente as pequenas e medianas, perden competitividade, frean o seu investimento e deixan de contratar traballadores.

Mire, falaban de inexecución dos fondos —e remato xa, señora presidenta—.

Señor Alfonso, en primeiro lugar, non contamos cos sindicatos, non. Falou o conselleiro do diálogo social, non contaremos ou non quererá contar co Goberno galego, non quererá participar co Goberno galego o sindicato do Bloque Nacionalista Galego. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non quere participar co Goberno galego.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Silencio, por favor, silencio.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Nós contamos con todos os representantes dos traballadores, están invitados, que veñan cando queiran, con todos os representantes dos traballadores, con todas as empresas e con todos os sindicatos. (*Murmurios.*)

Mire, volveu falar da inexecución dos fondos. Volveron facer acusacións sen datos reais e dirixíndoas só a onde lles interesa.

Eu queríalle dicir unha cousa respecto deste tema. Vostedes os datos de falta de execución dos fondos cámbianos en cada intervención. Mire, nin sequera teñen claro o que están criticando.

O Partido Socialista de Galicia hai un ano dicía que nos anos 2022 e 2023, dous anos, deixáramos de gastar en formación para o emprego 979 millóns de euros; está nunha acta deste pleno. O mesmo día o Bloque Nacionalista Galego dicía que, do 2019 ao 2023, cinco anos, foran 650 millóns sen gastar, e meses despois eran 409. Miren, son incapaces de poñerse de acordo nin sequera vostedes nunha cifra. E ser incapaces de poñerse de acordo niso xa é para dubidar da rigorosidade do seu argumento, que traen incorporado cada vez que falamos do emprego.

Pero —reitérolles— vaiamos ao asunto da formación.



A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Pérez.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Remato xa, señora presidenta.

Cando dende aquí lles pedimos que se flexibilicen eses fondos para a formación, Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego votan en contra. Polo tanto, se hai algún responsable de que os fondos de formación non se executen ao cen por cento é o Partido Socialista e a súa incapacidade para dialogar coas comunidades autónomas. E, a pesar de todos eses atrancos, dende o Goberno galego búscanse solucións e puxéronse en marcha programas innovadores que responden á realidade do mercado laboral.

Criticar desde un atril é fácil. Dar solucións e gobernar é máis difícil. E vostedes hoxe viñeron e perderon unha oportunidade importante para poñer enriba da mesa cales son as súas aportacións para resolver un reto que ten o mercado laboral en Galicia, en España e en Europa.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Pérez.

Dúplica do señor conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración.

O señor CONSELLEIRO DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN (González Vázquez): Grazas, señora presidenta.

Eu agradézolle que me repita que son conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, porque aquí parece que falamos co conselleiro de Sanidade, aí o señor Fernández, ou coa conselleira de Economía, porque creo que os sectores económicos e os plans directores corresponden á competencia de Economía. Eu podo falar diso tamén, pero non é o motivo da miña comparecencia.

Tamén parece que é unha comparecencia sobre execución orzamentaria. Eu dígolles: cando queiran, facemos un debate sobre a execución orzamentaria; xa o dixi moi ben tamén a señora Pérez, porque cada día utilizan uns datos diferentes e non teñen en conta as incorporacións de crédito que se producen ao longo do ano. É dicir, se falamos con datos trucados, pois así é relativamente fácil facer demagogia.

Pero a min paréceme especialmente interesante, porque fixo moita alusión a que non temos plans cos sectores económicos. Eu a primeira pregunta que lle faría ao señor Fernández —xa sei que agora son eu o que pecha, é unha das vantaxes do Goberno— sería: ¿cal é a súa interlocución neses sectores económicos? ¿Con quen falan á parte dos sindicatos? Pois xa dixeron: co maioritario hai que falar, coa CIG, pois tamén por afinidade. Pero ¿cal é a súa interlocución? Porque ¿con quen falan aí para dicir que non hai plans?, ¿con quen?

Porque, imos ver, eu veño de ter unha reunión a semana pasada con Ceaga, o Clúster de Automoción de Galicia. Dirán: non, Stellantis, non. Imos ver, estaba mirando agora, se quere na súa páxina web. 200 empresas e 24.800 postos de traballo. É dicir, o sector da automoción



de Galicia completiño, aí tamén están os traballadores representados en Ceaga. Estamos de acordo en que é unha fundación que representa o sector do automóbil, ¿a que si? ¿Quen fixo o plan director do sector da automoción? A Xunta de Galicia, non este conselleiro. Por iso eu non falaba deles, a Consellería de Economía. Moi ben feito. ¿Con quen fixo ese plan a Xunta de Galicia? Con Ceaga, recoñecido e ademais felicitado aquí neste caso a min do traballo conxunto que se fixo entre o sector e a Xunta de Galicia para ter ese plan estratéxico, como hai moitos outros que se están traballando e como moi ben sabe vostede.

Estivemos falando —se me deixa acabar de trasladarlle— doutra cousa que di vostede, que non é certa. Estivemos falando precisamente dos retos que ten o sector da automoción precisamente co vehículo eléctrico e coa dixitalización, que iso vai afectar partes do sector da automoción que necesitan recualificarse. O que temos que saber é onde se poden recualificar, se dentro do sector ou noutro sector, porque non hai postos de traballo suficientes.

Pero eu o único que lle estou trasladando é que nós estamos falando co sector, precisamente porque vostede di que non o estamos facendo, co cal a min gustaríame, se fora posible, cando digan aquí as súas opinións, que as acreditaran, porque dígame exactamente con que parte deses sectores non estamos falando, non estamos traballando, na liña que vostede di que é a correcta. Entón, digo: se estamos traballando na liña que vostede di que é a correcta, ¿por que non di vostede que é correcta? A crítica non me acaba de quedar moi clara.

Hai outra cuestión, que di vostede: reciben moitos cartos. Aquí, imos ver, os cartos son de quen son, os cartos son dos galegos tamén, que tamén temos cotizacións e contribuímos a todo. Polo tanto, os cartos, por unha cuestión de ordenación de competencias, van a Madrid, pero volven para aquí. Nós o que dicimos —e é certo, e asumímolo— é que quen ten as competencias en políticas activas de emprego é a Xunta de Galicia, de acordo, pero están moi determinadas, predeterminadas, polos ministerios, e eu creo que esta petición do Bloque de que teñamos máis liberdade en Galicia para poder asumir as nosas competencias en políticas activas de emprego é unha boa petición que podería ser respaldada.

E o que digo aí é que temos un posicionamento nestes momentos con claridade, sobre todo no Ministerio de Traballo, co que é moi moi difícil permitírnos avanzar. Igual podemos estar de acordo, porque o Ministerio de Traballo, eu non sei exactamente como se reparten... ¡Ah! o Ministerio de Traballo é de Podemos, de Sumar, ¿de quen é exactamente? Como hai tanta... Pero quero dicir que non é nin do PSOE nin do Bloque; de Sumar, si. Quero dicir que non é nin do PSOE nin do Bloque. Polo tanto, poderíamos estar de acordo en que nos deixen máis competencias, e se, ademais, estamos tamén de acordo en que o estamos facendo ben, que nos deixen competencias ou que nos deixen exercer as nosas competencias.

Decía tamén a señora Rodríguez: non meta aquí o debate das becas BEME, o Regulamento da lei de estranxeiría. Non se preocupe. (*Murmurios.*) Non, non. Eu dixen con claridade, con claridade, que o colmo dos colmos, señor exreitor, é que permitamos que fagan aquí os mestrados e despois tardemos anos en homologarlles os títulos. E o que digo é que hai que axilizar a homologación de títulos universitarios. Aínda que sexan nacionais españois, teñen dificultades na homologación de títulos. E o que dixen tamén —e volvo repetir— é que, por favor, modifiquen o Regulamento da Lei de estranxeiría para que se poidan manter as microfor-



macións para inserir laboralmente persoas migrantes en situación irregular. Foi o que dixen. E neste momento, coa reforma, coa última reforma do regulamento, non se poden facer microformacións. E mire que llo pedimos ademais á secretaria de Estado de Migracións.

Dicía tamén, en relación con todas as cuestións, unha posición que me parece moi interesante, señora Pérez, e que ademais é unha realidade, pero témola que englobar no contexto galego. O contexto galego, dende o punto de vista empresarial, é un contexto de pequenas e medianas empresas, 241.000 empresas; 152.500 son persoas físicas, autónomos, é dicir, o sesenta por cento, e máis do noventa por cento do tecido produtivo galego son pemes. Está advertido, señorías —isto incluso os sindicatos o din—, que as pequenas e medianas empresas son as que máis están sufrindo a asfixia, que dicía a señora Pérez; polo tanto, é a que máis vai afectar a Galicia.

Nisto estamos falando dunhas dificultades tremendas, vaise dar a tormenta perfecta, dende calquera perspectiva que poidamos defender. Evidentemente, salarios dignos e a melloría das condicións laborais. O conxunto da suba do salario mínimo interprofesional, da suba das cotizacións, da redución da xornada laboral sen baixada de salario, todo iso, sen consenso cos axentes económicos, é unha bomba de relojería para as pequenas e medianas empresas. E eu aquí dígo con toda claridade: estámonos enfrontando a un problema brutal e deberíamos de afrontalo dende a perspectiva do diálogo, falando entre todos e de xeito conxunto, non con imposicións e con exixencias sen contar cos axentes económicos, que é o que está pasando no Ministerio de Traballo.

Eu remato xa dicíndolles que vimos aquí dende logo, sempre que sexa necesario, trasladar cales son as nosas políticas, e eu creo que neste momento, logo xa duns meses na Consellería, pois podemos trasladar con claridade a diagnose dos problemas. Aí creo que houbo unha coincidencia xeneralizada. E temos que traballar tamén nas solucións, porque vainos moito nisto, e dende logo nós apostamos —vólvollelo repetir— pola mellora da empregabilidade da xente que xa está aquí, incidindo especialmente nos colectivos máis desfavorecidos, traballando pola nosa mocidade.

Por certo, tiña aquí tamén apuntado que o ano en que máis mozos se foron en Galicia foi o ano 2007, con datos do INE, para que teñamos clara tamén esa cuestión.

E se non chega —como é evidente—, que deriva da falla de man de obra en todos os diferentes sectores económicos da nosa actividade, temos que traer e atraer talento de fóra, e aí creo —e estarán de acordo comigo— que a aposta de incentivar esa captación de talento, fundamentalmente en descendentes de emigrantes galegos, é unha aposta gañadora e que ademais ten moitas sinerxías, como trasladei ao longo da miña exposición. E, se traemos persoas estranxeiras, dende logo co maior arraigo posible, indo da man das administracións de orixe, indo da man das nosas empresas e procurando darlle seguridade xurídica en toda a tramitación. E aí demando de novo —como non pode ser doutro xeito, e así o trasladei en varias ocasións— que o Goberno central traballe nesa facilitación dos trámites de estranxeiría, na homologación dos títulos.

En definitiva, se todos somos capaces de incardinar todas estas medidas, traballar —como digo— cos axentes económicos, axentes sociais, acadaremos o obxectivo, que é ter un mer-



cado laboral forte, inclusivo e dinámico, un traballo de calidade e, sen ningunha dúbida, unha actividade económica que leve para adiante tamén a nosa terra, aquí, a Galicia.

Moitísimas grazas pola súa atención. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pois rematada a comparecencia, procedemos á suspensión ata a tarde, sendo reiniciada ás dezaseis horas e trinta minutos.

Bo proveito a todos e todas.

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e nove minutos e retómase ás catro e trinta minutos da tarde.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Boa tarde a todos e todas.

Prego silencio.

Reanudamos a sesión.

Empezamos no apartado de mocións, coa enumerada no punto primeiro co cuarto apartado.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Suárez Fernández, sobre as estratexias da Xunta para a fixación da mocidade no medio rural

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta moción non se presentaron emendas.

Para a súa defensa ten a palabra, en primeiro lugar, don Iago Suárez, por tempo de oito minutos.

O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: Moitas grazas, presidenta.

Moi boa tarde a todas e a todos.

O pasado día 18 de febreiro debatía eu coa señora conselleira de Medio Rural unha interpe-lación que, a ollos do BNG, foi pouco frutífera e un tanto frustrante, como tantas outras. Non chegamos a ter en ningún momento un debate verdadeiramente real sobre as estrate-xias da Consellería da Xunta de Galiza para a fixación de mocidade no medio rural, e foi sim-plemente o de sempre, unha retahíla de mantras repetidos constantemente que non veñen en ningún momento a solucionar nada.

Eu queríalles facer aquí un pequeno exercicio de imaxinación. Imaxinen por un momento, señorías, unha comunidade de persoas, un grupo humano, que durante millares e millares de anos habita un territorio moi concreto; un grupo humano que a través dos anos vai creando unha identidade propia, unha lingua, unha maneira de vivir, unha forma de habitar o terri-torio moi concreta; un grupo humano que, por todos estes feitos e pola súa idiosincrasia pro-pia, adopta a través dos anos características de nación, de país; unha nación, un país, por



tanto, que, a pesar de invasións, de desprazamentos forzados e de imposicións lingüísticas e culturais e a pesar de séculos e séculos de tentativas de asimilación e de aniquilación, sobrevive; un pobo que segue habitando o territorio dunha forma moi peculiar despois de todos estes anos, que mantén a súa cultura, que mantén a súa lingua, que mantén, por tanto, o seu status de nación; un país, un pobo que, a pesar de todo e de todos, existe; un pobo que habita un territorio único, extremadamente rico en recursos, en múltiples ámbitos: no agrario, no gandeiro, no pesqueiro, no marisqueiro, no forestal, en recursos mineiros e tamén no ámbito enerxético; un país ao que, se lle deixasen a liberdade de se gobernar a si mesmo, sería, sen dúbida, unha verdadeira potencia; un país ao que, lamentablemente, usurpan eses recursos diariamente, recursos que van enriquecer territorios afastados do propio, mentres o país que ten a riqueza en forma de recursos ten salarios moito máis baixos que en lugares onde non se produce nada e que paga a factura da luz máis cara, a pesar de producir a propia luz; un país do que a súa propia xente marcha, a pesar de ser extremadamente rico en recursos.

Señorías, non imaxinen máis, ese país ten nome, ese país é Galiza. Na interpelación do pasado pleno, da que deriva esta moción, eu citaba o presidente Castelao, que, coa súa inmensa clarividencia, nos ilumina aínda no día de hoxe. Vouno volver facer porque nunca está demais, e isto dicía Daniel Castelao —abro aspas—: «Os ingleses aldraxan aos escoceses; os franceses aos bretóns; os casteláns aos galegos, e todos eses aldraxes non son máis que un recoñecemento tácito do carácter nacional».

Eu dicíalles na anterior interpelación: ¿que insulto utilizarían as señorías do Partido Popular para referirse a Daniel Castelao hoxe en día? Dirían absolutamente de todos. O carácter nacional do que falaba Castelao en Galiza ten as súas raíces aínda hoxe no rural; un rural maltratado, e no que, segundo o Goberno galego, xa se está facendo «todo e máis». Unha Xunta de Galiza de novo caendo na autocompracencia máis absoluta e un PP de Galiza que mira unicamente a Madrid, aos seus amos e señores, aos que mandan de verdade: o Partido Popular de Madrid. E vímolos clarísimamente no recoñecemento estes días do alcalde de Madrid, o señor Almeida, que desvelaba que no ano 2021 a Xunta retiraba a candidatura da Ribeira Sacra a patrimonio da humanidade para darlle paso á candidatura madrileña «*Paisaje de la luz*». *Pasen, pasen ustedes, por supuesto, señores del PP de Madrid.* O Partido Popular de Galicia sempre, sempre mirando a Madrid, e sempre submisos ao Partido Popular de Madrid.

Enchíaselles a boca ao presidente da Xunta e ao Partido Popular de Galicia coa Ribeira Sacra, e agora sabemos que era todo de boquilla. En canto chegou o PP de Madrid, agacharon a orella e a obedecer, que é o que saben facer. E como dicía o presidente Almeida, «*generosidad infinita* coa Xunta de Galiza e coa candidatura da Ribeira Sacra». Non, non, de xenerosidade infinita, nada, non se confundan; submisión e servilismo. (*Aplausos.*) Dominación madrileña, ¡claro que si! ¡Pasen vostedes, por favor! ¿Para que imos aquí defender nós o noso país, para que imos defender unha candidatura a patrimonio da humanidade? Non, non, que pase Madrid, por suposto; pasen vostedes. Nós agachamos a cabeza; si, si, pasen. Non pasa nada, en calquera momento bailan vostedes aquí un chotis aquí ao máis puro estilo chulapo madrileño. Por suposto, que pase Almeida, que pase Ayuso. Nós, a obedecer, que é o que se nos dá ben.

A realidade é que, no rural da Ribeira Sacra, así como no rural de todo o país, cómpre acción e cómpre solucionar problemas que adoecen, especialmente para a mocidade que vivimos



ou que desexamos vivir nel. Por iso, pedimos nesta moción cousas tan sinxelas, e á vez tan necesarias, como a elaboración dun plan de remuda xeracional no sector agrogandeiro galego, a dotación dos servizos necesarios para o rural, a elaboración dun plan de formación con saídas específicas no rural de Galiza, a elaboración dun plan de mobilidade a través dun sistema de transporte á demanda, especialmente destinado á mocidade —por certo, esta é unha iniciativa que rexeita sistematicamente o Partido Popular, a pesar de ser bastante sensata—, a garantía dunha rede de internet e fibra decentes, a elaboración dun plan de conciliación, ou, entre outras cousas, un plan que garanta o acceso ao transporte escolar no ensino postobrigatorio para evitar a discriminación por orixe que sofre a mocidade no rural.

Todo isto viría, indubidablemente, a mellorar a vida do rural galego e da mocidade que o habita. Temos poucas esperanzas, non obstante, de que desde o «PPSM» nos voten a favor. E digo o «PPSM» porque vostedes xa se retrataron como o Partido Popular de Submisión a Madrid. Sempre o foron, pero é que agora xa quedou evidenciado como nunca. *(Aplausos.)*
Vino Madrid y mandó a parar.

Finalizo. É urxente, señorías, reverter a situación da mocidade no noso rural. Non nos veñan co *happy flower* de sempre. Non, a cousa non está ben, hai unha falta de servizos colosal, a xente nova segue emigrando, case medio millón de persoas desde 2009, e vostedes seguen de brazos cruzados.

Aqueles mozos e mozas que queremos desenvolver os nosos proxectos de vida no rural galego seguiremos loitando, porque, a pesar de todo, Galiza existe, e nós queremos habitala coa dignidade que merecemos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do grupo Parlamentario Mixto. *(Pausa.)*

Moitas grazas, señor Ojea. Ten vostede oito minutos.

O señor OJEA BOUZO: Boas tardes.

Eu, escoitando a intervención do señor Iago, sobre todo ao principio, quedei así medio... Non sei, empezou xa pola época do «clan do oso cavernario», despois pasou ao tema das santas, das mámoas; imaxinei os romanos acercando o monte Medulio, o sacrificio dos castrexos... Bueno, iso foi un verdadeiro repaso. Parecíame estar escoitando a Vicente Risco.

Indo ao que di a moción, eu a moción que presenta o partido do BNG interprétoa case, case como un diagnóstico dos problemas da xuventude, da mocidade en Galicia. Claro, no diagnóstico habitualmente coincidimos todos, pero, claro, as propostas que se fan neste Parlamento deberían, ademais de ser meros diagnósticos ou brindes ao sol, aportar polo menos algunha liña de solución, aínda que sexa para botarlá abaixo no debate.



Entón, claro, aquí hai unha serie de propostas na moción do BNG coas que é imposible estar en desacordo en termos abstractos, ou en termos xerais. Fala da elaboración dun plan de remuda xeracional no sector agrogandeiro. Efectivamente, como digo, en realidade, é un diagnóstico implícito de que hai un problema de remuda xeracional no sector agrogandeiro. E di «elaborar un plan», pero non dá esta proposta absolutamente ningunha pista. Aquí estamos co famoso problema de poñerlle o cascabel ao gato sen saber como.

Fala tamén de dotar de servizos necesarios o rural galego para garantir unha vida digna para a mocidade. Efectivamente, estaremos todos de acordo niso, pero tampouco hai, desgraciadamente, ningún viso de proposta concreta para conseguilo. E da elaboración dun plan de formación con saídas específicas para o rural de Galicia, consensuado cos grupos parlamentarios. Hoxe pola mañá falaba o señor conselleiro de que a formación debería ir encamiñada a cubrir a demanda empresarial, sobre todo, e a demanda de traballo real que existe na sociedade. Pois, efectivamente, o rural precisa ser explotado economicamente, e, loxicamente, debería haber unha formación específica para iso, pero tampouco se di como, nin sequera dá unha pequena idea.

Fala tamén da mobilización do parque de vivendas baleiras no rural con axudas necesarias. Efectivamente, isto na provincia de Ourense é particularmente grave. Eu creo que xa nalgunha comisión dixen que, se fan unha viaxe virtual a través de *Google Maps* pola provincia de Ourense, van ver que moitísimas casas do rural non teñen tellado, cousa que non sucede, curiosamente, se a fan nas outras provincias. Poden, ao mellor, estar deshabitadas, pero teñen tellado, e iso quere dicir que se vive nelas, polo menos en determinadas épocas, ou as fins de semana.

Pero, claro, ¿como se mobiliza ese parque de vivendas baleiras, porque seguen tendo propietarios, aínda que estean semiabandonadas ou abandonadas?, ¿comprándolles aos propietarios a xusto prezo?, ¿dándolles axudas aos mozos para que as compren e as rehabiliten...? Bueno, algo diso creo que tamén oín por aí. Pero, claro, todos estamos de acordo en que ese parque de vivendas baleiras no rural podería ser moi ben aproveitado por parte da mocidade; ou por parte de calquera persoa, pero da mocidade en particular. Pero isto debe ir compaxinado co resto das cousas que se piden na moción en termos abstractos: un sistema transporte a demanda axeitado, rede de internet de fibra —que isto si que é unha cousa que habitualmente pedimos sempre e que debemos exixirles ás empresas que se dedican a isto, que teñan sensibilidade con este tema, e as referidas axudas—, incorporación laboral da mocidade ao rural no sector agroforestal, un plan de conciliación da contorna rural para facilitar a atención das crianzas, en caso de que teñan fillos, un plan que garanta o transporte escolar no ensino... Todo isto son o que habitualmente se chaman brindes ao sol e nos que é imposible estar en desacordo. Tamén é moi fácil dicir, por parte do Goberno, que se está facendo, porque estes son obxectivos nos que todos coincidimos, e cada partido de goberno está intentando levar a cabo a solución destes problemas do xeito que entende.

Polo tanto, é moi fácil tamén, por parte do Goberno, dicir «xa estamos niso», porque, efectivamente, non se vai estar no contrario disto. Entón, como é imposible en termos, digamos, de sentido común, votar en contra, votaremos a favor desta proposta, pero ao mesmo tempo pedímoslle ao BNG que cada vez que faga unha proposta destas coas que é imposible, en



termos xerais, estar en desacordo, polo menos, incorpore algunha idea acerca de como levarlas a cabo, aínda que sexa para criticarlle e para botarlle abaixo, pero polo menos para ter unha base concreta sobre a que poder traballar.

Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Ojea.

Agora si, é a quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas. Prégolles aos servizos da Cámara que entren, por favor.

(Pausa.)

Agora si, ten a palabra, señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidenta.

E grazas polos coidados.

Bueno, non creo que isto sexa un brindé ao sol, como dicía a señoría de Democracia Ourenzana; isto son unhas peticións que nada máis que están dentro do sentido común, que deberían de estar —digamos— a medio camiño de facerse —se non, feitas—, pero, desgraciadamente, non é así. E iso que máis do 84 por cento do chan en Galicia —dentro do territorio galego— é considerado rural, ese gran deserto que hai entre a costa do Cantábrico e Atlántico. E aí estamos nun ámbito no que a poboación moza mostrou un descenso significativo nas últimas décadas debido á emigración e ao envellecemento demográfico. E para reverter esta tendencia e fomentar que a mocidade poida elixir o rural como lugar de residencia é fundamental mellorar, evidentemente, o que se propón aquí: os servizos e as infraestruturas nestas áreas; nada que non pidamos facer nunha cidade os alcaldes aos que nos toca gobernar. Ou sexa, exactamente o mesmo que calquera cidadán dunha cidade galega está pedindo á súa alcaldesa ou ao seu alcalde que faga polo seu concello.

Como sinala Carlos Ferrás, o catedrático de Xeografía Humana da USC, é esencial investir nas cabeceiras de comarca como centros de servizos clave para revitalizar o rural galego. Galicia, ao igual que outras rexións de España, enfróntase ao reto de reverter o despoboamento e o envellecemento da mocidade no ámbito rural. A nivel estatal, a política agraria común —a PAC— da Unión Europea establece para o período 2021-2027 unha serie de nove medidas, das cales —para non reiterar e para non ser abusivos no que acaba de explicar esta moción— queremos resaltar dúas en concreto: queremos resaltar a número 7 e a número 8. O obxectivo da número 7 é atraer os xoves agricultores e facilitar o desenvolvemento empresarial en zonas rurais; e o obxectivo da número 8 é promover o emprego, o crecemento, a inclusión social e o desenvolvemento local nas zonas rurais, incluíndo a bioeconomía e a silvicultura sostible.

Ata aquí cuestións obxectivas, pero a pregunta é: ¿como pensa afrontalo a Xunta de Galicia? Porque é verdade que este problema está construído por unha serie de problemas que teñen



en si mesmos unha resolución en conxunto. Non podemos afrontar a resolución do envellecemento ou da falta de poboación xove, a non fixación de poboación xove no medio rural, se non somos capaces de articular unha serie de medidas onde unhas van tirando doutras; e se non as implementamos xuntas, non van ter ese obxectivo final e esa concordancia final que se espera.

Porque cando falamos de remuda xeracional temos que falar de políticas —insisto— transversais que ofrezan oportunidades de levar adiante un proxecto de vida que non só é empresarial. Se falamos de escasa rendibilidade das explotacións e encima lle engadimos as limitacións que ten unha parella que vaia vivir ao ámbito rural, ou que viva no ámbito rural, para facer a súa vida, é difícil de vender un mundo de oportunidades no ámbito rural. Unha familia xove que queda ou se instala no rural precisa, por exemplo, algo moi básico: ter preto un colexio para os seus fillos. E falamos de que nos últimos tres anos se pecharon en Galicia 259 aulas de infantil e primaria. É un dislate. Quero dicir, estamos expulsando a xente nova, cando, en boa medida, pretendemos que se fixe a poboación no rural, crezan alí os fillos, constrúan unha familia e fagan un emprendemento, ou ben que traballe por conta allea. Na provincia de Lugo, por exemplo, uns 20 concellos dos 67 da provincia están tendo problemas con redución do número de médicos, ou hai casos nos que estes médicos acoden en días alternos aos centros de saúde, e xa sen falar da situación dos pediatras. Iso tróuxose aquí a esta Cámara en varias ocasións, falando desa falta de atención sanitaria, basicamente pediátrica, en moitos casos. E xa non falamos daqueles casos con necesidades especiais e que teñan que ter os seus fillos algún tratamento específico ou teñan que ter algunha atención especial por motivos de saúde ou de desenvolvemento, que non van atopar nos concellos rurais ningún tipo de apoio ao tema, e terán que ir á provincia, á cidade máis cercana e terán que desenvolver alí como ben poidan o problema que os afecte.

Outro exemplo é que hai cousas tan básicas como que no 2023 pecharon o corenta por cento das oficinas bancarias nos concellos rurais, nos de menos de 20.000 habitantes. Eu xa sei que as oficinas bancarias están a facer toda unha campaña para que vaíamos directamente á rede solventar as nosas operacións, problemas, consultas e demais. Pero non é baladí o tema de que unha alta porcentaxe da poboación rural, xa de certa idade, ten serios problemas para este tipo de transaccións, carecen posiblemente, de familia cercana, ou están dentro desa soidade non desexada —se ben é certo que no rural che é máis acompañada a cousa—, precisan da veciñanza para facer unha serie de xestións e que mesmo se ven dificultados e nunha situación que non é en absoluto comfortable para eles. O ocio, o transporte, as comunicacións viarias, ata as tecnoloxías... Hai unha serie de servizos que, tal e como se están plantexando, non axudan para nada a que se constrúa unha vida e para que queiran quedar para facerse cargo da explotación familiar.

No tocante ao Plan de mellora e de incorporación, estamos ante unha nova casuística, coas modificacións que se fixeron por parte da Xunta. Pódese dar o caso de que un mozo ou unha moza solicite un plan de incorporación e llo dean, pero, pola contra, poden denegarlle un plan de mellora. Antes un plan de mellora vinculado a un plan de incorporación tiña prioridade sobre o resto. Se un mozo de nova incorporación non leva aparellado un plan de mellora, pode verse obrigado a renunciar por non poder facerlle fronte ao investimento que ten que facer e non poder asumilo.



Pero aínda hai máis. Acabamos de salvar a campá hai apenas unhas horas, ese escudo social que se pretendía blindar no Congreso dos Deputados e que finalmente fomos capaces de blindar... ¿E como iamos facer para darlle pulo a esta cuestión de escaseza demográfica no agro de Galicia se estamos diminuindo as pensións, se non incrementamos o ingreso mínimo vital ou se quitamos o Bono Transporte? Falouse aquí da dificultade —que a ninguén lle é allea, polo menos non a min, que uso bastante o transporte público— do transporte público. No meu pobo —onde ás veces vou sachar—, unha persoa sobe no bus escolar para poder ir a Betanzos ao médico, porque é imposible encontrar unha liña que vaia desde alí a Betanzos ás horas que ten que ir á consulta. Entón, claro, é moi fácil dicir... Eu non creo que este sexa un brindado ao sol, señor Ojea, eu creo que isto simplemente son necesidades ou —para ser máis educados— oportunidades de mellora —que acostuman dicir os consultores externos— que temos que facer para que isto non se nos vaia das mans. Porque moito me dá a min que ás veces toda esta cuestión do rural en Galicia non é máis que algo para que en campañas de tempos da política o político faga a foto e prometa aquilo que sempre levamos escoitando que se vai prometer, que é: imos afrontar a despoboación do rural, imos fixar a poboación, imos facer efectiva...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: ...a Lei de febreiro 5/2021, do impulso demográfico... É dicir, non foron capaces, porque goberna dende hai quince anos o Partido Popular nesta comunidade autónoma, e supoño que son os que teñen que ter as ideas, que para iso se lles votou.

Entón, apoiaremos, dende o Partido Socialista, esta moción, basicamente porque é unha cousiña de sentido común.

Nada máis e moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra a señora Grueira.

A señora GRUEIRA FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Señores do Bloque Nacionalista Galego, é curioso, pero tamén tristemente repetitivo, escoitalles falar do rural galego como se fose un lugar condenado á desaparición e sen futuro. Pero, claro, cando se vive máis alá do discurso, da imaxinación, como acaba de demostrar aquí o señor Suárez, é fácil caer no mantra do catastrofismo. *(Aplausos.)* O problema non é o rural, señorías, o problema é a súa visión negra e interesada do nacionalismo galego, que sempre intenta vender o que non é, o que non concorda coa realidade. E, unha de dúas, ou o fan porque non cren no rural ou porque intentan manipular co único obxectivo de sacar un rédito político.



Todos os que estamos hoxe aquí eu creo que somos conscientes de que o rural é un pilar fundamental da nosa sociedade; e tamén sabemos que sen os nosos gandeiros viticultores, agricultores, sen o papel da mocidade e, en xeral, sen os traballadores do sector primario, o rural non sería o mesmo. E tamén sabemos que, malia os retos evidentes aos que se enfronta —como pode ser o despoboamento—, o rural ten vida, ten potencial e ten moito futuro, aínda que a vostedes lles pese. *(Aplausos.)*

Claro que hai desafíos, como en calquera outro sector, pero, para afrontalos, hai que traballar, cousa que vostedes non fan, porque vostedes seguen no seu mundo da imaxinación. Pero menos mal que os galegos contan cun goberno, cun goberno serio, o Goberno da Alfonso Rueda, moi consciente dos desafíos aos que se enfronta e que está a traballar a pé de campo —nunca mellor dito— con feitos para reforzar, impulsar, modernizar e continuar garantindo que o rural galego siga sendo o rural referente en España e en Europa.

E eu aquí voulle demostrar, punto por punto, un pouco o popurrí que vostede presentou na súa moción, a pesar de que na súa intervención non falou case da súa moción. Eu voulle comezar contestando con datos.

No primeiro punto piden un plan de remuda xeracional. Señor Suárez, eu quero dicirlle que xa o hai —xa o hai—; un plan transversal, baseado na formación, na incorporación e na sensibilización para asegurar e garantir que o rural siga vivo, que sexa un rural sostible e un rural resiliente. Así que tan mal non o estará a facer a Xunta de Galicia se vostedes veñen aquí pedir o mesmo que xa se está facendo. *(Aplausos.)*

E miren, dende o 2009 máis de cinco mil mozas e mozos galegos se incorporaron ao sector grazas ás axudas da Xunta de Galicia. Tamén é importante destacar esa liña de axudas que se sacou para axudar a incorporarse ás persoas de entre 41 e 55 anos. Tamén grazas á Xunta de Galicia temos a Lei de recuperación da terra agraria, que abriu novas posibilidades de acceso á terra, ou ese Banco de Explotacións, que vai facilitar o relevo xeracional.

E se falamos de I+D+i —tamén moi importante—, a Xunta de Galicia tamén apostou fortemente por este eido, conseguindo ter unha industria potentemente transformadora que consegue que a marca Galicia non só quede en Galicia, senón que vaia por todo o mundo adiante. E isto, señores do Bloque Nacionalista Galego e tamén señorías do Partido Socialista, non é un discurso de promoción, estes son feitos que están aí e que poden contrastar.

En canto ao emprego —que tamén falou diso na súa moción—, Galicia é a comunidade na que máis se incrementou o número de xoves traballando nos últimos dez anos. Hoxe mesmo unha enquisa publicada polo INE tamén reflicte que o emprego xuvenil en Galicia segue aumentando tanto a tempo parcial como a tempo completo. Quero dicirlles que iso durante o Bipartito non pasaba.

Tamén é importante dicir, en canto ao emprego, o da implantación; medidas como a implantación da cota cero ou esa Estratexia de Galicia Retorna, que fixo que máis de 8.500 mozos galegos viñesen aquí a Galicia; algo que xa lle recordou o conselleiro de Emprego hoxe á mañá.



E tamén, con respecto á mobilidade, perdoe que lle diga, señor Suárez, pero hai que ter moita cara para vir hoxe aquí falar de transporte, cando mentres a Xunta de Galicia aposta por mellorar o servizo diariamente, aumentando horarios, aumentando liñas, mellorando o servizo cada vez máis, ¿que fai o Goberno de España? ¿Quere que lle recorde o que fai o Goberno de España, do que vostedes son socios? Primeiro, queren eliminar 22 liñas de transporte, o cal prexudica inmensamente máis de 130.000 galegos, a maioría do rural. E logo, para acabar de rematala, usan as bonificacións de transporte como unha moeda de chantaxe para beneficiar a Pedro Sánchez e que aguante un pouco máis no Goberno. *(Aplausos.)* E eu preguntolles aquí: ¿vostedes realmente defenden o rural? Porque, se esa é a súa maneira de defender o rural, non quero imaxinar como farían para non defendelo.

Na súa moción tamén falou das vivendas baleiras, tocou aí o tema da vivenda. Eu quero dicirlle que xusto esta fin de semana o Partido Popular se reuniu con máis de 500 mozos para falar deste tema. E falamos de medidas... *(Murmurios.)* Non rían, porque é a realidade, señores do BNG, ¡é a realidade! Xuntámonos 500 mozos para falar de vivenda. E grazas ao Goberno da Xunta, a mocidade galega... *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Garden silencio, por favor.

A señora GRUEIRA FERNÁNDEZ: ...ten axudas de ata 10.800 euros para comprar unha casa nun concello de menos de 10.000 habitantes. *(Aplausos.)*

Ademais diso, tamén quero destacar o Bono Emancípate, unha medida pioneira, á que xusto lle deu luz verde onte o Consello da Xunta, que vai axudar os mozos galegos con axudas directas de ata 3.000 euros para poder cubrir eses primeiros gastos de emancipación.

Todas estas axudas fan de Galicia unha comunidade pioneira en medidas destinadas a apoiar a mocidade en todos os ámbitos. Son axudas que fan que a maioría, que o 33 por cento dos produtores do leite galego, sexan menores de 45 anos; tamén evitan o abandono do rural e tamén garanten o relevo xeracional do sector gandeiro. En definitiva, son unhas accións que converten o rural galego nun lugar de oportunidades. E todo isto deixa claro dúas cousas: que hai grandes diferenzas de quen traballa realmente polos galegos e galegas e de quen non; de quen aposta polos galegos e as galegas e de quen non.

Voulles poñer outro exemplo máis, e, se me permiten, vou falar en primeira persoa, que fixo que... Eu son dun concello do rural, do concello de Pol, un concello que lles soa moi ben ás señorías do Partido Socialista, un concello gobernado por un alcalde socialista. ¿E saben que pasa no meu concello? Que, se non fose pola Xunta de Galicia, os veciños de Pol non terían nin os servizos que temos, nin o apoio ao sector primario que temos, nin as conexións que temos. Por iso, como xa saben, quero dicirlles aquí que, antes de predicar, dean exemplo, porque, se non, é imposible tomalos en serio.

E o que quero dicir tamén é que se todas as administracións estivesen igual de comprometidas como o está a Xunta de Galicia, pois, ao mellor, nos iría moito mellor aos galegos e ás galegas, porque dende aquí traballamos para facilitarlles a vida á mocidade galega, ao rural e, en xeral, a todos os galegos e galegas, e vostedes traballan para complicarllela.



Como pode ver, señor Suárez, isto non vai de feitos, isto vai de palabras. E os feitos son os que contén. E, se non lle queda claro, volvan preguntárllelo aos galegos e ás galegas e eles mesmos volverán dicirlles coa papeleta a que partido votan e a cal non.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Grueira.

Peche para o autor da moción.

Ten novamente a palabra o señor Suárez, por tres minutos.

O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: Moitas grazas, presidenta.

Señora Grueira, eu entendo que..., non sei se tivo algún tipo de axuda á hora de realizar a intervención ou non... (*Murmurios.*) Eu o que... (*Protestas.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Unha señora deputada: ¡Machista!...*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Silencio.

O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: ¡De machista, nada! (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Unha señora deputada: ¡Si, machista!...*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Silencio. ¡Silencio! (*Protestas.*) ¡A ver, silencio, por favor!

Pareille o tempo, ¿eh?! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Silencio... ¡Silencio!

O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: En ningún momento ía con... Obviamente, non sei por que aquí se están dando por aludidos neste ámbito. En ningún momento... «*Piensa el ladrón, que todos son de su condición*». (*Murmurios.*) En ningún momento estaba eu implicando nada diso.

En todo caso, señora Grueira, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) xa lle teño dito... (*Unha señora deputada: ¡Respecto!*) ¿Respecto?, ¿fala de respecto...? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Silencio, por favor. ¡Silencio! (*O señor Suárez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, está parado, ¿eh?!

O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: Señora Grueira, vostede sabe que lle teño moito aprecio... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Eu prégoles aos señores e señoras deputadas que respecten o uso da palabra. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*) Tamén o digo á xente da Mesa, claro, obviamente.



Ten que respectarse o turno de intervención. Neste momento está o señor Suárez coa palabra. Ten tres minutos. Se non o deixan falar, vou interromper o tempo para que el non vexa vulnerado o dereito que ten a intervir neses tres minutos. Así que, por favor, prégolles silencio.

O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: Señora Grueira —que sabe, porque ela sábeo, que lle teño aprecio e que a respecto moito—, vostede falou aquí, como moitas outras persoas do seu partido, do Bipartito. Sacou datos do Bipartito. Se non estou enganado, vostede naceu no ano 2001. Vostede no Bipartito tiña catro anos, ¡catro anos!, e veu aquí falando do Bipartito. Vostede non coñeceu practicamente outra cousa que non fosen gobernos do Partido Popular. ¿Por que non falamos da realidade que se vive hoxe en día, quince anos despois do Bipartito, e dos datos que temos hoxe en día aquí, neste país? ¿Por que teñen que remontarse a quince anos antes? ¿É tan triste a situación do Partido Popular de Submisión a Madrid? ¿É tan triste a situación do Partido Popular? ¡En fin...!

É difícil que se fagan cousas, claro. É difícil que se fagan cousas, incluso que fosen moi boas para este país, porque, claro, teñen que pasar todas por Madrid. Entón, como teñen que pasar todas por Madrid, pois, claro, ao final, ese silencio administrativo que moitas veces temos acaba véndose reflectido.

Imos a algunhas das cousas que vostede mencionou, señora Grueira.

O Bono Emancíparte. Segundo datos propios da Xunta, só vai chegar a 1.000 mozas e mozos —¡tremendo éxito!— para comprar mobiliario para casas ás que non poden acceder. ¡Tremendo logro da Xunta de Galiza! ¡É impresionante!

Non pedimos nada nesta iniciativa, señorías, que non sexan cousas de sentido común. Eu discrepo aí co señor Ojea, porque para nada son brindes ao sol. Non pedimos nada que non pidamos para as cidades tamén. ¿Ou a alguén lle parece normal que no medio da cidade da Coruña —por exemplo, por poñer un exemplo—, de Vigo, de Ferrol, de Pontevedra ou onde sexa, haxa mala conexión a internet? Pois nós pedimos aquí que haxa boa conexión á internet. Se iso é un brinde ao sol, entón, estamos complicados.

E despois a cuestión da imaxinación. Vostede, señora Grueira, fala de que nós temos moita imaxinación e de que vivimos nun mundo diferente e demais. Eu non sei se nós vivimos no mundo da imaxinación, eu voulle dar datos reais: medio millón de persoas que, desde o 2009, desde que goberna o Partido Popular neste país, emigraron. Eu non sei se iso é imaxinación ou non, pero ese é un dato real: medio millón de persoas emigraron grazas a vostedes.

Segundo un estudo do IGE —xa llelo mencionaba na anterior interpelación—, haberá, de seguir a este ritmo, sete concellos que estarán deshabitados por completo, ¡por completo, neste país. Entón, señorías e compañeiros do BNG, podemos entregar as actas de deputados, porque xa ven que aquí no PP viven no mundo de *iupi* e xa está todo feito, non hai nada por facer, non hai nada que mellorar, e a mocidade xa se pode emancipar e pode vivir os seus proxectos de vida no rural perfectamente.



Eu voules volver citar Castelao —porque, como sei que non lles gusta e como non o van recoñecer como o noso primeiro presidente, que sería Castelao—... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, é da miña época, por suposto. (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¡Silencio!, ¡silencio!

O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: A clarividencia de Castelao está moi ben que a teñan vostedes presente...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Silencio, por favor.

O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: ...e que a intenten entender.

Castelao falaba moitas veces sobre as inxustizas, e unha vez preguntáronlle sobre a denuncia da miseria en que se vían sumidos os labregos e os mariñeiros deste país. (*Murmurios.*) Neste sentido, ten unha anécdota. A propósito do álbum *Nós*, alguén —un xornalista— preguntou a Castelao que por que, en vez de presentar o malo, o pobre e o misérrimo de Galiza, non facía debuxos do bonito e do rico que é Galiza, ¿non? E Castelao respondía dunha maneira brillante: «Porque non teño vocación de estupefaciente».

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coas mocións.

Alteración da orde do día

A señora PRESIDENTA (Candia López): Neste caso vai substanciarse un debate de xeito acumulado das mocións numeradas na orde do día como 4.2 e 4.3. Acumúlanse para efectos de debate e seguindo os artigos 151.3 e 162.2 do Regulamento, por referirse ao mesmo tema. Son as seguintes:

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández, sobre o modelo de residencias de atención aos maiores seguido polo Goberno galego

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro, sobre o modelo asistencial das residencias de maiores en Galicia

A señora PRESIDENTA (Candia López): A ningunha das dúas mocións se presentaron emendas.

Lembren que, ao ser debate acumulado, dispoñen de doce minutos.

En primeiro lugar, por parte do Bloque Nacionalista Galego, vai intervir a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.



Boa tarde a todas e a todos, e benvidas tamén as persoas que nos acompañan hoxe desde a tribuna de convidadas.

Nós, desde o BNG, presentamos hoxe nesta moción unha batería de iniciativas que xiran ao redor de dous grandes eixos, cun obxectivo fundamental, que é garantir o dereito a unha vida digna, especialmente ás persoas a medida que imos envellecendo e que imos necesitando de grandes apoios e de grandes servizos, para garantir as maiores cotas de benestar que sexamos capaces de proporcionarlles nunha sociedade avanzada como a que queremos, como a que merecemos.

Eses dous grandes eixos son, en primeiro lugar, ampliar a rede de residencias públicas que existen, no día de hoxe, no noso país para garantir o dereito de acceso a elas das persoas que o necesitan, das persoas que hoxe precisan dese recurso, dese servizo esencial, e tamén daquelas que no futuro poidamos precisar dese servizo.

Para iso propomos que a Xunta de Galiza asuma a xestión directa das residencias construídas pola Fundación Amancio Ortega e que están pendentes de ser recibidas, entregadas á Xunta de Galiza, no caso de Ferrol, da Coruña e de Pontevedra; a reversión ao público daquelas concesións que progresivamente vaian caducando; e tamén o impulso dun plan de creación de novas residencias alí onde non as hai ou onde faga falta ampliar o número de prazas das xa existentes.

Diciámolo na interpelación no pasado mes de decembro: en Galiza hai, no día de hoxe, cos datos da Consellería de Política Social na man, 1.500 persoas que, tendo dereito recoñecido por lei a unha praza pública de residencia, non teñen acceso a ela porque simplemente non a hai. Iso está deixando a milleiros de persoas hoxe —non falamos de dentro de dez anos nin de dentro de cinco, senón no día de hoxe—, a 1.500 en toda Galiza, sen praza, e, tendo todos os trámites da dependencia feitos e tendo asignado como recurso que necesitan para garantirlles as súas condicións de vida dignas unha praza nunha residencia pública, non poden acceder a ela porque o dereito pode estar sobre o papel, pero non poden exercelo na realidade. Moitas desas persoas, de feito, acaban falecendo mentres agardan polo servizo ao que teñen dereito, recoñecido por lei.

Segundo os datos do Observatorio da Dependencia, publicado a finais de 2024, entre 2017 e 2023 faleceron en Galiza 6.500 persoas esperando, precisamente, polo trámite da dependencia; a inmensa maioría, 5.400 persoas, con todo o trámite feito, co dereito recoñecido a un servizo público, moitos deles a unha residencia, a unha praza nunha residencia, mais sen acceso ao servizo recoñecido por lei.

Ese é o caso do pai de Jéssica —á que lle agradecemos, ademais, que nos acompañe hoxe desde a tribuna das persoas convidadas—. Eu coñecín a Jéssica cando viña no coche e escoitei a entrevista que lle facían en Radio 5, na desconexión de Radio Nacional Española aquí, en Galiza. O pai de Jéssica precisaba dunha residencia, tiña un grao III de dependencia recoñecido. Era unha persoa «gran dependente», digamos, na linguaxe do sector, e cunha enfermidade neurodexenerativa que exixía, para ter unhas boas condicións de vida, o benestar que necesita e ao que ten dereito calquera persoa, unha praza nunha residencia, pero non



había praza. En Arteixo, onde viven, onde vivía o pai, hai unha residencia do Consorcio con 64 prazas para persoas dependentes; é a única que hai na contorna —¡64 prazas!—. Falamos dunha das comarcas que, se non é a que máis, probablemente é a segunda máis poboada de Galiza. Finalmente, conseguiron unha praza nunha residencia privada en Lugo —¡en Lugo!, e son de Arteixo— a 2.400 euros ao mes. Jéssica impulsou unha campaña de recollida de sinaturas, despois de que falecese o seu pai agardando por esa praza de residencia pública á que tiña dereito, para reclamarlle ao Goberno do seu país o que creo que é de xustiza, que é unha das cuestións que traemos hoxe e que centran as propostas que impulsamos desde o BNG, que é que se impulse a ampliación da rede de prazas públicas de residencia —poñemos o caso de Arteixo, pero poderíamos poñer o doutros moitos concellos e comarcas do noso país— para que ningunha persoa —xa non para ela e o seu pai; e recolleron nada máis e nada menos que 5.000 sinaturas, que logo se di, pero son moitas miles de persoas que amparaban por detrás esa xusta reclamación— quede sen ese dereito, xa sexa as persoas que veñan detrás ou esas 1.500 que, no día de hoxe, están agardando por ese servizo ao que teñen dereito pero ao que non poden acceder.

Segundo o Observatorio da Dependencia, Galiza precisaría 13.850 prazas para chegar á *ratio* de cinco por cada cen maiores de 65 anos que recomenda a Organización Mundial da Saúde. No BNG sempre dixemos que a residencia ten que ser o último recurso. O modelo de coidados que nós defendemos e polo que levamos traballando tantos anos é que as persoas dispoñamos dos servizos de apoio que vaiamos necesitado no noso domicilio para garantir o dereito de calquera persoa a facerse maior, a envellecer, na súa casa; a morrer —porque, ao fin, ese é o camiño ao que imos todos, refírome— nas nosas casas. Pero é certo que hai moitas persoas, hai moitos casos, e cada vez, polos cambios profundos na estrutura social, polos profundos cambios no concepto de familia e de fogar, que non van ter nin sequera esa rede de coidado familiar ou do contorno que poida garantir ese envellecemento na casa. E hai hoxe outros moitos, como podía ser o caso do pai de Jéssica, que, polas circunstancias concretas desas persoas, os recursos que necesitan son precisamente esas prazas de residencia de maiores ás que é imposible acceder. Hai listas de agarda de dous anos para acceder a unha praza pública nunha residencia de maiores —¡pública!—, hai moitísima xente que acaba, como foi o seu caso, véndose obrigada a ir a outra esquina do país para poder acceder a ela. Nós, na interpelación, no mes de decembro, falabamos de casos concretos da provincia de Pontevedra que acaban ingresando na DomusVi de Monforte, porque é a única que pode garantir o acceso a unha praza pública concertada.

Por iso cremos —e aí vai o segundo eixo tamén da proposta que traemos hoxe desde o BNG— que é fundamental, que é imprescindible, ampliar esa rede pública de residencias, e hai que facelo, ademais, fortalecendo a presenza e o papel da Administración como garantidora, como garantía, do servizo público fronte a ese lucrativo negocio que está cada vez ampliando o nicho de mercado de fondos de investimento.

Ademais de ampliar esa rede pública de residencias, o que necesitamos tamén —e ese é o segundo eixo das iniciativas, das propostas que formulamos hoxe desde o BNG— é despreparar un modelo de coidados que estea centrado nas persoas, nas usuarias, por suposto, na atención e na maior calidade de vida e benestar das persoas que son residentes nun centro residencial de maiores, pero tamén, e sobre todo, das traballadoras que os coidan. Porque o que



hai hoxe é un sistema, un modelo de coidados, que fai augas por todos os lados. Temos un modelo de residencias sostido no lombo de mulleres precarizadas que asumen xornadas laborais inasumibles, nunhas condicións de traballo que non son dignas. Diciámolo na interpelación. Hoxe en día hai centros financiados, regados con cartos públicos, con 160 residentes, cinco plantas de edificio e unha quenda de noite que cobren dúas persoas auxiliares e unha enfermeira. Hai mulleres cobrando 1.090 euros con dezaoito anos de antigüidade por xornadas de traballo a tempo completo. Perciben menos do salario mínimo interprofesional —insisto— en residencias financiadas e regadas con cartos públicos.

A Xunta non pode actuar como se non fose responsábel das condicións nas que se atopan tanto as persoas traballadoras como as usuarias en residencias que, formalmente, sendo privadas, son propiedade dunha empresa —a que sexa— e están financiadas e sostidas con fondos públicos pola vía da concesión ou da concertación, o que converte a propia Administración pública, a Consellería de Política Social da Xunta de Galiza, en sostedora deses centros e, polo tanto, en responsábel das condicións nas que se presta o servizo, tanto no traballo das auxiliares, das persoas coidadoras, como, por suposto, das persoas usuarias

O que nós lle pedimos hoxe como primeiro punto, ademais, nesta moción á Xunta de Galiza é que se implique, que exerza a responsabilidade que lle dá ser a autoridade laboral e sobre todo a responsabilidade que lle dá o feito de ser a gran financiadora, a gran sostedora destes centros; que se implique na defensa dunhas mellores condicións laborais e salariais das persoas auxiliares, das persoas coidadoras, que, como saben, levan en conflito na negociación do novo convenio colectivo desde finais do ano pasado. Porque da implicación da Xunta de Galiza, que pode facelo —insisto— como autoridade laboral e, sobre todo, como gran sostedora e financiadora destes servizos, e pode facelo sen transgredir absolutamente nada; e diso vai depender que poida mellorar as condicións de traballo destas traballadoras, que esas condicións de traballo están directamente implicadas no benestar e na atención que poden prestar ás persoas usuarias.

Pedímoslle implicación nesa negociación do convenio colectivo e tamén que se abra un proceso de negociación coas organizacións sindicais, coas entidades que integran o Consello Galego de Benestar, para modificar a Orde de 1996 —temos unha orde que fixa as *ratio* de persoal nas residencias que ten máis de trinta anos—, para que se impulse un novo modelo de residencias; en primeiro lugar, fixando un novo criterio de cálculo das *ratio* que sexa diferenciado e, polo tanto, que diferencie entre tres categorías profesionais: a atención directa, o persoal técnico e o persoal de servizos, para que non se poida meter —e sumar— nas *ratio* de atención directa persoal que non traballa directamente no coidado das persoas usuarias. E tamén que esa nova orde fixe unhas *ratio* mínimas para as quendas de noite e non só para as quendas de día.

En definitiva —e con isto remato—, formulamos propostas concretas para avanzar nun modelo de coidados que garanta o dereito a unha vellez digna da xente deste país; de quen o precisa hoxe, por suposto, de quen agarda por dereitos de papel que nunca acaban de materializarse, pero, sobre todo, daquelas xeracións que veñen detrás de nós, e para construír o que nós cremos que é o que debe ser o horizonte cara ao que hai que camiñar, que é un servizo galego de benestar que garanta como dereito fundamental o dereito a unha vida



digna, independentemente da idade que teñamos e das necesidades que progresivamente vaíamos tendo. Porque hoxe somos persoas autónomas, pero nunca sabe un como se ha de ver o día de mañá. Igual que hai un dereito á educación e un dereito á saúde, garantido cun sistema sanitario público e un sistema educativo público, necesitamos poder dicir verdadeiramente que esa outra pata dos cuidados, a do benestar, tamén se sostén sobre un servizo público que fai que sexamos todos iguais diante de situacións sobrevidas ou que son froito da evolución da propia natureza humana, e non que haxa que pagar 2.400 euros nunha residencia privada noutra provincia porque non sabes que vas facer con teu pai.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten novamente a palabra a señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidenta

Parece que estamos a falar, cando falamos de dependencia, de cousas diferentes nun pleno tras outro, pero estamos falando sempre do mesmo. Dígoo para aquelas deputadas e deputados que, ao mellor, teñen outras áreas de traballo e mesmo para os que asisten hoxe ou asisten nalgunha outra ocasión a unha sesión. Voltamos falar unha vez tras outra do sistema de atención á dependencia; sempre estamos falando do mesmo. Sempre estamos falando desas eivas que hai e que non son capaces de resolver os que gobernan, e somos os que estamos fóra, ben por persoas interpostas ou ben porque acoden a nós cidadáns e cidadás, os que estamos a denunciar unha situación insostible con respecto aos nosos maiores; vémonos obrigados a iso. Evidentemente, este é o noso traballo, traer aquí unha vez tras outra unha cuestión que ás veces xa parece ser o Día da Marmota. Sempre estamos falando exactamente do mesmo, cando falamos da Lei de dependencia, e é da inmensa crueldade que supón, na última etapa da túa vida —ou ben porque te das conta ou ben porque os teus seres queridos se dan conta—, non ser capaces de acadar unha situación, digamos, de confort e de benestar digno, con parámetros absolutamente normais, para que un poida ser coidado e para que poidas ter ese tránsito comfortable no último tramo da túa vida. Falamos soamente diso, de como podemos acadar o mellor espazo, a mellor situación posible, para facer ese tránsito nas mellores circunstancias.

E eu digo isto aquí sabendo que, evidentemente, non temos ningunha posibilidade de que nos fagan caso, pero dígoo unicamente para que isto conste por escrito nas actas desta Cámara; para que se algún día alguén investiga —supoño que investigarán— e se arquivan, verá como un ano tras outro, como un mes tras outro, período de sesións tras período de sesións, falamos sempre do mesmo e non hai ningunha solución por parte do partido do goberno, que é o Partido Popular.

Sei que non vai estar aquí a conselleira e que será, posiblemente, a señoría Raquel quen nos conteste, quen nos dea resposta, pero gustaríame que nalgún momento alguén se fixese cargo de toda esta cuestión e fósemos capaces de darlle unha solución a quen espera aí fóra.



Nós propoñemos nesta moción sobre o modelo asistencial das residencias —e non é baladí que os dous grupos da oposición traian hoxe unha moción no mesmo sentido—, primeiro, tomar unha medida que tería que terse tomado hai xa máis de dez anos, que é deseñar o Plan estratéxico de servizos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia, que vén recollido na Lei de servizos sociais de Galicia e que é unha ferramenta para que o Goberno da comunidade autónoma —neste caso do Partido Popular— lidere o que se supón un dos piares do Estado do benestar. E non o fai, non o fai, e non entendemos por que non o quere facer —ironicamente quero dicir, porque sabemos moi ben por que non o quere facer—, porque, como dicían naquela película, «non é nada persoal, son negocios». Pero é que resulta que facer negocio con isto nos está custando moi caro aos demais; estamos custando carísimo, ¡carísimo!, aínda que só sexa unha angustia persoal por non poder coidar a xente, os nosos maiores e todos aqueles que, por unha cuestión sobrevida, precisan dun servizo de dependencia.

Este plan estratéxico —por se non o saben— poñería de acordo os concellos e a Xunta de Galicia, faría unha planificación de seis a oito anos, e teriamos na man, polo menos, unha idea do futuro que nos espera, que neste caso é: vou facendo co que vou tendo. Pero non temos enriba da mesa un plan que nos diga cal vai ser o futuro da dependencia en Galicia de aquí a seis anos, algo moi sinxelo que, seguramente, hai noutros eidos da política, pero que aquí non somos capaces de que elaboren.

Supón, ademais, a mellor forma, insisto, de prover de servizos sociais a comunidade. Non sei por que non somos capaces de poñernos á fronte —aínda que teñamos unha idea equivocada e mercantilista sobre os servizos sociais, que pode ser a que teñan os gobernantes do PP—, non sei por que non o poñen encima da mesa, porque este plan, insisto, resolvería moitos dos debates que temos aquí, moitísimos dos debates e das cuestións que traemos aquí, polas que nos pagan por estar aquí; aforrariamos moitísimo tempo de estar debatendo un día tras outro sobre este tipo de cuestións. Pero, insisto, na nosa obriga está volver preguntar novamente cando vai desenvolverse este Plan estratéxico de servizos sociais.

Este plan, ademais, entre outras cousas, recollería o segundo punto da moción, que é definir o modelo de residencia ao que aspiramos. E desde o Partido Socialista aplaudimos que haxa iniciativas, digamos, de bonhomía e de altruísmo e que nos fagan chegar aos galegos esas construcións de novas residencias gratuítas que á Xunta non lle van custar nada e sobre as que terá que dirimir cal vai ser o seu modo de xestionar. Benvidas sexan. Evidentemente, supoño que á cidadanía lle gustaría máis decidir se quere ir a unha macrorresidencia de 200 ou 150 prazas ou a unha pequena residencia na súa área de influencia para que, como xa se dixo aquí, a xente non teña que estar afastada da súa familia, do seu contorno habitual, 150 quilómetros, provocando isto, evidentemente, non sei se unha soidade non desexada, pero, como dicía hai pouco un residente dunha residencia deste tipo, sufrindo eses enormes silencios que se fan á hora de xantar nunha residencia de maiores, que é o síntoma inequívoco de que un está só e, desde logo, fóra do seu ámbito e da súa contorna. Esas macrorresidencias, ademais, abócanos a que perdamos esa identidade, esa cuestión que a todos nos fai ser pertencentes a unha comunidade determinada, ser parte dalgunha cuestión en concreto e posiblemente alongar a nosa vellez, e a sufrir —volvo insistir— esa soidade non desexada que provocan este tipo de centros.



E, sobre todo, outra cuestión. Vai haber, digamos, unha epidemia demográfica. Ben é certo que agora estamos carentes de novos nacementos e, como dicíamos na anterior moción, de fixar, por exemplo, no rural a xuventude, e mesmo non só no rural, senón de fixar os nosos xoves que acaban os estudos na propia comunidade galega, para que non emigren e que queden aquí. Pero é que resulta que somos máis de catrocentos mil galegos aqueles que temos entre 55 e 65 anos e que imos chamar á porta do sistema de dependencia nun prazo mediano máis que longo. ¿E como estamos preparados para isto, se non somos capaces de dar resposta ao que hoxe en día son colas interminables, listas interminables de espera? Por certo, menciono aquí a última resolución, por parte da Xunta de Galicia, de eliminar o informe social da correspondencia, da competencia dos traballadores sociais, coa suposta cuestión de axilizar as listas de espera.

Non nos equivoquemos, afastan vostedes os profesionais que falan ou que diagnostican as nosas necesidades para, nun seguinte paso, desbotar e volver poñer encima da mesa listas de espera que non se van dar resolto. Non é a medida que estabamos esperando, de axilizar a burocracia, que agora non teñamos un informe social, que, insisto, diagnostica quen somos para ter un mellor servizo no futuro.

Falaba desa epidemia demográfica que nos vai coller a todos fóra de xogo e que, posiblemente, teña unha solución, evidentemente, moito máis difícil da que poidamos imaxinar hoxe en día. E se en política se nos paga para algo, entre outras cousas, págasenos para planificar e prever o futuro, porque non só non somos responsables do que estamos a facer aquí durante estes tres anos e medio que nos quedan por diante, somos responsables de sentar as liñas de futuro que ten que ter esta comunidade autónoma para os próximos oito, nove ou dez anos, porque así é como se constrúe un país.

Traíamos tamén aquí atender as demandas de formación, remuneración e dereito do persoal auxiliar das residencias. Están ateigados, e sabemos que están sufrindo, ademais, esa impotencia de non poder dar servizo a patoloxías como as psiquiátricas, que están incorporadas ás residencias actualmente —ás residencias públicas—. Non poden atender este tipo de patoloxías porque non están formados, e iso está redundando —xa o trouxemos aquí máis veces— nun malestar, evidentemente, dos traballadores, por non poder facer ben o seu servizo e, por suposto, nun malestar dos residentes e das familias que os acompañan diariamente.

Se ben esa desestigmatización da enfermidade mental para facela *d'habitude* nun centro residencial e para poder tratala non nos parece unha medida para nada desacertada, si nos parece un total dislate que estas persoas que padecen estas patoloxías sexan ingresadas nun centro onde non existe, nin de mañá nin de tarde nin de noite, persoal especializado para a súa atención, provocando incidentes —insisto—, malestar e, sobre todo, ese *discomfort* que, como dicíamos antes, produce nos residentes que están alí morando e que están alí facendo o resto da súa vida.

Por non falar dos convenios colectivos, da precarización do traballo feminizado. Non son capaces, por parte da Xunta de Galicia, de que teñan unha rectitude e de que teñan un camiño que poida solventar a situación económica pola que están pasando. Son persoas que coidan a persoas.



Aquí moitas veces soben os deputados do Partido Popular para falar dese mantra que é a sociedade de coidados. Si, a sociedade de coidados existe, pero non a vemos por ningunha parte, porque a sociedade de coidados é tamén coidar a quen cuida; non só, como dicía antes, con esa formación e con eses tempos que exixen de descanso, onde van, evidentemente, a fume de carozo, como se acostuma dicir, no seu lugar de traballo, senón tamén con esa solución a esa precarización laboral que sofren todos os días.

Falamos tamén desa previsión nos orzamentos das necesidades de mantemento das residencias de maiores que dependen da Xunta de Galicia, que actualmente se atopan, desde hai máis de dous anos, con serias deficiencias de material mecánico e de infraestruturas. Xa o levamos ás comisións e xa o dixemos neste pleno. Hai residencias públicas como a de Oleiros, na Coruña, onde non só non hai material para poder levantar —algo tan básico— as persoas para o aseo diario, senón que hai cachotes que se desprenden das paredes ou hai zonas inundadas da propia residencia que dificultan o paso e o traballo, ademais de ser —é unha cuestión absolutamente fóra de toda dúbida que non existe na normalidade—...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: ...—agora remato—cuestións que imposibilitan o traballo.

E, por outro lado, trouxemos á Comisión e tamén falamos neste pleno da residencia do Castiñeiriño, en Santiago, onde o verán pasado sufriron temperaturas de máis de 38 graos aqueles que están ingresados na planta de persoas de dependencia severa, que están inmovilizados nas súas camas. Isto tivo que ser solventado por parte das familias e dos traballadores con ventiladores, porque, segundo responderon os técnicos da Consellería de Servizos Sociais, evidentemente, non hai diñeiro para arranxar esta cuestión.

Bueno, esperemos que se nos escoite, non só que se solucione. Insisto, vostedes gañaron, vostedes gobernan, e este é o resultado. Teremos que esperar e teremos que ver se son capaces nalgún momento de ou ben planificar ou ben atender as demandas que desde este atril facemos a oposición, sen que en ningunha ocasión sexamos escoitados.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Mixto. *(O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.)*

Renuncia ao seu turno de palabra.

Pasamos, entón, ao Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra a señora Raquel Arias

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.



Señorías, boas tardes. Boas tardes tamén a quen nos acompaña.

A señora Pontón insistía a semana pasada en falar de modelos ideolóxicos respecto da atención aos maiores. Eu penso máis ben que a atención aos maiores é unha cuestión de xustiza social; pero se dende o BNG queren falar de modelos ideolóxicos de coidados, imos falar de ideoloxía, de coidados, pero tamén de datos.

Estes son os datos: *(A señora Arias Rodríguez mostra un documento.)* 77.000 dependentes atendidos co Goberno do Partido Popular da Xunta de Galicia, cinco veces máis dos que tiña o Bipartito e tres veces máis prazas de residencias das que tiña o Bipartito. Multiplicamos por seis o número de prazas de centros de día, por oito o número de usuarios do SAF e por tres os orzamentos dedicados a esta materia respecto do Bipartito.

Esta é a ideoloxía do Partido Popular, a ideoloxía da Xunta de Galicia. Mentres, ¿cal é o modelo ideolóxico do Bloque Nacionalista Galego? Pois, mire, soubemos —desgraciadamente— estes días, hai ben pouco, que ese modelo ideolóxico consiste en incluír nas súas listas municipais unha persoa condenada por abusar dunha nena de 4 anos e utilizar esa mesma persoa para liderar unha plataforma en contra da Xunta de Galicia, usando a dor das familias, que o único que pretenden é conseguir a mellor atención para familias que teñen unha discapacidade.

Iso, señorías, non é facer política, iso é inmoral, mírese por onde se mire. *(Aplausos.)* E aínda estamos esperando as explicacións da señora Pontón, porque ela o resolveu dicindo: «Ese señor non é afiliado do BNG». Bueno, eu non sei se ese señor é afiliado do BNG ou non, o que si está claro é que nas listas provisionais do Concello de Coles ese señor aparecía: «Rosendo Fernández González». *(A señora Arias Rodríguez mostra un documento.)*

E o que é certo tamén é que cando esas listas se fixeron definitivas, a ese señor, como non lle debía gustar ir de reserva, pois subírono e pasárono ao posto número once, baixando para iso a unha muller. *(A señora Arias Rodríguez mostra un documento.)* Porque, miren, ese é o feminismo do BNG, tamén, jese é o feminismo do BNG!

Esperamos aínda a resposta da señora Pontón, pero tamén esperamos as explicacións do señor Besteiro, con quen este señor tivo tamén vínculos; con ese Partido Socialista que dirixe o señor Besteiro. E xa lles adianto, non nos digan que traballa na Administración, porque vostedes saben perfectamente que traballa na Administración en virtude dunha lei estatal que é de obrigado cumprimento. Por tanto, tería que cambiarse esa lei.

Estas son as explicacións que teñen que dar o Bloque e o Partido Socialista tamén cando se fala de temas tan importantes como a dependencia, como a atención aos maiores. *(Aplausos.)* Un Bloque e un Partido Socialista que votan calquera cousa que lle poña diante Sánchez; calquera cousa, mesmo se iso vai en contra dos galegos, pero, sen embargo, son absolutamente incapaces de reclamar os 2.500 millóns de euros que nos deben para a dependencia; os 2.500 millóns, señorías, cos que se poderían facer infinidade de prazas de residencias, cubrir infinidade de horas de SAF e dar tamén infinidade de prestacións.



¿Que veñen aquí reclamando? ¿Que reclaman?, ¿reclaman que nós teñamos atendidos cinco veces máis dependentes do que tiñan vostedes, a pesar de que o Goberno nos debe 2.500 millóns de euros?, ¿reclaman que nós esteamos atendendo oito veces máis persoas no SAF das que vostedes atendían, a pesar de que nos deben 2.500 millóns de euros? Unha competencia do SAF que é municipal porque o Bloque e o PSOE o quixeron así nunha lei; deixárono escrito nunha lei, pero agora desenténdense dela. Porque resulta que agora é a Xunta de Galicia, con 14,0 millóns este ano —un oito por cento máis que o ano pasado— a que está axudando os concellos. O ano pasado pasou de 9 a 12 euros a hora, e este ano vaina volver subir. Esa lei —a lei que fixo un socialista, a lei que fixo o señor Zapatero— di que ten que estar pagada ao cincuenta por cento, e a Xunta de Galicia —e isto téñeno que saber todos os galegos— está poñendo 12 euros, pero é que resulta que o Goberno estatal pon apenas dous euros e medio. ¿Canto poderían baixar as listas de espera do SAF se o Goberno de España cumprise a lei e puxera o cincuenta por cento, como el mesmo nunha lei socialista deixou escrito?

Falan vostedes de prazas de residencias. Claro que si. Decía a señora Rodil que era un cinco por cento. Mire, é que non di iso, non mintá. A OMS di que ese dato depende das rexións, e en Galicia a xente quere sobre todo quedar no SAF, e por iso, precisamente, somos pioneiros no SAF en España e tamén nos coidados que están en torno ao SAF. O que pasa é que vostedes non queren recoñecer absolutamente nunca nada do bo que pasa en Galicia, ¡nada do bo! Porque vostedes, nesa Galicia que viven, tenebrosa, gris, onde todo é malísimo, non cabe nada positivo. Por iso talvez é polo que, unha vez tras outra e tras outra, os galegos lles din que non, que non os queren, porque non queren que os governe alguén que non recoñece a Galicia, que non sabe o que lle pasa a Galicia. Nós si o sabemos, e igual que sabemos que a mellora é impresionante —e así o recoñecen as distintas fontes das que logo tamén vou falar—, tamén sabemos que a espera que neste momento estamos tendo para as valoracións da dependencia é máis grande do que quixeramos. E por iso puxemos en marcha este mes de xaneiro un plan de choque que vén sumarse ao que fixemos no ano 2021 e no ano 2023, con medidas que vostedes reclamaban. Pero como, logo de que as reclamaron, se puxeron, agora xa non lles valen, agora xa están en contra dese plan de choque. ¿E saben por que? Porque a ideoloxía do Bloque e do PSOE ten simplemente tres palabras —tres—: «canto peor, mellor». E esas tres palabras aplícanas a todo: aplícanas á dependencia, aplícanas á creación de empresas, aplícanas á xeración de enerxía...; aplícanas absolutamente a todo.

A señora Longueira falaba de definir un modelo de coidados. Señora Longueira, é que o Bipartito xa rematou hai moito —como din vostedes moitas veces—, e o modelo de coidados que ten Galicia é un referente na reforma asistencial en España. Pero é que o modelo do Partido Popular non é un modelo que quere centrarse unicamente nas residencias, senón que o noso modelo é que as persoas maiores poidan rematar esta etapa da súa vida onde eles prefiran. E eles —como xa dixen anteriormente— prefiren facelo nas súas casas, por iso precisamente somos pioneiros na axuda no fogar, con máis de 24.636 persoas atendidas, oito veces máis das que vostedes tiñan.

En canto ás residencias, quero dicirlles que o propio informe dos xerentes de Servizos Sociais constata que no último ano Galicia incrementa en máis de dous puntos o número de prazas de residencias, e temos agora mesmo en Galicia 16.000 prazas de residencias públicas, exactamente tres veces máis das que tiña o Bipartito. Pero é que neste ano que acaba de entrar



teremos 1.000 novas prazas de residencias na Coruña, en Pontevedra, en Ferrol, en Antas de Ulla e na Barbanza; e tamén a través do Plan de investimentos cos concellos teremos 650 novas prazas de residencias e centros de día.

Galicia é, ademais, un exemplo en canto ao modelo de residencias posto en marcha pola Xunta, que está —como dicía— na vangarda; un modelo que empeza xa a usarse —e estase usando xa— nas residencias que a Xunta de Galicia está construíndo; unhas residencias máis próximas, máis cercanas ao que se sería manterse nas súas casas; unhas residencias con áreas específicas para os pacientes psiquiátricos, con todos os avances tecnolóxicos, interconectadas co Sergas, cunha formación continuada para os que traballan nelas e que ofrecen uns coidados profesionalizados cun trato absolutamente familiar. É un modelo que aposta polas residencias libres das subxeccións. Dicía, cando se fixo esta interpelación, a señora Rodil: «Bueno, puxeron en marcha unha, a Torrente Ballester, e aí queda»; pois mire, hoxe xa hai dúas, a Torrente Ballester e a de Campolongo. Temos, ademais, e somos pioneiros na posta en marcha de residencias de coidados intermedios en Mos e en Santiago.

Estas son algunhas pinceladas do modelo de coidados que ten o Partido Popular, do modelo de residencias do Partido Popular, pero de coidados en xeral. ¿Sabe cal é, señora Longueira, o modelo de residencias que ten o PSOE do señor Besteiro, por exemplo, co apoio do Bloque Nacionalista Galego? Pregúntenllo vostedes aos veciños de Foz; uns veciños que levan meses co corazón nun puño porque ninguén se quere facer cargo da residencia municipal. O PSOE pásallo ao Bloque e o Bloque pásallo ao PSOE. E a cousa chegou a tal extremo que, por non querer atender os maiores da residencia, racharon o Goberno; a ese extremo chegou. Unha residencia que puxo en marcha un goberno municipal do Partido Popular coa axuda da Xunta de Galicia e que nunca tivo un problema ata que o PSOE e o BNG chegaron ao Goberno municipal.

O modelo de residencias do PSOE e o BNG coñéceno moi ben tamén en Becerreá: tres anos hai que se rematou unha residencia e está sen abrir as súas portas. Coñéceno moi ben no Courel: unha residencia que leva dous anos coa licenza de obras e non hai nin sequera unha primeira pedra posta; é que non foron nin sacar a foto, ese é o interese que teñen. ¡Co que lle gustan as fotos ao señor Tomé, que vai detrás da cámara continuamente, (*Risos.*) e alí nin foi sacar esa foto!

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Si, señora presidenta.

Vou rematar simplemente, porque creo que quedou clara a diferenza entre o modelo de coidados que ten o Partido Popular e o que ten a esquerda; por certo, unha esquerda que leva moitos anos na Deputación de Lugo e que puxo en marcha o cen por cento das residencias privadas. ¿Están facendo negocio cos maiores da provincia de Lugo? Non hai nada máis mercantilista que iso, señora Longueira; nada máis mercantilista.

Quero dicir tamén que son vostedes os que teñen o SAF externalizado en todas as grandes cidades onde gobernan e no setenta por cento municipios nos que gobernan.



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Teñen novamente a palabra os autores das mocións.

En primeiro lugar, por parte do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

O grao de carroñeirismo político, de baixeza moral e de miseria moral e a falta de escrúpulos que pilota agora mesmo o Partido Popular de Galiza é pavorosa. Pero, ¿saben que é o peor de todo o que dixo a señora Arias? ¿Vostedes desde cando sabían no Partido Popular e na Xunta de Galiza que ese señor estaba condenado por abusar sexualmente dunha menor? Porque o Bloque Nacionalista Galego sábeo desde hai dous días, que saíu publicado na prensa. Co que vostedes acaban de dicir aquí, vostedes sabían que esa persoa estaba condenada e que vostedes estaban obrigados pola lei a mantelo traballando *(Aplausos.)* — ¡iso foi o que vostede dixo!—, *(Aplausos.)* a mantelo traballando coidando persoas menores de idade e persoas con discapacidade. *(Aplausos.)* Eu pídolle ao Partido Popular e á Xunta de Galiza que explique se sabían que esa persoa estaba condenada por abusar sexualmente dunha menor e, aínda así, o mantivo dando aulas en centros educativos e atendendo persoas con discapacidade en Galiza. *(Aplausos.)* Señora Arias, o que lle pido a vostede persoalmente é que non se deixe arrastrar pola falta de escrúpulos e a baixeza moral que agora mesmo dirixen e pilotan o seu partido. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)* ¡Porque ten que haber algún límite: a decencia! Esa é a lameira a onde quere arrastrar ao Partido Popular de Galiza o sector máis ultra que agora mesmo está pilotando a dirección do seu partido neste país. *(Aplausos.)* E aclaren se a Xunta de Galiza sabía que esa persoa fora condenada e estivera presa por abusar sexualmente dunha menor e aínda así o mantivo dando aulas en centros educativos e atendendo persoas con discapacidade. E pónnanlle algún límite á lameira, de verdade, na que quere converter a política neste país o sector máis ultra que agora mesmo está dirixindo o Partido Popular de Galiza. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Silencio.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Di a señora Arias que cando gobernaba o Bloque Nacionalista Galego non había persoas dependentes. A Lei de dependencia aprobouse no ano 2007. ¿Saben cantas persoas dependentes estaban atendidas en Galiza cando gobernou, durante dezaseis anos, o Goberno do Partido Popular con Fraga? Cero. *(Aplausos.)* ¿Saben cantos centros de día públicos, da Xunta de Galiza, había en Galiza cando gobernaba o Partido Popular con Fraga —dezaseis anos—? Cero. *(Aplausos.)* ¿Saben cantas escolas infantís, titularidade da Xunta de Galiza, había cando gobernou Fraga e o Partido Popular durante máis dunha década neste país? Cero. Tivo que ser o Bloque Nacionalista Galego quen fixese a Lei de servizos sociais de Galiza e unha rede pública de coidados de atención ás persoas maiores e de atención á infancia para garantir o dereito fundamental da xente deste país. Porque en dezaseis anos sobroulles tempo para firmar convenios con empresas privadas que xestionasen a rede pública de residencias e para privatizala de novo vendendo Sogaserse ao que logo foi Geriatros e máis tarde DomusVi.



A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Eu, señora Arias, o que lle pido é que se centre nas cuestións que estaba formulando o Bloque Nacionalista Galego na súa moción.

¿Sabe cal é a realidade deste país, señora Arias? Que hai 1.500 persoas —non que invente o Bloque, 1.500 persoas— con todo o trámite da dependencia feito, cunha praza de residencia pública concedida e recoñecida por lei...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...e que non teñen acceso a ela porque non hai prazas nin en residencias públicas nin en residencias privado-concertadas. O que está pedindo o Bloque é que se amplíen esas residencias públicas, que se amplíe a rede pública, para non facer do dereito a unha vellez digna un lucrativo negocio para un puñado de empresas e si un dereito fundamental para o conxunto da poboación. (*Aplausos prolongados.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a quenda do Grupo Parlamentario Socialista, a señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidenta.

Bueno, a min non me queda outra que comezar esta réplica como comecei a de pola mañá. Eu pídolles perdón aos que viñeron aquí, porque non era isto o que pretendíamos, nin que houbera este espectáculo, onde hai un lanzachamas cada vez que alguén sobe ata esta tribuna. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, un lanzachamas. Si, vostedes fan un lanzachamas. Cando vén aquí alguén da oposición, cinco minutos, e Pedro Sánchez; despois, *boom, boom, boom*, e así todos os días. Ese é o discurso que manteñen coa oposición e o diálogo que manteñen coa oposición cada vez que subimos a este estrado, e o respecto que lle teñen á súa profesión —que é tamén a miña nestes momentos, de dedicarnos á política—; ese é o respecto que vostedes lle teñen. E sinto, ademais, que o teña que facer a señora Arias —á que lle teño especial cariño—, pero realmente paréceme que, de verdade, non... (*Murmurios.*) Paréceme que, de verdade, non lle corresponde, nin a nós mesmos como representantes de quen nos elixiu aquí nin a estas persoas que hoxe veñen aquí a polo seu, a falar do seu e a escoitar que falamos do seu.

Miren, a Lei de dependencia creou o Partido Socialista, evidentemente —como xa se dixo aquí—. No ano 2006-2007, ponse en marcha, desenvólvese e vostedes despois gobernan e teñen que facer o seu, digo eu. Digo eu que se non tivesen números para dicir o que levan feito, teríamos que facer máis oposición aínda. E xa lles comentaron o que había antes de que non houbera esa lei, que era un páramo de loucura para as familias cada vez que tiñan un problema cunha persoa que entraba nesa idade e nese tramo da súa vida. Pero se estamos comparando, se facemos esas comparacións relativas cada vez que vimos falar dun problema, pois entón, sinceramente, aforrabamos todos ou aforrabámoslles aos que están aí fora que nos que pagaran o salario a cada un de nós.



E vou comentar unha cuestión. Estamos sempre co tema do financiamento, e parece que o PP se esquece do austericidio e parece que se esquece dos gobernos do señor Mariano Rajoy; unha resolución do 13 de xullo de 2012, publicada no *Boletín Oficial do Estado* número 185, do 3 de agosto de 2012, onde se facían efectivos os recortes. Fixéronse efectivos os recortes que afectaban a todas as comunidades autónomas e onde cada un fixo o que puido co que tiña.

E despois chegou o Goberno de Pedro Sánchez, a persoa que vostedes non tardan cinco minutos en nomear aquí. E fixo unha recuperación de financiamento das cotas da Seguridade Social dos coidadores non-profesionais e das persoas en situación de dependencia a cargo da Administración xeral do Estado, a través do Real decreto lei 6/2019, do 1 de marzo. E fixo a recuperación e o incremento das intensidades de servizos de axudas a domicilio e prestacións económicas do SAF polo Real decreto 675/2023. E fixo unha entrega económica de máis de mil oitocentos millóns de euros ás comunidades autónomas durante dous anos, a través da Lei de recuperación, cando fomos atinxidos pola pandemia e quedamos tremendo como unha vara verde. Iso foi o que fixo o Goberno de Pedro Sánchez para, polo menos, recuperar o que durante anos se nos quitou ás comunidades autónomas por parte do señor Mariano Rajoy.

É duro escoitalo, pero é a realidade. Se como dixen pola mañá: nunca é triste a verdade, o que non ten é remedio. O quen non ten remedio é que vostedes quitaron cando gobernaron desde o Partido Popular en España os financiamentos da Lei de dependencia ás comunidades autónomas, e deixáronas tremendo.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que rematar, señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: E isto é o que temos agora: tratar de recuperar, como xa o saben vostedes, ben, xa o saberá a súa conselleira, que non vén por aquí, pero como xa o saben vostedes nas comisións interterritoriais, onde pouco a pouco se está a recuperar o que vostedes, evidentemente, nunca farían.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

Votación das mocións

A señora PRESIDENTA (Candía López): Procedemos á votación das mocións.

Rogo que pechen as portas.

Empezamos coa votación da moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Iago Suárez Fernández.

Esta iniciativa non tiña emendas.

Votamos.



Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Suárez Fernández, sobre as estratexias da Xunta para a fixación da mocidade no medio rural.

Efectuada a votación deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Continuamos coa seguinte moción, neste caso do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández.

A esta iniciativa tampouco se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández, sobre o modelo de residencias de atención aos maiores seguido polo Goberno galego.

Efectuada a votación deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Continuamos coa última moción, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Silvia Longueira Castro. **Votamos.**

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro, sobre o modelo asistencial das residencias de maiores en Galicia.

Efectuada a votación deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Continuamos coa orde do día, coas proposicións non de lei, comezando pola 5.1.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Ernesto Abalde Alonso e dous deputados/as máis, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que explique e remita ao Parlamento a proposta de creación da Fundación Pública para o Impulso da Ciencia de Galicia

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda, que está rexistrada co número 18.553, e corrección de erros número 18.556, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de don Julio García Comesaña.



(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio García Comesaña, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a remitir e explicar na Cámara, á maior brevidade, a proposta de creación da fundación para o impulso da ciencia en Galicia, incluíndo toda a información sobre a súa estrutura, competencias, funcións e financiamento.»)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a proposición, e por un tempo de oito minutos, ten a palabra don Julio Ernesto Abalde.

O señor ABALDE ALONSO: Boas tardes, presidenta e deputados desta cámara.

Na comparecencia do presidente da Xunta de Galicia —que agora abandona este hemisiclo— do 8 de outubro do ano 2024 anunciouse a creación dunha fundación pública para o impulso da ciencia en Galicia. Este anuncio en outubro do 2024 vén despois de que no discurso de investidura, ao principio desta lexislatura, anunciase o presidente da Xunta e levase a efecto no seu goberno unha reestruturación das competencias de ciencia, de forma que parte das competencias de ciencia e parte dos organismos e das unidades administrativas que se encargaban desa xestión da ciencia se incorporan á Consellería de Educación, de Universidades e de Formación Profesional.

Consistiu fundamentalmente en que a Gain, a Axencia Galega de Innovación, se incorpora a esa consellería, pero, curiosamente, nese percorrido entre a Consellería de Economía e a Consellería de Educación, a Gain perdeu practicamente todas as competencias que tiña relacionadas con temas de innovación vinculadas coas empresas. Polo tanto, practicamente máis da metade do seu presuposto desapareceu nese cambio.

O curioso é que a propia consellería que tiña nese momento na súa estrutura xa unha subdirección xeral precisamente para a xestión do I+D, dicían naquel momento o I+D universitario, pois non se reestruturou; simplemente incorporou a Gain e mantivo esa Subdirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica Universitaria, co cal determinados —digamos— programas, determinado financiamento, determinadas axudas precisamente para a carreira científica quedaron desgaxados, quedaron parte na Gain, como estaban naquel momento, e outra parte quedan dentro da Consellería nesta subdirección.

E agora vén o anuncio dunha nova estrutura administrativo-burocrática para xestionar este I+D. Polo tanto, creo que o que falta é unha concreción por parte da política vinculada con ciencia e con innovación dentro da Xunta de Galicia, simplemente van facéndose anuncios ao longo deste tempo, porque, ademais, non o disimulan. Esta creación desta fundación pública ten como obxectivo... —Sinto que vai caer. (*Murmurios.*) A miña intervención non era tan dramática como para que... (*Risos.*)— O que dicía era que non é disimulado o feito de que



o que pretende a Xunta de Galicia é poñer en marcha dous programas similares ou un programa similar ao que existe neste momento tanto na comunidade autónoma vasca como na comunidade autónoma catalá, que no caso da comunidade vasca sería o Ikerbasque e que no caso da comunidade catalá sería o ICREA. Estes dous programas, basicamente, son nestas dúas comunidades para intentar atraer talento e talento serio, talento de investigadores e investigadoras tanto da comunidade autónoma onde están estes programas como tamén talento internacional.

Pero, claro, o problema é que intentar traer un modelo, importar un modelo dunhas comunidades que teñen unha estrutura vinculada ao desenvolvemento do I+D moi distinta á de Galicia ten os seus problemas. E voume explicar. No caso da comunidade autónoma catalá, á parte das universidades, que son os elementos fundamentais de investigación e desenvolvemento en todas as comunidades autónomas estatais, resulta que hai unha rede, unha *xarxa* de centros, centros públicos, centros públicos de investigación vinculados coa Generalitat catalá, que están concentrando o maior número de xente que está sendo captada a través deste programa ICREA; programa ICREA que, ademais, está financiado única e exclusivamente por fondos da Generalitat catalá. ¿E que situación temos no País Vasco? No País Vasco temos a coexistencia dunha universidade pública e dúas universidades privadas, cunha rede de centros que se chama a Red GUNE, que son centros parte públicos e parte privados, que realizan a maior parte da investigación que se realiza no País Vasco.

Polo tanto, esta situación non é a mesma que temos aquí en Galicia, xa que aquí en Galicia o setenta e tantos por cento da investigación do I+D se realiza nas tres universidades públicas que temos no noso sistema. E os centros de investigación que existen en Galicia, centros de investigación que poderían absorber eses investigadores captados a través destes programas, son centros de investigación universitarios. E, polo tanto, van ser as universidades as que se van ter que responsabilizar dunha vez captado e atraído ese talento retelo, porque o obxectivo fundamental é que ese talento quede aquí en Galicia. Xa que logo, este modelo non existe, non serve para Galicia. Nós temos que ser capaces de establecer un sistema onde a captación deste talento, que todos estamos de acordo en que temos que captar, se realice en colaboración e en axuda co Sistema universitario, coas tres universidades. Polo tanto, o que interesa é ter liñas de financiamento para que esas universidades sexan capaces non só de atraer ese talento, senón despois que sexamos capaces de estabilizar e consolidar ese talento aquí.

Polo tanto, os socialistas o que defendemos non é que se nos ocorran de repente —digamos— ocorrencias ao albur de determinadas intervencións, senón que os socialistas apostamos por que na nosa comunidade se estableza un auténtico pacto galego pola ciencia e a investigación. Un pacto que garanta, por un lado, un financiamento estable ao longo do tempo, cunhas garantías de incremento dese financiamento, como se fai en todos os países avanzados. Por exemplo, na Alemaña, no momento máis profundo da crise, chegaron a un acordo de que anualmente se ía incrementar un cinco por cento a aportación a este sistema de I+D+i. E na propia Cataluña tamén existe un pacto pola ciencia.

Cremos que é necesario que se produza a ciencia. Como saben de cando estivemos na presentación dos premios a xoves investigadores, é unha carreira de longo tempo e longo espazo e, polo tanto, necesítanse estruturas e programas estables para permitir que desenvolvan a



súa carreira investigadora os investigadores que temos aquí en Galicia e tamén os que traemos por fóra.

Nós cremos que é necesario crear esta ferramenta de captación de fondos, pero cremos que esta ferramenta ten que ser unha ferramenta, sobre todo unha estrutura, que estea claramente implicada na estrutura e no sistema galego. Para iso é necesario que esta fundación se realice a través do acordo, o diálogo con todos os axentes do sistema de I+D que temos en Galicia. Polo tanto, é fundamental que isto se realice.

Esta mañá, o propio conselleiro apelaba ao diálogo, ao intercambio de opinións e de ideas neste Parlamento. Iso é o que traemos hoxe aquí. O que traemos aquí é unha proposta para que o Parlamento inste o Goberno da Xunta de Galicia a remitir, explicar, traballar e discutir esta fundación, a estrutura desta fundación, o funcionamento desta fundación neste Parlamento. Esa é a proposición de lei que hoxe traemos. E, por suposto, que queden claras as funcións, a estrutura e, sobre todo, o financiamento.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas.

Ten agora a palabra, polo grupo emendante, o Grupo do Partido Popular, o señor García Comesaña.

O señor GARCÍA COMESAÑA: Moitas grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

Efectivamente, na súa comparecencia de outubro do ano 2024, o presidente Rueda anunciou a creación desa fundación pública para o impulso da ciencia en Galicia. E tamén, efectivamente, esa proposta facíaa seis meses despois de anunciar no seu discurso de investidura a aposta do Goberno da Xunta pola promoción do I+D+i en Galicia, a través, nese caso, da inclusión das competencias da ciencia na Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, que deu como resultado, efectivamente, a incorporación da Gain na Consellería, coa función de xestión das políticas de investigación, desenvolvemento e innovación. Vostede comentou varias veces que o problema da innovación industrial non é alleo á xestión da Gain.

En Galicia estamos traballando tamén por ese pacto pola ciencia e investigación, o plan de I+D+i para o período 2025-2027, froito do traballo dese ecosistema investigador galego: universidades, centros de investigación e tecnolóxicos, OTIS, academias científicas, clústeres de empresas tecnolóxicas etcétera, que nos permite definir un plan tan importante nunha área tan estratéxica como esta.

Unha vez máis, cómpre facer unha chamada á calma e lembrarlle neste caso ao PSOE que a Xunta de Galicia di o que fai e despois fai o que di. Os galegos confían neste goberno porque ten palabra e saben que os proxectos e os anuncios se materializan. Falando de innovación, se non que lles pregunten aos investigadores galegos que se presentaron ás propostas deses



30 millóns de euros en intelixencia artificial e que quedaron en nada porque o Goberno central decidiu dedicalos a outra cousa.

A proposta, nada máis e nada menos, do presidente da Xunta é de crear esa fundación pública para o impulso da ciencia, e realizouse ademais no marco da presentación dos orzamentos aprobados para este ano, porque en Galicia si que hai orzamentos. Desde esta perspectiva, é lóxico que, apenas unhas semanas despois de aprobar os orzamentos, aínda non sexan novidades.

Eu agradézolle ao señor Abalde esas suxerencias, ese resumo de como funciona o modelo vasco e catalán, que lle aseguro, por outra banda, que na Consellería coñecen perfectamente, e estou seguro tamén que nalgún momento poderán pedirlle a súa opinión. En calquera caso, estean tranquilos, señores e señoras do PSOE, que moi pronto se van dar a coñecer eses primeiros pasos, que, por outro lado, e como non pode ser doutro xeito, xa se están a dar esas visitas, ese coñecemento en profundidade dos modelos vasco e catalán, e doutros que xa se están a facer.

Podemos poñer, por exemplo, falando de cousas que se prometen, un moi claro: na campaña das autonómicas prometeuse a posta en marcha da matrícula gratuíta en febreiro e en setembro puido facerse, e Galicia é hoxe a primeira, é unha comunidade autónoma que facilita a matrícula gratuíta nos estudos universitarios. *(Aplausos.)* Polo tanto, un exemplo de cumprimento das promesas.

Agrádanos, por suposto, que ao Partido Socialista lle interese unha proposta realizada polo presidente da Xunta de Galicia e que queira ter máis información e que incluso, como dixo hoxe aquí, se mostre disposto a colaborar na definición desa iniciativa, totalmente de acordo. E tamén nos dá un pouco de pena que non haxa máis iniciativas que as que propón a Xunta, pero —insisto— man tendida para poder recibir esas aportacións.

Nós, pola nosa banda, estamos moi contentos de todo o que avanzou Galicia en materia de ciencia, e concretamente en investigación e innovación. Nesta cámara, o Partido Popular e a Xunta de Galicia si poden falar de universidades, de graos, de másteres ou de centros de investigación, incluso de centros excelentes. Estamos traballando nese plan de I+D+i, no instrumento de planificación operativa, para abordar eses retos e esas prioridades dos que vostede falaba e que, por outra banda, están definidos na Estratexia de inspección intelixente de Galicia, a RIS3, unha folla de ruta transversal que integre as liñas e os instrumentos e as actuacións nesta materia para todo o Goberno galego.

Como foi comunicado, ademais, hai uns días, o plan xa superou o trámite na Comisión Interdepartamental de I+D da Xunta. Falamos dun plan elaborado baixo un proceso moi participativo no que participaron, como non podía ser doutro xeito, centos de axentes do ecosistema científico e investigador galego. Por certo, coincidindo coa interdepartamental, fíxose público o mapa de apoios, neste caso da Xunta de Galicia, para a I+D+i programados para o 2025, que inclúe trinta e tres instrumentos da Xunta de Galicia, seis consellerías e unha dotación de nada máis e nada menos que 181 millóns de euros.



Hoxe, a ciencia é unha prioridade para a Xunta de Galicia, e iso pode comprobarse se analizamos, por exemplo, os datos sobre a evolución do investimento en I+D+i do último informe do INE, presentado hai poucos días. Esta aposta levounos a ser a comunidade autónoma onde máis sobe o dito investimento. Acadamos un 28,2 por cento de incremento. Somos a comunidade autónoma que máis crece, seguidos de Asturias, neste caso cun 28,1 por cento, fronte a un 16 por cento de media do Estado. Iso sitúanos nunha cifra récord de 963 millóns de euros dedicados a I+D+i, practicamente o duplo que hai unha década.

Ese aumento consecutivo nos últimos anos fai que Galicia incremente o seu peso no conxunto de España en poucos anos, pasando do 3,6 que tiñamos antes a ter agora un 4,3. Estamos a falar de máis de doce mil investigadores en Galicia, a maior parte deles, máis de sete mil investigadores, e doce mil persoas traballando en I+D+i, algo así como cento sesenta parlamentos de Galicia dedicados especificamente á investigación na nosa comunidade. Unha porcentaxe de investimento en I+D en relación co PIB, que se incrementou un vinte por cento tamén nos últimos anos e que nos permitiu pasar do posto doce ao posto sete actualmente, sendo a cuarta comunidade autónoma que máis mellorou a súa posición.

En definitiva, estamos a falar dunha aposta clara nestes últimos anos pola I+D+i; unha I+D+i que non se pode entender como algo exclusivo dunha axencia, como fai ou como di vostede na súa PNL, e falando incluso desa permanencia da subdirección xeral. A subdirección xeral estaba cando a Gain estaba en Industria, e agora que está en Educación segue, porque, como dicía ao principio, a Gain é unha ferramenta de xestión da innovación, pero a innovación é evidente que é algo moi transversal. En investigación universitaria está a Gain e está, por certo, a oferta pública innovadora, na que Galicia destaca amplamente. En definitiva, unha aposta clara por esta innovación.

E, dende logo, ese plan galego de I+D+i e ese pacto do que vostede fala, que volvo tender a man para que poidan participar nese proceso e conseguir que Galicia teña esa estratexia para seguir avanzando nesa situación de apoio aos investigadores. Un apoio aos investigadores que, precisamente, o 16 de decembro tivo un impulso definitivo no Consello da Xunta ao anunciar eses 61 millóns de euros de investimento para neste caso grupos de investigación, axudas a investigadores predoutorais e posdoutorais. Falamos no caso dos predoutorais de 12,3 millóns de euros destinados a 102 investigadores, para catro anos, ou no caso dos posdoutorais, seis anos de duración, para investir 15,9 millóns de euros, neste caso con corenta e nove contratos. Falamos dos contratos posdoutorais de continuidade; falamos dun total de 165 investigadores que se benefician deste apoio; falamos tamén dos grupos de investigación, ese apoio aos grupos de investigación; falamos dos doutoramentos industriais; falamos do programa Oportunius, ou falamos de Inicia.

En definitiva, falamos, señor Abalde, dunha aposta clara polo apoio á ciencia e a investigación. Por suposto, como lle dicía ao principio, nós imos sumarnos a esta iniciativa porque, efectivamente, a iniciativa de crear esta fundación díxoa neste mesmo sitio o presidente da Xunta, e estamos traballando nela. Estea tranquilo que cando teñamos os detalles, a planificación e o seu funcionamento, por suposto, traerase a este Parlamento e discutirase.



Polo tanto, se acepta eses pequenos cambios que introducimos coa nosa emenda, non vai ter problema en que nos sumemos por suposto á iniciativa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señor Comesaña.

Ten a palabra agora, polo Grupo Mixto, o señor Ojea Bouzo.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidenta.

Ben, o que pide o señor portavoz do Partido Socialista na súa iniciativa é fundamentalmente información. Parece que non entra en discusión a importancia da ciencia no progreso. Parece que non entra en discusión que todos os partidos políticos presentes nesta cámara, en principio, coinciden na necesidade, así en termos xerais, desa fundación pública polo impulso da ciencia. E o único que pide a iniciativa é que se nos dea información acerca de como se está materializando a creación desa entidade e cales van ser as súas competencias, como vai funcionar, se vai apoiar fundamentalmente a ciencia fundamental ou a ciencia aplicada, se o presuposto o poderemos estimar suficiente para que teña lugar ese insumo de cerebros. Porque hai que ter en conta que para atraer cerebros —como se di habitualmente— doutros países, entramos en competencia con outros que teñen xa moita máis —digamos— traxectoria á hora de facer esa clase de fichaxes. Países que apostan, desde logo, con moita máis forza ca nós —como país español xa me refiro— pola investigación. É importante saber que esa xente ten o malo costume de comer todos os días, como dicía o outro día nunha entrevista un investigador que estaba becado. Tamén hai que ver se o orzamento será suficiente para que os investigadores teñan unha vida digna e, polo tanto, pois podían verse atraídos pola carreira investigadora. Se o que se prevé financiar está —digamos— no nicho de investigación no que Galicia pode ser competitiva.

Fíxose referencia a formas de investigar doutras comunidades autónomas, nas que sabemos que en determinados nichos de investigación son incluso punteiros a nivel mundial. Non ten ás veces moito sentido meterse con cartos públicos —refírome— a investigar onde outros nos levan moitos anos de vantaxe.

Entón, en definitiva, o que está pedindo é que tipo de sinerxías vai ter esa entidade coas universidades públicas que xa están facendo investigación etcétera. Total, que a petición é bastante lóxica, que é a de aportar información acerca de como se está estruturando esa fundación pública, para que á súa vez os grupos parlamentarios e ademais as outras entidades involucradas, como son as universidades, os sectores comerciais ou industriais ou tecnolóxicos, que puidesen verse afectados por esas investigacións, tamén poidan facer as súas aportacións. Entón, parécenos o máis lóxico apoiar tamén esta proposta.

Nada máis, grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señor Ojea. (Páx. .).+ -



Ten agora a palabra, polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego, o señor Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todos e todas.

Xa saben todas e todos vostedes que cada país ten a súa cultura, cada país ten as súas tradicións, e este Parlamento pois non podía ser menos, aquí temos esa nobre tradición de que a oposición lle teña que recriminar ao PP traer aquí iniciativas de reclamarlle o que o PP xa prometeu. Neste caso, o Partido Socialista, que, por certo, como non sería doutro xeito, imos apoiar.

E é que da Fundación do Impulso da Ciencia só se sabe o nome, o da Fundación do Impulso da Ciencia, só se sabe o titular, porque até o de agora nada máis se dixo, e iso que se dixo hai cento doce días, hai tres meses e medio, que é certo que ao Goberno sempre que hai que darlle un pouco de tempo, pero que non se saiba nada máis que o titular é un pouco estraño.

E aquí desde o Bloque Nacionalista Galego temos que dicir que esperanza sempre ten que haber e boa fe sempre ten que haber, pero inxenuidade tampouco temos que pasarnos, porque para apostar verdadeiramente pola ciencia hai que crer. E eu creo que hai moitos exemplos que deixan claro que o PP non cre ou, polo menos, non cre moito. O primeiro, de hai ben pouco, estes días, no que ten que ver coas investigadoras e os investigadores das Zambano e das Salas. Despois de que, por certo, o Goberno do Estado non lles fixese nin caso nin escoitase as súas necesidades, chegaron aquí á Xunta de Galicia, á Consellería, á Secretaría Xeral de Universidades, ao seu goberno, e o que lles dixeron desde a Secretaría Xeral de Universidades foi o silencio absoluto, porque cando ían ir á rúa, o 1 de xaneiro, cando estaban indo á rúa xa en novembro, xa en decembro, a Secretaría Xeral de Universidades nin lles collía o teléfono, e iso que era o goberno. E andar pasando a pelota e a culpa é dun e a culpa é doutro queda un pouco mal, sobre todo cando estamos falando de investigadores e investigadoras que ían quedar na rúa e o seu goberno é o galego; canto menos, polo menos collerlles o teléfono.

Tamén, porque o din os datos. É certo que houbo unha pequena subida, pero, aínda así, Galicia están en 357 euros por habitante e a media estatal é de 465 euros; por iso que hai que poñelo todo un pouco en contexto. Evidentemente, os datos subiron, pero seguimos estando por baixo da media estatal. E, por casualidades da vida, debe estar Euskadi en 930 euros por habitante. Pois non sei, caeranlle os cartos do ceo, e casualmente deciden dedicalos moito máis á investigación. Pero diso falaremos tamén máis.

E como as casualidades non existen, onde se traballan os temas, onde se fan apostas reais teñen mellor resultados. E aquí fixemos unha aposta real desde o Bloque Nacionalista Galego pola investigación, polo I+D+i, porque a futuro, porque o necesitan todos os países, e Galicia sobre todo, e trouxemos un proxecto como era Innogal, adaptado á realidade galega. É un proxecto galego traballado ademais con todo o sector da investigación, con todo, falado e, sobre todo, tendo o visto e prace de todo o sector da investigación no noso país. Pois, ben, todos temos un pouco de argumentario e imos dicindo os nosos argumentos. Pero aquí o



que se nos dixo é que era un chiringuito, o único que se nos respondeu é que non porque era un chiringuito. E, claro, nun primeiro momento que che diga o Partido Popular que non, porque é un chiringuito, pois dáche que pensar. Ao mellor, teñen razón, porque diso saben. Pero logo, cando ves que é un proxecto traballado, que ten anos detrás, que se reúnen con todo que hai en investigación en Galiza, e dinche que non, sempre hai que achegar un pouco máis de argumentación.

Pero como non cren nisto, o que fixeron até o de agora —permítame dubidalo— foron os anuncios, que chegamos ao terminal mediático, como hoxe ben vimos, que é a televisión pública dos galegos e galegas e amplíase e imos tirando. Pero, mentres, os investigadores e investigadoras do noso país teñen a situación que teñen. E a situación é que a porcentaxe, se falamos de PIB, en Galiza, é do 1,1; no Estado, o 1,45; na Unión Europea, o 2,3, e, casualmente, nos territorios que teñen entidades de fomento da investigación, de fomento de I+D+i, pois teñen 2,3 e 1,9. Tamén debe ser casualidade; pero, ben, sigamos crendo.

Entón, o problema é este que, por puro sectarismo, cando se di que non por non, cando non se dá outra argumentación que chiringuitos e demais historias, pois cando non actuamos como país en resumo, poñémonos límites moi baixos. Aquí o que estamos é comparándonos, coma sempre, cos de abaixo. Está moi ben que subiramos, o punto de partida era moi baixo, pero sempre nos comparamos cos que están máis abaixo.

¿Por que non nos comparamos cos que están arriba? Só había que poñer a media estatal, que non é moi alta, e menos no contexto europeo. Se nos comparamos cos que están máis arriba, estamos moi, moi, moi lonxe, que é, por certo, onde van traballar logo os nosos e as nosas investigadoras. E por potencial non é porque temos un potencial inmenso, temos moitísimo talento e por iso temos que actuar como país, crer. E aí está a clave: crer que podemos ser unha potencia en investigación.

Fálase moito, ademais, por parte do Goberno da Xunta de Galiza, por parte do Partido Popular, en canto á investigación, que a medida foi moito captar; captar investigadores, captar investigadoras que veñan de fóra e sempre reciben a mesma resposta por parte do sector da investigación. Captar está moi ben, pero ¿e se nos esforzamos en reter a traballar aquí todas esas persoas, todos eses investigadores nos que se gastou moito diñeiro —evidentemente, e ben gastado— en educalos e que estiveron desenvolvendo todo o seu traballo aquí, todas as súas investigacións aquí e que, polo que sexa —creo que está claro—, tiveron que marchar?

Debe ser que non se cre moito na universidade pública galega, cando, ademais, máis do setenta por cento da investigación no noso país se fai así. Eu xa non sei se é porque desde Abanca non lles deixan crer na investigación. Por certo, breve paréntese: ¡parabéns!, hoxe batéronse récords en beneficios, 1.203 millónciños de euros que temos todos na nosa casa. E aínda por riba, xa que estamos falando de educación, despois deste récord o que fai a Xunta do Partido Popular é regalarlle graos na universidade privada, a pesar de contradicir a Lei de universidades de 2013. E tal é así, aínda por riba, que están publicitándoa para acoller o alumnado antes de ter o que hai da Xunta; deben sabelo, deben telo xa pasado por *Whatsapp*, xa dixeron que si.



A modo de resumo: o BNG xa fixo aquí o seu traballo hai tempo, un traballo que tamén durou meses, durou anos, e agora téñeno que facer vostedes, porque é algo que lles leva reclamando o sector da investigación desde hai moitísimo tempo. Estamos falando de algo moi sinxelo: son investigadores e investigadoras que queren traballar aquí, que queren xerar riqueza aquí onde estudaron, que queren xerar calidade de vida aquí, que para iso tamén está a investigación, e non ir acumulando bolsas, contratiños dun mes, de dous meses, de tres meses, de seis meses, senón que non lles vendan que poder traballar aquí, que poder desenvolver a súa vida aquí, que poder levar a súa investigación aquí sexa unha utopía.

Pero así, a modo de resumo, hoxe quedou claro, e reafirmamos tamén desde o BNG, que investigar e o PP na mesma frase faise estraño.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Castro.

Ten agora a palabra o autor da iniciativa, o señor Abalde.

O señor ABALDE ALONSO: Vou intentar non repetir datos que deu aquí o representante do BNG, pero é que é inevitable dicir que no País Vasco dedican 954 euros —un pouquiño máis, porque o ano 2023 é un pouquiño máis— por cada habitante en I+D; en Cataluña, 695 euros, e en Galicia, 360 euros. Esa é a realidade do I+D. Podemos dicir que incrementamos moito. Claro, se partimos de moi abaixo, esta é a forma de manexar os datos a partir do que dicía o señor García Comesaña. E vostede mesmo dixo que Galicia representa en gastos de I+D respecto do PIB nacional 4,3; estamos por debaixo do PIB que lle corresponde a Galicia, que é máis dun cinco por cento. Polo tanto, estamos gastando en I+D menos que o resto de España. Claro, por suposto, hai unha porcentaxe de incremento do 28 por cento, pero o 28 por cento sobre 360 euros é moito menos que o 18 por cento sobre 950 euros. Polo tanto, a diferenza en gastos de I+D por habitante cada vez vaise incrementando, e Galicia está perdendo posicións respecto do gasto do PIB. Por tanto, esa é a realidade, esa é a realidade do gasto do PIB.

E nós aquí non é só que presentemos que a Xunta nos diga o que quere facer, non, este é o Parlamento, aquí é onde se discuten as normas e as leis, e isto é unha norma que vai ser moi distinta, porque vai ter que —digamos— adaptarse ás normativas legais que temos. E, polo tanto, nós o que pedimos é que a Xunta de Galicia veña aquí e discuta.

Por certo, o outro día, nunha presentación en que coincidimos, o conselleiro anunciou a bombo e platillo que vai presentar o plan galego de I+D 2025–2027. ¿Con quen o negociou?, ¿coas consellerías? ¿Vostede cre que é lóxico que a Comisión Interdepartamental que está na Xunta de Galicia, na Gain, sexa constituída polas consellerías?, ¿e que esas son as que van preparar o plan galego I+D+i? Non, ten que ser un programa participativo.

E, polo tanto, nós o que plantexamos é un plan galego, un pacto pola ciencia, onde se incorporen compromisos presupostarios, compromisos a longo prazo, previsión de crecemento e mantemento dese incremento presupostario. E iso non é o que fai a Xunta de Galicia. A Xunta de Galicia, de feito, na súa emenda o que suprime é precisamente o financiamento pluria-



nual. ¿Que pasa?, ¿o seu goberno ten medo ao feito de dicir que imos dedicar a investigación tanto diñeiro, tanta porcentaxe sobre o PIB e que se vai incrementar anualmente tanto? E que iso é o que pedimos aquí, e o que pedimos é que se discuta aquí.

E respecto da emenda, por suposto, imos aceptar a emenda do Partido Popular, porque casualmente o único que fai é cambiar información por documentación e suprimir a planificación plurianual. Estou seguro de que, se non aceptamos esta emenda, ían votar en contra; entón, ímoslle dar a posibilidade de que voten a favor e imos aceptar a súa emenda, que, por certo, di exactamente o mesmo. Espero que en breve a Xunta de Galicia presente aquí toda a información pero para debate, para acordo e para intentar mellorar, porque a oposición tamén ás veces ten ideas, e ten ideas boas.

Polo tanto, moitas grazas e —como digo— imos aceptar a súa proposta. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Abalde.

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Rubén Lorenzo Gómez e oito deputados/as máis, sobre a existencia dun compromiso á Xunta de Galicia, así como o traslado ao Goberno central, en favor de medidas orientadas á repotenciación dos parques eólicos antigos

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): A esta proposición non de lei presentáronse emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Iglesias Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir un novo parágrafo no texto da parte resolutive, co seguinte contido:

«Nas repotenciacións obrigatorias reguladas na Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, o Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia promoverá medidas de fomento e incentivos. De forma particular, convocará axudas públicas de programas de repotenciación circular, que inclúan tanto a substitución de aeroxeradores como capacidade para reciclar todo o seu volume anual destes residuos.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Xosé Manuel Golpe Acuña, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.



Débase engadir no texto da parte resolutiva un novo parágrafo, antes do actual, co seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a equiparar as condicións técnicas das repotenciacións ás das novas promocións eólicas, especialmente no tocante ás distancias entre aeroxeradores e núcleos de poboación, a preservación de espazos naturais dentro da Rede Natura 2000 e bens de interese cultural e patrimonial, así como evitar a ocupación de terras de produción agro-forestal.»)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Para defender a proposición non de lei ten a palabra o señor Lorenzo Gómez.

O señor LORENZO GÓMEZ: Grazas, presidenta.

Actualmente, estamos nun momento de paso a unha economía descarbonizada e dixitalizada. Para levar a cabo esta descarbonización cómpre deixar atrás os combustibles fósiles a través dunha transición planificada, ordenada e sen improvisacións.

O Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello fixou o obxectivo de neutralidade climática da Unión para o ano 2050, o que require unha transición enerxética xusta que non deixe atrás ningún territorio nin ningún cidadán, un aumento da eficiencia enerxética e unha proporción significativamente maior de enerxía procedente de fontes renovables nun sistema integrado de enerxía. Así, resulta fundamental traballar nesta transición cara a un modelo sustentable e un novo *mix* enerxético, onde a xeración de enerxía eléctrica a partir de fontes renovables xoga e xogará un papel fundamental. Ao respecto, cada territorio debe facer uso do seu recurso, dun xeito non só racional, senón tamén máis eficiente.

Neste sentido, Galicia caracterízase por ter un moi bo potencial nos recursos necesarios para liderar a xeración de enerxías renovables, o que se confirma co importante desenvolvemento eólico que tivo a nosa comunidade a principios deste milenio.

Por este motivo, aínda que resulta fundamental seguir promovendo novas instalacións de xeración de enerxía a partir de fontes renovables, tal e como se dispón na Directiva europea 2413/2023 do Parlamento Europeo e do Consello, pola que se modifican directivas anteriores e se derroga a Directiva 652/2015 do Consello, a repotenciación de plantas de enerxía renovable existentes ten un potencial significativo para contribuír á consecución dos obxectivos en materia de enerxías renovables, obxectivos marcados para o 2030, que en Galicia xa cumprimos dende hai unha década, pois ao noso potencial na xeración hidráulica sumouse o feito de ser un territorio pioneiro na instalación de parques eólicos fronte a outras comunidades, co fin de aproveitar os nosos recursos naturais.

Para tal efecto, voules ensinar unha nova dun diario, o *Diario Nós*, (*O señor Lorenzo Gómez amosa unha folla do xornal mencionado.*) un diario non sospeitoso de ser afín ao Goberno galego, que di o seguinte: «As emisións de CO₂ derivadas de xeración eléctrica en mínimos históricos. O 83,2 por cento da electricidade da Galiza xa se produce a partir das enerxías renovábeis» —desculpen, estou lendo textualmente—. Digo eu que algo terá que ver nestes datos o Goberno do Partido Popular, que leva gobernando máis de quince anos en Galicia. (*Aplausos.*)



Señorías, o seu discurso catastrofista xa hai tempo que non se sostén. Concretamente, falaba da actualización da Directiva europea, que di o seguinte: «Además de la instalación de nuevas plantas de energía renovable, la repotenciación de plantas de energía renovable existentes tiene un potencial significativo para contribuir a la consecución de los objetivos en materia de energías renovables».

«Dado que las plantas de energía renovable existentes, por lo general, se han instalado en emplazamientos con un importante potencial de fuentes de energía renovable, la repotenciación puede garantizar el uso continuado de esos emplazamientos, reduciendo, al mismo tiempo, la necesidad de designar nuevos emplazamientos para proyectos de energía renovable».

«La repotenciación incluye beneficios adicionales, como la conexión a la red existente, un grado de aceptación pública probablemente más elevado y el conocimiento del impacto ambiental» — textualmente díó así a Directiva europea—.

Pois ben, como toda tecnoloxía, a evolución é unha constante, ao que se lle suma o feito de que asemade as instalacións teñen unha vida útil determinada. E para aproveitar ao máximo o noso recurso, co máximo respecto polo medio, cómpre apostar pola eficiencia, e isto supón afrontar os retos tomando decisións. En definitiva, gobernar con sentidiño pero con determinación.

Precisamente por isto, o feito de ser un territorio pioneiro na instalación de parques eólicos motivou un importante desenvolvemento do sector en Galicia nun primeiro momento, pero esta situación tamén supón que, no día de hoxe, as zonas con mellor recurso eólico xa estean ocupadas, que estas zonas teñan parques antigos que non resulten os máis eficientes no día de hoxe e que moitos parques estean xa próximos á fin da súa vida útil.

¿Como imos afrontar este reto os galegos e as galegas? Pois ímolo facer dun xeito ordenado e sen improvisacións, establecendo unha obriga de repotenciar os parques eólicos cunha antigüidade superior aos vinte e cinco anos, excepto aqueles proxectos nos que na súa autorización se fixase unha vida útil superior para os aeroxeradores. En todo caso, nunca superará os trinta anos.

Darase un prazo de dezaoto meses para comezar a tramitación dende que chega a esa antigüidade. Estimando que a tramitación pode demorarse entre dezaoto e vinte e catro meses, e que non se exixirá que o parque se repotencie ata que a autorización sexa firme, pode considerarse que os parques deberán ser materialmente repotenciados cando acaden unha antigüidade aproximada entre os vinte e oito e os vinte e nove anos.

Para garantir a seguridade xurídica, a autorización inicial permanecerá vixente ata que a nova autorización para a repotenciación adquira firmeza, evitando así a inseguridade que poida supor unha posible paralización cando se iniciou o desmantelamento. Así mesmo, as autorizacións de repotenciacións incorporarán os prazos máximos nos que a obra debe iniciarse ou finalizarse; en xeral, serán dezaoto meses para iniciar a obra e dezaoto meses adicionais para finalizala. Garántese a viabilidade técnica ou económica da actuación, xa que excepcionalmente, de ser necesario, o promotor poderá solicitar de forma xustificada uns prazos superiores de inicio ou de execución das obras; xustificación que será analizada pola Administración autonómica. E, con carácter xeral, a obriga suporá a diminución do número de aeroxeradores por ter unha maior potencia.



Vostedes teñen a oportunidade hoxe, xa que non o fixeron cando se aprobaron, de apoiar estas medidas, que suporán un punto de inflexión na xeración de enerxía eólica da nosa comunidade. Terían moi difícil xustificar o voto en contra do apoio á repotenciación dos parques eólicos máis antigos de Galicia; repotenciacións que teñen por obxecto reducir o seu impacto no territorio e no medio ambiente. Como mínimo, procurárase unha redución á cuarta parte dos aeroxeradores existentes, e isto xerará unha redución do oitenta por cento dos muíños de vento existentes nos vindeiros oito anos. Os parques repotenciados terán que axustarse ao disposto na Lei de promoción dos beneficios sociais, á Lei de recursos de Galicia, co beneficio que isto suporá para os territorios. As repotenciacións aumentarán a produción entre un vinte e un corenta por cento con respecto á produción actual, e se os investimentos anteriores xa foron rendibles, estes serano aínda máis. Os parques xa construídos están na zona de mellor recurso, co que hai parques que repotenciados poderán chegar ás catro mil horas equivalentes de funcionamento, e non temos ningunha zona en España con estes datos.

En resumo —e xa remato, presidenta—, o que propomos dende o punto maioritario da Cámara hoxe é seguir avanzando, seguir avanzando para continuar sendo os referentes en xeración de renovables imprescindibles para avanzar cara a unha Galicia máis verde, se cabe, e sen esquecer ese binomio enerxía-industria, ao que non podemos renunciar e ao que vostedes, Partido Socialista e BNG, xa votaron en contra o pasado venres 17 na Comisión 6ª. Teñen hoxe unha nova oportunidade para apoiar unha iniciativa que lle permitirá a Galicia seguir avanzando para aumentar a seguridade industrial das instalacións, conseguir unha maior produción de enerxía coa mesma potencia instalada grazas ás novas tecnoloxías e reducir significativamente o número de aeroxeradores no territorio. E todo isto no novo marco enerxético definido pola Lei de recursos naturais, totalmente aliñado coas directivas europeas. Sería bo, para rematar o día de hoxe, que deixasen a un lado a súa estratexia de desgaste, de confrontación e do «non» e que se posicionen...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Lorenzo.

O señor LORENZO GÓMEZ: ...coas políticas útiles do Partido Popular.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas.

Ten agora a palabra a representante do Partido Socialista.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidenta.

Boas tardes a todos e a todas.

Quero comezar cunhas reflexións en alto que me embarullaron a cabeza todos estes días. Se pode realmente un presidente da Xunta de Galicia, que debería gobernar para todos os galegos e as galegas, permitir que o seu partido, o Partido Popular —que é o mesmiño que goberna en Madrid—, vote en contra dos intereses dos galegos e das galegas, que lles suban as pensións aos nosos pais, ás nosas nais, ás nosas avoas, o incremento das pensións retri-



butivas, e realmente que lles suban tamén e se manteña o bono da gratuidade para os traballadores e tamén para os estudantes. Nótase ao mellor que o señor Rueda non utiliza moito o transporte público, porque acaba de anunciarse esa renovación dos coches de alta gama; por certo, de combustión. Non dan moi bo exemplo co tema da transición ecolóxica e tamén que crean no cambio climático. Debe ser que ás señorías do PP lles gustan moito os coches de alta gama e que van a moita velocidade, ¿non? *(Aplausos.)*

Ademais, certo é que ese Real decreto lei de escudo social que se vén de blindar hoxe —estaré contento o señor Lorenzo porque colgou no seu Facebook realmente «si á subida das pensións», «si á gratuidade dos bonos de transporte»—, ao que o PP dixo «non», que tamén impacta na industria e tamén impacta na transición ecolóxica, e explícome. Porque o PP terá que explicar tamén aos galegos e ás galegas por que deixa sen axudas a compra ou adquisición de vehículos eléctricos, xa que o Plan Moves III depende tamén dese paquete de medidas. E terá que explicarlle mellor a Stellantis Vigo, que vén de anunciar a plataforma de produción do novo vehículo eléctrico, e aos milleiros de traballadores de Stellantis Vigo por que Rueda non aposta polo vehículo eléctrico. Ou terá que explicarlles tamén por que non podemos deducir no IRPF as obras que fagamos nas nosas vivendas para temas de eficiencia enerxética. E algo importante tamén: ¿por que se deixa sen axudas ás empresas e á industria electrointensiva, como Alcoa? Terá que explicarlle o señor Rueda, ir a Vigo e ir á Mariña e explicarlles por que non apoia a industria e a transición ecolóxica no noso país. *(Aplausos.)*

Señorías, a Política (en maiúsculas) —por iso estamos aquí— implica negociar, transaccionar e chegar a acordos para beneficiar os galegos e as galegas. Entón, evidentemente, nunha monarquía parlamentaria iso está proclamado na Constitución. Iso si, Feijóo non foi presidente do Goberno de España porque non quixo, iso é o que hai. Por iso se explica esa confrontación que se fai por parte desa oposición que temos no Goberno de España.

E logo destas reflexións imos ao que nos ocupa. A pesar de todo o potencial do noso país para desenvolver a enerxía renovable, que é moita, a política enerxética de desenvolvemento eólico, nomeadamente industrial, no noso goberno non é recoñecible no noso país, está sumida nunha inseguridade xurídica sen precedentes. Temos preto de setenta parques eólicos suspendidos polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que é responsabilidade exclusiva do Goberno galego, que leva case dezaseis anos no goberno. É un fracaso estrepitoso de libro. E as socialistas galegas queremos —claro que queremos— que o noso país lidere a reindustrialización sostible da man da transición ecolóxica, pero sempre con criterios de sustentabilidade ambiental; no equilibrio e na medida estará a solución para chegar a un pacto de industria e enerxía. Non nos podemos situar no «non» sempre, nin no «si» correndo a fume de carozo, como fixo o Goberno da Xunta de Galicia.

Este ano foi un escándalo. Evidentemente, batemos un novo risco de abuso desa maioría apisoadora do Partido Popular: modificar o seu propio Proxecto de lei de medidas cunha autoemenda de 128 páxinas que non podemos emendar os grupos da oposición, que, evidentemente, demostra un desprezo absoluto a este Parlamento, que se converteu nun acólito do poder executivo da Xunta de Galicia. Por tanto, a política eólica do Goberno galego con esas trece modificacións que levamos da Lei do sector eólico converteuse hoxe nun Frankenstein insolvente, con incoherencias e ocorrencias sen rigor, con transitoriedades infinitas



que incrementan a inseguridade xurídica no sector. Os feitos: de primeira potencia eólica en España, na cuarta posición actualmente.

¿E cales son esas medidas que se inclúen na Lei de medidas fiscais e administrativas pola que se modifica a Lei do sector eólico? Son medidas impostas todas elas, sen consenso coa veciñanza, sen consenso cos concellos, cos territorios, sen consenso cos grupos ecoloxistas e sen consenso tampouco co sector eólico, como é este o caso das repotenciacións obrigatorias nun curto período de tempo, como a cesión obrigatoria de enerxía ás empresas. Iso si, empresas que Rueda elixa co dedíño máxico. A cambio, para eludir os autos de suspensión do Tribunal Superior de Xustiza, ¿que fago? Pódoche autorizar parques eólicos fóra da planificación do 97.

Deste xeito, é evidente que o PP —como digo— é o máximo responsable de que Galicia non teña unha boa planificación do seu potencial enerxético. É verdade que se anuncia un novo plan sectorial eólico na Lei de medidas, que verá a luz, como dixo a señora Lorenzana, como moi pronto, no 2029. Por certo, que se acaba de anunciar na Plataforma de contratos do sector público a redacción do plan sectorial eólico de Galicia, ese novo plan, por un importe de 700.000 euros. É dicir, pregúntome eu: ¿non haberá empregados públicos na Dirección Xeral de Planificación e Ordenación da Minaría, na Consellería de Medio Ambiente ou no Inega que coordinen e que lideren a elaboración dese novo plan sectorial eólico de Galicia? Externalizar, como sempre fai o Goberno galego.

¿E que fai mentres tanto o Goberno? Pois tira balóns fóra, unha incompetencia absoluta para liderar esa política de transición ecolóxica. Iso si, despois con eses autos de suspensión cautelar, pois evidentemente que non os len, porque moitos están suspendidos por criterios de sustentabilidade ambiental polo Tribunal Superior de Xustiza, ao que, por certo, cuestionan con duros ataques. Iso si, logo convértese o PP en adaiíl da defensa do Estado de dereito. Realmente, evidentemente, cando lles convén, porque é incoherencia, hipocrísia en estado puro. Sinceramente digo: eu penso que non pode ser máis caótica esta situación.

Estamos a favor —digamos— das repotenciacións en abstracto, evidentemente; recóllese na terceira directiva das renovables, pero non como se fai: con improvisación e imposición. De feito, aquí podemos trazar unha diferenza entre o Goberno de España e como fai o Goberno da Xunta de Galicia. No PNIEC, Plan nacional integrado de enerxía e clima estatal, recóllese medidas de repotenciación e acompáñase con axudas públicas dedicadas a proxectos de repotenciación circular eólica e de reciclaxe de PAS. O Goberno galego, mentres, impón sen rigor técnico; de feito, con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia outorgáronse para proxectos de repotenciación axudas por 57,7 millóns de euros en vinte e cinco proxectos de repotenciación.

Por tanto, presentamos esta emenda, que entendo que o Partido Popular vai apoiar, que vai en consonancia coas nosas emendas parciais á Lei de medidas, no sentido de que nas repotenciacións obrigatorias que se impoñen hoxe na Lei de medidas pois o Goberno da Comunidade Autónoma promoverá medidas de fomento e incentivos con cargo a fondos propios e axudas públicas para que inclúan esa substitución de aeroxeradores con capacidade para reciclar todo o seu volume anual destes residuos, e que incluso poden pechar ese círculo da economía...



A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora IGLESIAS REY: ...e reutilizar para empresas galegas.

Por tanto —e xa remato, presidenta—, hai formas diferentes de facer política industrial, hai formas diferentes de apostar ou non apostar pola transición ecolóxica e por un desenvolvemento eólico sostible no noso país. Evidentemente, o Goberno galego non aposta, é como a pita sen cabeza —dicía a miña avoa—. Rexeitamos unha política que vai de bandazo en bandazo, sen rumbo fixo e que suma o sector eólico, a veciñanza e os territorios nunha enorme inseguridade xurídica sen precedentes.

Máis nada pola miña parte. Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra don Xosé Manuel Golpe Acuña.

O señor GOLPE ACUÑA: Grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

Ben, falemos logo de repotenciación con sentidiño e con determinación.

Antes de nada, permítame lembrarlle, señor Lorenzo, permítanme lembrarlles, señorías do Partido Popular, que están vostedes gobernando a Xunta. Son vostedes os que apoian o Goberno deste país. É conveniente lembralo porque escoitando a súa intervención, señor Lourenzo, eu non dou creto. Veñen pedir aquilo ao que a Xunta xa obriga a facer. Fágalle caso á súa compañeira Nicole Grueira, que acaba de dicir hai un momento aquí que non pidan cousas que se estaban facendo. Entón, ¿a que traen esta iniciativa hoxe aquí? E non estamos falando de leis que se tramitasen hai un século, nin moito menos, senón que hai pouco máis dun mes que estaban discutindo aquí os orzamentos e a Lei de medidas fiscais e administrativas. Unha Lei de acompañamento que o Grupo do Partido Popular emendou con nada máis e nada menos que 128 páxinas; boa parte dese contido tiña que ver coa enerxía, e nomeadamente coa eólica. Dedicaron un capítulo enteiro a iniciativas como a creación dun novo plan sectorial eólico, que non imos ver ata dentro de cinco anos, que nace con tanta excepción que xa está morto antes de que vexa a luz; iso si, vai custar 700.000 euriños. Tamén a suspensión de prazos para os proxectos que sofren a intervención xudicial e a tramitación mantendo as garantías económicas, a modificación das distancias de aeroxeradores a núcleos de poboación, xunto coas súas excepcións, como non podía ser doutra maneira, ou a creación de zonas de aceleración eólica.

Nesta mesma Lei de acompañamento engaden a declaración da repotenciación dos parques eólicos como actividade de interese xeral obrigatoria. Eu creo que con isto pouco máis habería que engadir. Xa tiñamos o traballo feito, ¿non? Pero se debullamos unha a unha estas



modificacións lexislativas que vostedes propoñen nesta Lei de acompañamento, atopámonos co mesmo de sempre: un modelo de desenrolo eólico á altura do Partido Popular, da sucursal en Madrid, como dicía o compañeiro Iago Suárez, ao servizo dos intereses dun *lobby*, sen preocuparse nin máis nin menos polos intereses do país. E contrasta este desleixo co papel no que agora se queren arroupar, co papel que agora se queren atribuír como os grandes defensores desta terra.

Asistimos a un paripé, un paripé no que a Xunta se erixe como a gran defensora da repotenciación contra dos intereses da patronal. Paripé que podemos constatar nesas 128 páxinas de emendas, de autoemendas. Páxinas nas que si existe esa exigencia de repotenciación, pero, como acaba de mencionar vostede agora mesmo aquí nesta tribuna, xa non é vinte e cinco anos, senón que podemos chegar aos trinta. Hai dezaioito meses para empezar a construír, logo de que saia a autorización definitiva no *Diario Oficial de Galicia*, pero regalamos seis meses máis, se o pedimos. Hai dezaioito meses para construír, pero regalamos seis meses máis, se o promotor o pide.

Tamén volven flexibilizar de novo os prazos apoiándose no principio de proporcionalidade. E isto é moi curioso. Danlles aos promotores unha baza baseada en que esa repotenciación ten que efectuarse en condicións e prazos que se axusten ao principio de profesionalidade, e sexan económica e tecnicamente viables. É dicir, coa súa debida xustificación un promotor pode non executar unha repotenciación. Obrigan dalgunha maneira ou piden que os promotores utilicen as mellores técnicas dispoñibles para acadar un alto nivel de protección xeral do medio ambiente no seu conxunto, pero —e este é outro pero máis— sempre que o titular do parque eólico poida ter acceso a estas tecnoloxías en condicións razoables. É dicir, deixamos a protección do medio ambiente supeditada a que o promotor acceda a esa tecnoloxía con menos impacto en condicións razoables. ¿Isto que quere dicir? ¿Que son esas condicións razoables para vostedes? ¿Quen determina cales son as mellores tecnoloxías en cada momento?

Este é o verdadeiro compromiso que teñen coa defensa dos intereses das galegas e dos galegos. O que realmente perseguen con todo isto, con toda esta arañeira é aferrollar aínda máis as posibilidades de repotenciación, deixando de lado o beneficio dos intereses medioambientais, da saúde das persoas, a protección da biodiversidade, que unha vez máis fican subordinados aos intereses e ás prioridades derivadas dos beneficios económicos dos *lobbies* enerxéticos. Unha nova volta de porca para limitar aínda máis as actuacións de repotenciación anunciadas.

Seguimos constatando o paripé, e así chegamos á declaración de interese público superior das actuacións de repotenciación de parques eólicos competencia da Xunta. Permítese que se incremente a potencia, sempre e cando se dispoña dun permiso de acceso e conexión á rede e que permita esa conexión. En ningún momento se especifica se ese permiso ten que ser anterior á solicitude de repotenciación ou posterior. Entón, eu teño dúbidas de que isto sexa deliberado ou non, porque podémonos atopar cun símil: a repotenciación persegue a redución de aeroxeradores nos montes, para aproveitar mellor o recurso eólico, pero, por outra banda, se conseguimos un permiso que nos permita evacuar máis potencia, estamos actuando en contrasentido.



E, xa para rematar co conto do paripé, está o tema das distancias entre aeroxeradores; entre aeroxeradores e núcleos rurais, ou núcleo urbano ou urbanizable. En calquera novo proxecto, esta distancia debe ser de cincocentos metros ou cinco veces a cota máxima do aeroxerador. Pero no caso das repotenciacións isto queda exceptuado. Eu creo que xa llo dixen aquí nalgunha outra ocasión: isto é unha discriminación de manual. Discriminan a veciñanza dos parques en repotenciación, que poden ver unha máquina de douscentos metros de altura a menos de cincocentos metros da súa vivenda. E isto é así. E non ditan esta excepción en beneficio desa veciña, dese veciño que vai ter esa afección, non. Isto fano, unha vez máis, para tirar unha alfombra vermella ao *lobby* eléctrico.

Esta é a capa coa que se visten vostedes agora: defensores dos intereses das galegas e galegos, por un lado, e, por outro lado, lexislan en favor do sector, en favor da patronal.

Son vostedes os grandes defensores da industria galega. Pois eu fágolles un reto agora mesmo. Agora que están aí co téquele, téquele, vaian á páxina da Asociación Empresarial Eólica de España e miren na lista dos promotores eólicos, ¿cantos galegos hai? Miren na lista dos tecnólogos a ver cantos teñen fábricas en Galiza. Non perdan tempo, xa llelo digo eu: cero. Esa é a verdadeira defensa que fan vostedes do tecido industrial galego. Tecido industrial eólico que acaba de perder máis de seiscentos empregos nos cinco últimos anos. Esa é verdadeira realidade da súa lexislación. Ese é o modelo da enerxía eólica que persegue o Partido Popular de Galiza.

Presentamos unha emenda, presentamos unha emenda construtiva, porque nós si cremos que a potenciación é unha oportunidade para seguir gozando da enerxía eólica en mellores condicións, sen máis afeccións ambientais. Agardo que a lesen con consideración, agardo que nola acepten e votaremoslle a favor. Do contrario, o que non podemos apoiar é que veñan aquí repetir o mesmo que se dixo hai un mes. Hai un mes dixemos que non e volveremos dicir que non, porque nós estamos ao lado desa veciña, dese veciño que ten a casa a menos de cincocentos metros dun aeroxerador.

Visto todo isto, señor Lourenzo, ¿vostede cre agora mesmo que era necesario traer esta iniciativa a debate hoxe aquí? Eu xa llo dixen ao principio da intervención: vostedes están gobernando a Xunta, vostedes estallle pedindo á Xunta que faga aquilo ao que se comprometeu facer, e non entendemos esta liña de actuación parlamentaria. Pero permítanme que lles dea un consello, permítanme que os aconselle nesta liña: sigan neste camiño, abunden neste tipo de iniciativas, pero diversifiquen, collan outros sectores, non só o da enerxía. Así, poderán pedir á Xunta de Galiza, por exemplo, que cubra as prazas de Pediatría que faltan nos centros de saúde, que cumpra coas *ratio* de alumnos no ensino ou cos prazos da Lei de dependencia.

Tampouco lles estou pedindo moito máis. Abonda con que voten vostedes a favor das iniciativas que a este Parlamento trae o Bloque Nacionalista Galego.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.



Quenda do Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea. (*O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.*)

Renuncia á súa intervención.

Pecha entón o autor da proposición non de lei, o señor Lorenzo.

O señor LORENZO GÓMEZ: Grazas.

Señora Iglesias, «si» a bonificar o transporte público, «si» a apoiar a Valencia e «si» a subir as pensións. (*Aplausos.*) Tíñano feito, pero prefiren seguir facendo cesións a Junts per Catalunya; prefiren seguir facendo cesións a aceptar os votos do partido que gañou as eleccións en xullo do ano 2023, do Partido Popular. (*Aplausos.*)

Señora Iglesias, e das repotenciacións ¿que? Logo somos nós os que falamos de Madrid.

E, sinceramente, non me deixa de abraiarse que vostede, precisamente vostede, fale de faltas de respecto ao Parlamento, de imposicións, de diálogo e de consenso. ¿Téñolle que lembrar eu a vostede que era o número un do Partido Socialista de Galicia na provincia da Coruña? Todo un exemplo de respecto a un Parlamento, de imposicións, de diálogo e de consenso. Si, señora, todo un respecto.

Señor Golpe, nós traemos aquí esta iniciativa precisamente para darlles a oportunidade de posicionarse ante unha medida positiva para Galicia. Evidentemente, o partido maioritario da Cámara xa a apoiou apoiando a Lei de medidas. Vostedes non, teñen unha oportunidade aquí. Nós si lles damos a oportunidade de votar as cousas que importan e as cousas que son moi positivas para Galicia por separado. Non facemos coma outros, que meten un «trágala» si ou si. Iso si, ímolo chamar o «Decreto lei do escudo social»; o escudo social para certos partidos que saen bastante beneficiados.

Mire, señor Golpe: menudo volantazo, ¡¿eh?!, menudo volantazo. Por un momento antes de rematar o ano parecía que o Bloque Nacionalista Galego estaba bastante preocupado polos promotores dos parques eólicos, pero non deixou de ser un espellismo. Iso ou é que alguén lle dou un toque a vostede con ese discurso. Todo pode ser tratándose do Bloque Nacionalista Galego.

Voume posicionar sobre as emendas. Non lles imos aceptar ningunha das emendas. Eu síntoo.

En canto á emenda do BNG, vostedes parten da base de que o Goberno do Partido Popular goberna con mala fe, e así é imposible chegar a acordos. Na avaliación ambiental xa se van revisar as cuestións que vostedes presentan, tendo en conta a redución considerable do número de aeroxeradores. E como vostedes plantexan modificar as condicións exixibles, iso suporía un prexuízo para os promotores enerxéticos e podería supoñer unha impugnación por supor unha modificación das condicións con carácter retroactivo. Polo tanto, non podemos aceptar isto.



En canto á emenda do Partido Socialista, vostedes xa presentaron esta emenda no Proxecto de lei de acompañamento e xa llela votamos en contra. Polo tanto, por coherencia non poderíamos aceptala. De todos os xeitos, é curioso que os socialistas, que por un lado imponen impostos ás eléctricas, estean pedindo agora que se lles tramiten axudas para os promotores dos parques eólicos.

Teñen vostedes unha oportunidade de apoiar unha iniciativa...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Lorenzo.

O señor LORENZO GÓMEZ: ...que é boa para Galicia, boa para protexer o noso territorio e boa para seguir sendo referente en enerxías renovables. Vostedes verán. Evidentemente, o grupo maioritario da Cámara vai apoiar esta iniciativa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Rematado o debate desta proposición non de lei, suspéndese a sesión, que será reanudada mañá ás dez da mañá.


Suspéndese a sesión ás sete e doce minutos do serán.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abalde Alonso, Julio Ernesto	S	39. Mouzo Mas, Paula	P
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P	40. Ojea Bouzo, Armando	M
3. Arias Rodríguez, Raquel	P	41. Pazos Couñago, José Alberto	P
4. Baladrón Lamas, Víctor Manuel	P	42. Pérez Fernández, Rosana	BNG
5. Bará Torres, Xosé Luís	BNG	43. Pérez López, José Daniel	BNG
6. Barreiro Sánchez, Enrique	P	44. Pérez López, Noelia	P
7. Calvo Pouso, Diego	P	45. Pomar Tojo, Carmen María	P
8. Campero Dorado, Cristina	P	46. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG
9. Candia López, María Elena	P	47. Prado Cores, María Montserrat	BNG
10. Carreira Pazos, Iria	BNG	48. Prado del Río, Paula	P
11. Casares Gándara, Juan Manuel	P	49. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG
12. Castro García, Daniel	BNG	50. Prieto Perille, Pablo Javier	P
13. Castro Rey, Paloma	S	51. Queixas Zas, Mercedes	BNG
14. Deza Martínez, María	P	52. Ríos Santomé, Paulo	BNG
15. Espinosa Mangana, María Elena	S	53. Rodil Fernández, Olalla	BNG
16. Fernández Alfonso, Ramón Tomás	BNG	54. Rodríguez Carrera, María Felisa	P
17. Fernández Davila, María Cristina	BNG	55. Rodríguez Conde, Ángel	P
18. Fernández Fernández, Secundino	BNG	56. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	S
19. Fernández Gómez, Alexandra	BNG	57. Rodríguez González, Román	P
20. Fernández González, Ariadna	BNG	58. Rodríguez Martínez, Roberto	P
21. Fernández Rosende, Jesús María	P	59. Ruanova Vilas-Boas, Brais	BNG
22. Ferro Iglesias, José Luis	P	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	P
23. Fidalgo Iglesias, Miguel	P	61. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P
24. García Comesaña, Julio	P	62. Santamaría González, Raúl	P
25. García González, Patricia	P	63. Santos Costa, Manuel	P
26. Golpe Acuña, José Manuel	BNG	64. Sanz Arias, Cristina	P
27. Gómez Besteiro, José Ramón	S	65. Suárez Fernández, Iago	BNG
28. González Iglesias, Carmela	BNG	66. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	BNG
29. Grueira Fernández, Nicole	P	67. Taibo Corsanego, Iria	BNG
30. Hermelo Piñeiro, María Dolores	P	68. Trenor López, Gonzalo	P
31. Iglesias Rey, Patricia	S	69. Valcárcel Armesto, Montserrat	BNG
32. Insua Lema, Óscar	BNG	70. Varela Fernández, Katherinie	P
33. Longueira Castro, Silvia	S	71. Vázquez Mourelle, Ethel María	P
34. López Font, Carlos	S	72. Vázquez Suárez, Cecilia	P
35. Lorenzo Gómez, Rubén	P	73. Vereza Fraiz, Borja	P
36. Marnotes Fernández, Argimiro	P	74. Vidal Lamas, Sonia	BNG
37. Mato Díaz, José Manuel	P	75. Viso Diéguez, Miguel Ángel	P
38. Méndez López, Lara	S		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

